



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 85

IX lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 12 de novembro de 2014

Presidencia da Excm. Sra. D^a Pilar Rojo Noguera

ORDE DO DÍA

(Continuación.)

Punto 5. Proposicións non de lei en Pleno

5.2 25253 (09/PNP-001810)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
García García, Pablo, e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia ante o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para modificar o decreto que desenvolve o 'paquete lácteo' e harmonizar un plan para a xestión dos últimos meses de vixencia do sistema de cota láctea

Publicación da iniciativa, BOPG n° 324, do 11.08.2014

5.8 29264 (09/PNP-002114)

Grupo Parlamentario Mixto
Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa implantación de plans de ensino coeducativo nos centros escolares

Publicación da iniciativa, BOPG n° 365, do 30.10.2014

5.9 29381 (09/PNP-002128)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodas Chapela, Daniel, e Prado Cores, María Montserrat
Sobre a demanda polo Goberno galego a RTVE de reposición das emisións en onda curta de Radio Exterior de España

Publicación da iniciativa, BOPG n° 365, do 30.10.2014

Punto 6. Interpelacións

6.1 27556 (09/INT-001019)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Soneira Tajés, María Soledad, e dous deputados/as máis
Sobre o coñecemento e actuación da Xunta de Galicia en relación con feitos obxecto de investigación xudicial

Publicación da iniciativa, BOPG nº 349, do 01.10.2014

6.2 27717 (09/INT-001031)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre a política do Goberno galego en relación coas débedas das comunidades de montes con consorcio e/ou convenio

Publicación da iniciativa, BOPG nº 353, do 09.10.2014

6.3 28288 (09/INT-001048)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Vázquez Díaz, Ramón, e Ron Fernández, José Javier

Sobre a política do Goberno galego en relación coa pobreza infantil

Publicación da iniciativa, BOPG nº 357, do 15.10.2014

Punto 7. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

7.1 29685 (09/POPX-000099)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis

Sobre as eventuais vantaxes que poidan derivarse da proximidade persoal ao Sr. presidente da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 369, do 06.11.2014

7.2 29692 (09/POPX-000100)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre a asunción de responsabilidades na xestión dos cursos de formación

Publicación da iniciativa, BOPG nº 369, do 06.11.2014

7.3 29702 (09/POPX-000101)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda

Sobre a resposta prevista pola Xunta de Galicia á presunta rede de corrupción político-empresarial

Publicación da iniciativa, BOPG nº 369, do 06.11.2014

Punto 8. Preguntas ao Goberno

8.1 28679 (09/POP-002657)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patriciae de dous deputados/as máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do cumprimento do acordo parlamentario adoptado na VIII lexislatura en relación co asentamento de Ence na ría de Pontevedra

Publicación da iniciativa, BOPG nº 360, do 23.10.2014

8.2 29387 (09/POP-002664)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre o cumprimento da lexislación vixente en materia de contratos do sector público na execución da autovía da Costa da Morte

Publicación da iniciativa, BOPG nº 365, do 30.10.2014

8.3 28420 (09/POP-002593)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín, e tres deputados/as máis

Sobre a opinión do Goberno galego en relación coa viabilidade económica da Fábrica de Armas da Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 360, do 23.10.2014

8.4 29701 (09/PUP-000149)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Beiras Torrado, Xosé Manuel, e sete deputados/as máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para evitar a privatización dos estaleiros públicos da ría de Ferrol

Publicación da iniciativa, BOPG nº 369, do 06.11.2014

8.5 25244 (09/POP-002257)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Baamonde Díaz, Agustín, e sete deputados/as máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do desenvolvemento da *World Music Expo 2014* en Santiago de Compostela

Publicación da iniciativa, BOPG nº 325, do 12.08.2014

8.6 27507 (09/POP-002504)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Solla Fernández, Eva, e Fajardo Recouso, Juan Manuel

Sobre a ampliación do Hospital Comarcal do Salnés

Publicación da iniciativa, BOPG nº 349, do 01.10.2014

8.7 29699 (09/PUP-000148)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Martínez-Sierra López, Vidal, e oito deputados/as máis

Sobre as medidas que está a desenvolver o Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario referido á atención aos

pacientes oncolóxicos da Mariña lucense no Hospital da Costa,
en Burela

Publicación da iniciativa, BOPG nº 369, do 06.11.2014

8.8 28385 (09/POP-002588)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación
coa situación de desprotección en que se atopan as persoas dis-
capacitadas do Centro San Francisco, de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 357, do 15.10.2014

Retómase a sesión ás nove e cincuenta e sete minutos da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Luis Méndez Romeu, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as eventuais vantaxes que poidan derivarse da proximidade persoal ao Sr. presidente da Xunta de Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Méndez Romeu (S)*. (Páx. 9.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 9.)

Réplica do autor: *Sr. Méndez Romeu (S)*. (Páx. 10.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 11.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a asunción de responsabilidades na xestión dos cursos de formación. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Jorquera Caselas (BNG)*. (Páx. 12.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 13.)

Réplica do autor: *Sr. Jorquera Caselas (BNG)*. (Páx. 14.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 14.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Yolanda Díaz Pérez, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre a resposta prevista pola Xunta de Galicia á presunta rede de corrupción político-empresarial. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Díaz Pérez (AGE)*. (Páx. 16.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 17.)

Réplica da autora: *Sra. Díaz Pérez (AGE)*. (Páx. 18.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 19.)

Proposición non de lei do G.P. Mixto, por iniciativa de D^a Carmen Iglesias Sueiro, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa implantación de plans de ensino coeducativo nos centros escolares. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Iglesias Sueiro (M)*. (Páx. 20.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Adán Villamarín (BNG)* (Páx. 22.), *Sr. Vázquez Díaz (AGE)* (Páx. 23.), *Sr. Docasar Docasar (S)* (Páx. 24.) e *Sra. Piñeiro Martínez (P)*. (Páx. 25.)

Nova intervención da señora Iglesias Sueiro (M). (Páx. 27.)

Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Daniel Rodas Chapela e D^a María Montserrat Prado Cores, sobre a demanda polo Goberno galego a RTVE de reposición das emisións en onda curta de Radio Exterior de España. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Rodas Chapela (BNG).* (Páx. 28.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Sánchez García (AGE)* (Páx. 29.), *Sr. Val Alonso (S)* (Páx. 30.) e *Sr. Balseiro Orol (P).* (Páx. 31.)

Nova intervención do señor Rodas Chapela (BNG). (Páx. 33.)

Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Pablo García García e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia ante o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para modificar o decreto que desenvolve o “paquete lácteo” e harmonizar un plan para a xestión dos últimos meses de vixencia do sistema de cota láctea. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente (Santalices Vieira) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 33.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. García García (S).* (Páx. 35.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Paz Franco (BNG)* (Páx. 37.) e *Sra. García Pacín (P).* (Páx. 39.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Sánchez García (AGE).* (Páx. 40.)

O señor García García (S) intervéñ para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 41.)

Votación das proposicións non de lei

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as xestións que debe realizar a Xunta de Galicia diante do Ministerio de Fomento para o emprego do investimento destinado á ampliación da autoestrada do Atlántico (AP-9) en Vigo para educación e sanidade: *rexeitado por 16 votos a favor, 59 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 42.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Pablo García García e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia ante o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para modificar o decreto que desenvolve o “paquete lácteo” e harmonizar un plan para a xestión dos últimos meses de vixencia do sistema de cota láctea: *rexeitado por 34 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 42.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Raúl Fernández Fernández e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación en que se atopa o sector do transporte de mercadorías por estrada: *rexeitada por 34 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 43.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Román Rodríguez González e sete deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proceso de reforma do mapa de titulacións universitarias: *aprobada por 41 votos a favor, 34 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 43.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María do Carme Adán Villamarín e tres deputados/as máis, sobre as medidas e actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de loita contra a violencia de xénero: *rexeitada por 34 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 43.)

O señor Puy Fraga (P) intervén para ler o texto transaccionado. (Páx. 43.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Pedro Manuel Arias Veira e seis deputados/as máis, sobre a demanda do Goberno galego á Administración Tributaria estatal relativa á consideración do pronunciamento do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia respecto dos pactos sucesorios de mellora e apartación no IRPF: *aprobado por 73 votos a favor, ningún en contra e unha abstención. (Páx. 43.)*

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e D^a María Consuelo Martínez García, sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa Resolución pola que se autoriza o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal correspondente á liña de alta tensión entre O Irixo e Lalín: *rexeitado por 34 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención. (Páx. 44.)*

Votación da Proposición non de lei do G.P. Mixto, por iniciativa de D^a Carmen Iglesias Sueiro, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa implantación de plans de ensino coeducativo nos centros escolares: *rexeitada por 34 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención. (Páx. 44.)*

Votación da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Daniel Rodas Chapela e D^a María Montserrat Prado Cores, sobre a demanda polo Goberno galego a RTVE de reposición das emisións en onda curta de Radio Exterior de España: *aprobada por unanimidade, por 75 votos a favor. (Páx. 44.)*

Interpelación de D^a María Soledad Soneira Tajés e dous deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o coñecemento e a actuación da Xunta de Galicia en relación con feitos obxecto de investigación xudicial. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Soneira Tajés (S). (Páx. 44.)*

Resposta da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela). (Páx. 47.)*

Réplica da autora: *Sra. Soneira Tajés (S). (Páx. 49.)*

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela). (Páx. 50.)*

Interpelación do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Tereixa Paz Franco, sobre a política do Goberno galego en relación coas débedas das comunidades de montes con consorcio e/ou convenio. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Paz Franco (BNG). (Páx. 51.)*

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural e do Mar (Quintana Carballo). (Páx. 53.)*

Réplica da autora: *Sra. Paz Franco (BNG). (Páx. 55.)*

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural e do Mar (Quintana Carballo). (Páx. 56.)*

Interpelación de D. Ramón Vázquez Díaz e D. José Javier Ron Fernández, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre a política do Goberno galego en relación coa pobreza infantil. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Vázquez Díaz (AGE). (Páx. 57.)*

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Traballo e Benestar (Mato Otero). (Páx. 59.)*

Réplica do autor: *Sr. Vázquez Díaz (AGE). (Páx. 61.)*

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Traballo e Benestar (Mato Otero). (Páx. 62.)*

Suspéndese a sesión ás dúas e un minuto da tarde e retómase ás tres e cincuenta e tres minutos.

Pregunta de D^a Patricia Vilán Lorenzo e dous deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego respecto do cumprimento do acordo parlamentario adoptado na VIII lexislatura en relación co asentamento de Ence na ría de Pontevedra. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Vilán Lorenzo (S).* (Páx. 63.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (Vázquez Mourelle).* (Páx. 64.)

Réplica da autora: *Sra. Vilán Lorenzo (S).* (Páx. 65.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (Vázquez Mourelle).* (Páx. 65.)

Pregunta de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o cumprimento da lexislación vixente en materia de contratos do sector público na execución da autovía da Costa da Morte. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 66.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (Vázquez Mourelle).* (Páx. 67.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 67.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (Vázquez Mourelle).* (Páx. 68.)

Pregunta de D. Abel Fermín Losada Álvarez e tres deputados máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a opinión do Goberno galego en relación coa viabilidade económica da Fábrica de Armas da Coruña. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Méndez Romeu (S).* (Páx. 69.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Industria (Conde López).* (Páx. 69.)

Réplica do autor: *Sr. Méndez Romeu (S).* (Páx. 70.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Industria (Conde López).* (Páx. 70.)

Pregunta de D. Xosé Manuel Beiras Torrado e sete deputados/as máis, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para evitar a privatización dos estaleiros públicos da ría de Ferrol. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Díaz Pérez (AGE).* (Páx. 71.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Industria (Conde López).* (Páx. 72.)

Réplica da autora: *Sra. Díaz Pérez (AGE).* (Páx. 73.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Industria (Conde López).* (Páx. 73.)

Pregunta de D. Agustín Baamonde Díaz e sete deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego respecto do desenvolvemento da World Music Expo 2014 en Santiago de Compostela. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Baamonde Díaz (P).* (Páx. 74.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Vázquez Abad).* (Páx. 74.)

Réplica do autor: *Sr. Baamonde Díaz (P).* (Páx. 75.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Vázquez Abad).* (Páx. 75.)

Pregunta de D^a Eva Solla Fernández e D. Juan Manuel Fajardo Recouso, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre a ampliación do Hospital Comarcal do Salnés. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Solla Fernández (AGE)*. (Páx. 76.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Sanidade (Mosquera Álvarez)*. (Páx. 77.)

Réplica da autora: *Sra. Solla Fernández (AGE)*. (Páx. 78.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Sanidade (Mosquera Álvarez)*. (Páx. 78.)

Pregunta de D. Vidal Martínez-Sierra López e oito deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre as medidas que está a desenvolver o Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario referido á atención aos pacientes oncolóxicos da Mariña lucense no Hospital da Costa, en Burela. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Balseiro Orol (P)*. (Páx. 79.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Sanidade (Mosquera Álvarez)*. (Páx. 79.)

Réplica do autor: *Sr. Balseiro Orol (P)*. (Páx. 80.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Sanidade (Mosquera Álvarez)*. (Páx. 81.)

Pregunta de D^a María do Carmen Adán Villamarín, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa situación de desprotección en que se atopan as persoas discapacitadas do Centro San Francisco, de Vigo. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Adán Villamarín (BNG)*. (Páx. 81.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Traballo e Benestar (Mato Otero)*. (Páx. 82.)

Réplica da autora: *Sra. Adán Villamarín (BNG)*. (Páx. 83.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Traballo e Benestar (Mato Otero)*. (Páx. 83.)

Remata a sesión ás cinco e vinte e tres minutos da tarde.

Retómase a sesión ás nove e cincuenta e sete minutos da mañá.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Bos días, señorías.

Por favor, vaian ocupando os seus escanos.

(Pausa.)

Reiniciamos a sesión co punto 7, de preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Luis Méndez Romeu, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as eventuais vantaxes que poidan derivarse da proximidade persoal ao Sr. presidente da Xunta de Galicia

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra, señor Méndez Romeu, para formular a súa pregunta.

O señor MÉNDEZ ROMEU: Señor presidente, onte vostede vetouse a si mesmo; negouse a comparecer na Cámara para ofrecer explicacións sobre a denominada operación Zeta no que atinxe a Xunta. Seis anos negándose a comparecer, seis anos negándose a que se coñeza documentalmente o que está nos medios, nos sumarios e na rúa.

Vostede prohíbe que o Parlamento reciba información sobre numerosos asuntos; entre eles, a metade dos que solicita este grupo, entre eles, os que causan alarma social. En consecuencia, ¿os cidadáns teñen que dar por certo o que se publica e non se desmente? Tramas de intereses e canles de financiamento irregular do seu partido, empresas que financian o seu partido mentres reciben contratos públicos. ¿Todo iso teñen que dalo os cidadáns como correcto posto que non é desmentido?

Leo nos sumarios da operación Zeta que o PP tería creado organizacións empresariais e veciñais para recibir subvencións e estender a súa influencia; que empresas dirixidas por membros do seu partido teñen defraudado 20 millóns de euros; que un abreportas, amigo persoal seu, actuaría como intermediario entre defraudadores, dirixentes do PP e administracións públicas, un comisionista a 3.000 euros mensuais

a quen recibe na residencia oficial e con quen comparte momentos de ocio. E, ademais, unha empresa á que se lle modifica á medida o prezo dun contrato para que execute en menos da metade e perciba máis do duplo; empresa que aparece como donante no seu partido nos papeis do tesoureiro Bárcenas. E, ademais, empresas nas que ostentan cargos directivos persoas próximas a vostede e a outros dirixentes, que ven multiplicada a súa cifra de negocio coa Xunta.

¿Vostede permite, tolera ou descoñece esas condutas? Pregúntolle e prégoille que medite a súa resposta: ¿o conseguidor actuou nalgún momento no seu nome?, ¿foi intermediario seu?, ¿recibiu algunha información sobre actuacións da Administración que puideran poñer en perigo investigacións xudiciais?, ¿estaba mandado para actuar como conseguidor? Señor Feijóo, son demasiadas dúbidas que se reducen a unha: ¿vostede permite, tolera ou descoñece esas condutas?

Señor presidente, non abonda con rasgarse as vestiduras, é necesario comparecer e ofrecer explicacións, e vostede négase sistematicamente dende hai seis anos a pesar da alarma social incontestable. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Ten a palabra o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, estou comparecendo na Cámara, para min é unha honra; non creo que ningún presidente da Xunta contestara *(Murmurios.)* á oposición tantas veces como este presidente. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* En todo caso, señoría, teño a posibilidade de volver contestarlle a vostede no día de hoxe.

Mire, vostede di que negamos a información á Cámara. Onte propuxemos votar, facilitar á Cámara información de todas as inspeccións que fixemos *(Murmurios.)* nos cursos de formación. A resposta é que non podemos nin sequera pasar esa información, porque a Cámara se negou a que puideramos votar. Ten vostede, señoría, toda a información *(Murmurios.)*, vostede e o seu grupo, á disposición se a queren para algo.

Señoría, sobre a relación do presidente da Xunta coas empresas, iso vén de vello. Antes de tomar posesión xa, na

miña toma de posesión na praza do Obradoiro no ano 2009, apareceu un presidente dunha compañía eléctrica española. A partir de aí nesta Cámara durante varias sesións díxose que o concurso eólico ía ser maioritariamente para esa empresa eléctrica. O resultado do concurso eléctrico foi cero megavatios para esa empresa eléctrica.

Despois nesta mesma Cámara, está no *Diario de Sesións*, (*Murmurios*.) está no *Diario de Sesións*, acusouseme de que íamos entregar as caixas galegas a Caixa Madrid, porque había un destacado militante do Partido Popular á fronte de Caixa Madrid. O resultado foi que fixemos unha fusión en contra do Partido Socialista Obreiro Español.

Vostede mesmo hai unhas semanas, en canto se coñeceu que as caixas anteriores estaban sendo investigadas polo FROB e se detectaran cinco ou seis presuntas irregularidades, dixo que o presidente da Xunta tiña que dar explicacións de por que admitiu irregularidades durante o seu mandato. E resulta, señoría, que cando coñecemos esas presuntas irregularidades todas se produciron cando vostedes estaban no goberno aquí e cando vostedes estaban no goberno en Madrid.

Polo tanto, señoría, sobre ese tipo de falsas insinuacións poucas cousas nos sorprenden.

Señoría, o que está claro é que parece que lles molesta. ¿Que é o que lles molesta?, ¿que investigamos as empresas?, ¿que inspeccionamos as empresas?, ¿que o puxeramos en coñecemento do Ministerio Fiscal? Simplemente, señoría, permítame unha pregunta, que en ningún caso é unha acusación: ¿Como se sentiría vostede se lle dixeran que vostede tiña algunha complicidade con esa empresa polo feito de que o director desa empresa lle concedera a vostede directamente o Premio Coruñés do Ano no ano 2005? (*Murmurios*.) ¿Como se sentiría?, ¿pareceríalle ben, señor Méndez Romeu? Cito a *Voz de Galicia* do 13 de febreiro de 2006, na que está recollendo ese galardón. ¿Pareceríalle ben, señor Méndez Romeu, que alguén o acusase de que durante os anos en que vostede tiña relación con ese dirixente empresarial foi a causa de que vostedes non inspeccionaran ningunha axuda? (*Unha señoría non identificada pronuncia: Non.*) ¿Pareceríalle razoable que eu plantexara que...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...a causa de que lle concederan axudas no goberno en funcións fora que vostede tiña relación directa ou indirecta con ese representante empresarial? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Señoría, nin o fixen nin o vou facer. Creo na honorabilidade, e lamento que vostede, señoría, non acepte nin sequera a honorabilidade dun Goberno que por primeira vez pon á disposición da Fiscalía algo que vostedes agocharon debaixo dun caixón. (*Murmurios*.)

Moitas grazas, señoría. (*Aplausos*.)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Ten a palabra o señor Méndez Romeu.

O señor MÉNDEZ ROMEU: Grazas, señora presidenta.

O problema seu é que nunca quere render contas. Onte foron vostedes os que durante toda unha xornada en catro asuntos distintos se opuxeron a calquera tipo de información ou documentación. É a historia de sempre con vostedes. Aínda estamos agardando por información da súa etapa no Sergas.

Mire, señor Feijóo, voullo dicir con claridade, e créame que me doe ter que falarlle así: cando vostede fala dos cursos de formación en relación co anterior Goberno, como fixo no pasado pleno, directamente mente. E se mente porque a señora conselleira de Traballo lle pasou información errónea ou manipulada, debería destituíla. Pero –insisto– presentou datos falsos. Vostedes fixeron menos información e inspeccionaron menos. E direille algo máis: todas e cada unha das accións de formación desenvoltas polo Goberno anterior, todas e cada unha foron auditadas por servizos internos ou por servizos externos, e consta no *Diario Oficial de Galicia*. Algo que, por certo, non se pode dicir do seu Goberno.

Señor Feijóo, manipuláronlle a información. Quero pensar que vostede tamén actúa de boa fe. E, dende logo, eu estaría moi preocupado se tendo ordenado subvencións a quen xustificaba aparentemente que tiña dereito me enterara de que foran desviadas a financiamento do Partido Popular ou doutro partido calquera.

Señor Feijóo, tamén é falso que vostedes iniciaran unha denuncia. Vostedes sumáronse a ela tres meses máis tarde, e aínda así seguiron outorgando subvencións a esas empresas. Se denunciaban por indicios de delito, ¿por que continuaron financiando?

O que se discute aquí, señor Feijóo, entre outras cousas, é o financiamento ilícito do seu partido, a trama de intereses dun empresario sen escrúpulos, de dirixentes populares e conseguidores, e vostede aínda non contestou.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor MÉNDEZ ROMEU: Pregúntolle de novo polo seguidor: ¿Era recibido en Monte Pío, que non é unha residencia privada, senón oficial? ¿Coñecía vostede que estaba a soldo da trama de desviación de fondos públicos? ¿Era coñecedor de que actuaba como mediador con representantes selectos? ¿Cal era a súa lexitimidade?

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor MÉNDEZ ROMEU: ¿Recorreu vostede a el como intermediario nalgunha ocasión e, de ser así, baixo que condicións? (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Ten a palabra o señor presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Méndez Romeu, sen acritude, a Comisión de Caixas é nesta lexislatura (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) porque nós estamos a favor. A parada, señoría, ¿a que se refire?, ¿a que se refire, señoría? (*Murmurios.*) A Comisión de transparencia, que vostedes queren parar, ten vostede documentos deste Goberno e deste grupo parlamentario, a ver se os analizan e os impulsan. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA: ¡Silencio, por favor!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, ata en sete ocasións –onte concretáboo o portavoz– pedimos comisións de investigación... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA: Señora Gallego.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...na anterior lexislatura, pero non un grupo calquera, senón o grupo que tiña a maioría absoluta da Cámara menos un deputado, a todas dúxosenos que non, a todas. Vostede era o número –non sabemos– dous, tres do Goberno. (*Murmurios.*)

Señoría, levo moito tempo traballando na administración pública, xestionando organismos con presupostos naquel momento superiores aos de toda a Comunidade Autónoma. Nunca tiven un mediador nin o terei na miña vida. Nunca aceptarei que ninguén fale no meu nome en ningún sitio, e se o fala, fala a título persoal, e en ningún caso respaldado nin por min nin por ninguén do Goberno. E se alguén o fixera, ese non formaría parte do Goberno. (*Aplausos.*) Señoría, ese é o meu compromiso persoal e ese é o meu compromiso ético coa política. (*Aplausos.*)

Señorías, o que vostedes se negan a aceptar é a realidade dos feitos, non os comentarios de persoas que están sendo investigadas, non, (*Murmurios.*) a realidade dos feitos.

Señoría, ¿vostede coñece a Pastor Fuenteseca? Foi director xeral con vostedes no Goberno. “*Pastor ya está informado de todo esto y me encuentro muy a gusto con él*”. Señor Crespo a un membro do Goberno, señor Ricardo Varela. (*Unha señoría non identificada pronuncia: Non, non.*) (*Murmurios.*) “*El año pasado yo tuve 140.000 euros, si se puede mejorar para mi grupo sería un respiro*”. Outra carta do señor Crespo ao señor Ricardo Varela. E a última, señoría: “*Me siento huérfano tras el resultado del 1 de marzo del 2009, donde ustedes perdieron las elecciones. Estoy en vuestras manos. Le pido que me autorice...*” (*Murmurios.*) (*Protestas.*) “*...todas las subvenciones que he solicitado*”.

A señora PRESIDENTA: Señora Gallego, ten unha chamada á orde.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Resumo, e isto está no sumario: durante o goberno en funcións, (*Murmurios.*) o Goberno bipartito en funcións deulle un 50 % máis de subvencións que nos anos anteriores. (*Unha señoría non identificada pronuncia: ¡Como mínimo!*) Señoría, este Goberno en funcións non dá ningunha

subvención a ningunha empresa. E comprométome, e así quedará nunha lei en Galicia, que os gobernos en funcións non adxudicarán subvencións nin contratos.

Pero por concretar, señoría, hai unha cousa que vostede debería de recibir ou de aceptar: vostede mesmo recibiu un premio dese señor, ¿vostede está baixo sospeita? Na miña opinión non...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, señor presidente por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): O señor Crespo ía a mitins do Partido Socialista Obreiro Español. *(Interrupcións.) (Murmurios.)* As empresas do señor Crespo recibiron subvencións millonarias durante o seu Goberno en funcións. Señoría, ¿inspeccionaron vostedes as empresas do señor Crespo mentres lle daba premios a vostede? A resposta é que non.... *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA: Remate por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Esta Xunta, si. ¿Denunciaron vostedes estas empresas...

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

Remate presidente, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...mentres lles daban diñeiro do Goberno en funcións? A resposta é que non. Esta Xunta, si. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Por certo, señoría, ¿personáronse vostedes... *(Interrupcións.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: ¡Señora Gallego!, segunda chamada á orde.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...no xuízo por múltiples causas contra un empresario de Lugo, que parece ser que coñece a moitos dirixentes do seu partido?

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor presidente.

A señora PRESIDENTA: Vostedes non, este Goberno si.

Moitas grazas, señoría. *(Aplausos.)*

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a asunción de responsabilidades na xestión dos cursos de formación

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra o señor Jorquera para formular a súa pregunta.

O señor JORQUERA CASELAS: Grazas, señora presidenta.

Señor Pablo Iglesias, vai..., ¡ah!, perdón, señor Feijóo, confundínme, ¿vai seguir sen asumir responsabilidades polo escándalo dos cursos de formación?

Mire, non sei se sabe que unha das funcións deste Parlamento é o control do Executivo, por moito que vostede todas as semanas queira facer unha reinterpretación imaxinativa do Regulamento e ser vostede quen pregunta.

E resulta que na Consellería de Traballo xa son cinco os cargos dimitidos, cesados ou apartados do seu cargo, e este Parlamento aínda non coñece ningunha explicación. ¿Niso consiste a transparencia que vostede tanto invoca? A conselleira empezou dicindo que o señor Martiñá dimitiu por razóns persoais, agora xa admite que estes ceses están relacionados con este escándalo, pero seguen vostedes sen render contas a este Parlamento.

Mais a responsabilidade, señor Feijóo, non se esgota na señora Mato, tamén o atinxe a vostede directamente. Mire, xa lle teño dito moitas veces que vostede ten unha dupla responsabilidade:

En primeiro lugar, ten unha responsabilidade como presidente do Partido Popular de Galicia, señor Feijóo, porque o señor Gerardo Crespo era e, se non me confundo, é militante do seu partido. A antiga contable do señor Crespo declarou que tivo que preparar dous sobres da caixa B desa trama para facer pagos en negro ao Partido Popular de Galicia que vostede preside, señor Feijóo. O sumario revela relacións privilexiadas deste señor con altos dirixentes do seu

partido, señor Feijóo, co alcalde da Coruña, por exemplo, que, se non me confundo, é do Partido Popular. O sumario revela que Gerardo Crespo intermediaba na organización da súa axenda, que recorría sistematicamente a el para conseguir adxudicacións e que mesmo pactou co señor Negreira a resposta ás acusacións do alcalde de Oleiros: *“Me siento amparado y muy feliz del alcalde amigo que tengo”*, dille Crespo nun SMS. Desde logo, é emocionante o profundo sentido de amizade que teñen vostedes.

Pero ademais, e en segundo lugar, vostede é presidente da Xunta de Galiza, señor Feijóo. E o sumario non compromete só á Consellería de Traballo, tamén ao Instituto Galego de Consumo, tamén ao propio conselleiro de Industria do seu primeiro Goberno. *“Cuando salgan las ayudas, presentados y me llamas, tendréis nuestro apoyo. Esto no se puede publicar”*. Segundo Crespo isto foi o que lle dixo o señor Xavier Guerra. Pero, ademais, as declaracións do señor Crespo comprométeno directamente a vostede, señor Feijóo.

Todo indica que estamos ante unha trama...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor JORQUERA CASELAS: ...coñecida e consentida, con complicidades ao máis alto nivel, e ao máis alto nivel é vostede, señor Feijóo. Por iso volvo preguntarlle: ¿vai seguir sen asumir responsabilidades polo escándalo dos cursos de formación?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, dáme a sensación de que lles causariamos un gravísimo desgusto a algúns compañeiros desas filas se nós intentáramos fichar o señor Iglesias. Non se preocupe, señoría, o señor Iglesias está sendo intentado fichar por outros compañeiros das filas que vostedes comparten. Nós intentamos humildemente solicitar a confianza dos galegos, e certamente que a obtivemos, e todo parece indicar que a seguimos obtendo.

Señor Jorquera, no pasado pleno faciliteille todas as actuacións que desenvolveu a Xunta de Galicia dende que

descubriu, non por denuncias desa empresa, senón por actividades propias da Xunta de Galicia, que quen denunciou foron os traballadores doutra empresa, non desta. E por iso sorpréndeme que o señor Méndez Romeu non teña un mínimo de rigor para poder trasladarlles aos galegos o que facemos entre todos. Digo que inmediatamente inspeccionamos vinte e seis entidades e puxemos á disposición do Ministerio Fiscal cinco. Insiste vostede en buscar segundas e terceiras derivadas, en facer lecturas parciais e interesadas e, sobre todo, nunha cousa sorprendente: en darlle valor á persoa que está máis investigada. Alá vostede, señoría; alá vostede e as súas fontes. (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*)

O resumo principal, que son os feitos, é que esta Xunta de Galicia inspeccionou, que esta Xunta de Galicia investigou, que esta Xunta de Galicia o puxo en coñecemento do Ministerio Fiscal e que foi esta Xunta de Galicia a que se personou na causa, porque estamos personados, para defendermos os intereses dos galegos.

Señoría, o certo e verdade é que nós non imos valorar a estratexia dos deputados, nin a súa defensa. Iso será responsabilidade dos imputados e da súa defensa. ¿Supoño que o BNG non estará na defensa dos imputados? Dende logo, nós non, estamos como parte acusadora; por iso nos personamos.

Señoría, nós estamos asumindo as nosas responsabilidades, todas, e non teño ningún inconveniente en dicir que hai un alto cargo da Consellería de Traballo que, evidentemente, cando tivemos coñecemento de que percibira retribucións durante o Goberno bipartito e durante o noso Goberno, estea ou non estea dentro da Lei de incompatibilidades, o lóxico era que se fora, e foise, inmediatamente. Imos deixar que esta persoa poida defender a súa honorabilidade nos xulgados, do que fixo cando vostedes estaban no Goberno e do que fixo cando nós estábamos no Goberno.

Por iso, señoría, asumimos a nosa responsabilidade e transparencia total.

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ¿Puxemos as irregularidades en coñecemento da Administración de xustiza? Si.

Onte –vólvo reiterar– estabamos dispostos a facilitar-lles toda a información que queiran, e vólvollelo reiterar: toda a que vostedes queiran. (*Murmurios.*)

Señoría, e hai outra cousa que fixemos: recuperar 6,6 millóns de euros...,

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...máis de mil millóns das antigas pesetas, deste tipo de entidades que inspeccionamos e que consideramos que non cumprían os requisitos. Señoría, ¿vostede está de acordo en que se inspeccionen todas as entidades e que todas deban dar transparencia, e, por suposto, non insultar o Consello de Contas?, ¿a que si?

A señora PRESIDENTA: Presidente, remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Por iso, señoría, non insultemos nin a Xunta de Galicia, que inspecciona, nin o Consello de Contas, que fiscaliza, porque se insultamos o Consello de Contas, que fiscaliza, hai dúas varas de medir.

Moitas grazas, señor. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Réplica do señor Jorquera Caselas.

O señor JORQUERA CASELAS: Mire, o Goberno galego pode remitir toda a información de que dispoña a esta Cámara, está na súa obriga, non se escude vostede en pretextos irrisorios. E, en segundo lugar, a Xunta personouse na causa cando non lle quedaba máis remedio para lavarse a cara ante o escándalo que se aveciñaba.

Señor Feijóo, mire: “Esta sorprendente concentración de axudas e de entidades dirixidas por un empresario vinculado ao PP contrasta coa drástica redución das concedidas a outras entidades. Todo indica que nos atopamos diante da privatización das actividades de formación en beneficio de persoas e entidades vencelladas ao PP, sen que por parte da Consellería de Traballo se teñan xustificando os motivos desta concesión e en atención, por exemplo, aos resultados e eficacia das accións formativas”. Pregunta do Bloque Nacio-

nalista Galego do 24 de agosto do 2010. Esta é a celeridade con que actuou o seu Goberno.

Pero, sobre todo, señor Feijóo, quixera que me aclarase as súas relacións co señor Lucas; un señor que, ademais de estar en nómina do señor Crespo, fixo campañas para o Partido Popular. Até seis veces tras o último Consello da Xunta vostede se negou a dar unha explicación sobre as súas relacións con este señor.

“Si yo tengo en plantilla a su mejor amigo, que duerme muchas veces en Monte Pío, lo mínimo es avisarme: Tienes pinchado el teléfono”. Isto é o que di o señor Gerardo Crespo de vostede, señor Feijóo. Crespo admitiu que tivo en nómina, pagándolle 3.000 euros ao mes, ao señor De Lucas para que fixese de abreportas. Segundo Crespo, foi vostede quen avisou dos pinchazos ao señor De Lucas. Segundo Crespo, foi Lucas quen avisou ao señor Gerardo Crespo dos pinchazos. ¿A que se refería o señor Crespo cando nunha mensaxe di que vostede vai ser clave? ¿A que se refería o señor Lucas cando nunha mensaxe a Crespo di: *“Comiendo en Beluso, presidente, mar...!...”*

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor, señor Jorquera.

O señor JORQUERA CASELAS: *...Todo bien*”. Por unha vez e sen que sirva de precedente, señor Feijóo, responda, por favor. Responda, porque se non dá vostede explicacións convincentes a este Parlamento e á sociedade galega teremos que exixir a súa dimisión. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Ten a palabra o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, estou acostumado, xa mo exixiu hai quince días, ¿non se acorda? (*Risos.*) Si, si, exixiume que dimitira hai quince días, agora vólvo exixir e dentro dos quince días seguintes supoño que tamén. Agora ben, se a oposición quere seguir falando deste asunto dentro dos seguintes meses, debe ser, señoría, que as cousas en Galicia non van mal. Pero non teño ningún inconveniente, mais ao contrario.

Mire, señor Jorquera, esta semana coñecemos na prensa o ingreso no cárcere dun empresario lucense, que lle piden

vinte e catro anos de cadea. Escoitando a súa agresividade parece que o señor Fernando Blanco é ou foi conselleiro deste Goberno.

Vostede citou ao anterior conselleiro de Industria deste Goberno. Eu sobre o anterior conselleiro de Industria deste Goberno non teño dúbida. ¿Vostede, que é amigo do anterior conselleiro de Industria do seu Goberno, ten dúbidas ou non?, ¿é vostede responsable do que fixo ou non?, ¿reuniuse con el algunha vez, si ou non?, ¿Xantou con el algunha vez, si ou non? Incluso fixeron unha rolda de prensa para dicir que non tiña que dimitir. (*Aplausos.*) Señoría, ¿de que me está falando? ¿De que me está falando exactamente, señoría? (*Aplausos.*)

Mire, señoría,...

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...en toda a historia do BNG o cargo que máis diñeiro manexou foi o antigo conselleiro de Industria do BNG, que está sendo investigado en relación co señor Jorge Dorribo. (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*) En consecuencia, señoría, ¿quere vostede falar en serio dos problemas que ten Galicia ou simplemente quere poñer no ventilador ata a persoas que nin están na Cámara? (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*) Pregunto, señorías; pregunto.

Señorías,...

(*A señora Acuña do Campo pronuncia palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA: ¡Silencio, por favor!

Señora Acuña, ten unha chamada á orde e non ten a palabra.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...dicialles antes que hai organizacións sindicais afíns ao seu partido, onde están mesturados os cargos do BNG e os cargos desa organización sindical, que foron apercibidas polo informe do Consello de Contas, dicindo que non estaban xustificadas axeitadamente determinadas cuestións e que se negaran incluso a dar información. Señoría, ¿vostede cre que eu debería investigar os 16 millóns de euros que o

meu Goberno deu á CIG, si ou non? (*Unha señora deputada respondeu: Si.*) Se vostede estivera no Goberno, ¿pediría unha investigación na CIG, si ou non? (*Un señor deputado respondeu: Non.*)

Mire, señoría, eu creo na honorabilidade da inmensa maioría das organizacións sindicais, na honorabilidade da inmensa maioría dos políticos e da política, e lamento que vostede non estea lexitimado neste caso para falar do conselleiro de Industria anterior do meu Goberno. Eu si o estou para falar do conselleiro de Industria do seu Goberno...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señorías, que quede claro: nunca na miña vida, nin o fixen e se manteño o xuízo non o farei, admitirei ningún tipo de comentario, nin de falar no meu nome diante de ninguén. Se o fala será responsabilidade de quen o fala. Lamentablemente, señoría, pouca máis información lle podo dar porque non teño ningunha máis. Estase vostede referindo a persoas que nin están imputadas nin foron chamadas a declarar. Se se chaman a declarar e se están imputadas, poderemos coñecer máis sobre isto.

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): O que si lle digo, señoría, é que do mesmo xeito que eu non lle pido responsabilidades por ser un compañeiro durante tantos anos do antigo conselleiro de Industria, eu non acepto ningunha responsabilidade sobre persoas que non teñen nada que ver coa miña actuación política e a miña honorabilidade.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Por iso, señor Jorquera, pídlle que non se moleste tanto (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) e que simplemente, señoría, non intente confundir os galegos.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Esta Xunta denunciou a todos, sexan ou non sexan mili-

tantes, ex militantes ou simpatizantes do Partido Popular, a todos; esta Xunta, a todos.

Moitas gazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas. *(O señor Jorquera Caselas pide a palabra.)*

Señor Jorquera, vostede estivo no debate, ¿para que quere a palabra?

O señor JORQUERA CASELAS: Para unha cuestión de orde.

A señora PRESIDENTA: Pero ¿cal é a orde? *(O señor Jorquera Caselas pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

Señor Jorquera, aínda non lle dei a palabra. ¡Non lle dei a palabra, señor Jorquera! *(O señor Jorquera Caselas pronuncia palabras que non se perciben.)*

Non ten a palabra. *(O señor Jorquera Caselas pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

Señor Jorquera, non ten a palabra.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Yolanda Díaz Pérez, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre a resposta prevista pola Xunta de Galicia á presunta rede de corrupción político-empresarial

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra a señora Díaz para formular a súa pregunta.

A señora DÍAZ PÉREZ: Bos días.

Señora presidenta, a verdade, como directora de orquestra vostede non servía, seguramente que non. *(Murmurios.)*

Señor Feijóo... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pero estean tranquilos, deixen falar. *(Protestas.)* Tranquilidade, tranquilidade, ¡home!, que non pasa nada. *(Risos.)* Tranquilidade, ¡home!, tranquilidade...

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor. ¡Silencio, por favor!

A señora DÍAZ PÉREZ: Que siga o tempo, céddolle o tempo ao señor presidente, non teño inconveniente

A señora PRESIDENTA: Agora teno vostede, señora Díaz.

A señora DÍAZ PÉREZ: Si, xa, pero está correndo, señora presidenta. *(Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA: Ben, claro, está falando vostede, eu xa sei o que teño que facer.

A señora DÍAZ PÉREZ: Pero, por favor, ¡home!, compórtese que non sabe nin dirixir unha Cámara. *(Protestas.)* ¡Compórtese, home, compórtese!

A señora PRESIDENTA: ¡Señora Díaz!

¡Señora Díaz!, continúe vostede.

A señora DÍAZ PÉREZ: Señor Feijóo, eu non lle vou falar das súas amizades persoais, entre outras, porque me interesan pouco e porque sería unha falta de respecto; nunca vou invadir a súa esfera persoal, nunca. O único que me interesa das súas relacións ou amizades persoais é a relevancia pública das mesmas. O único que me interesa saber é se ese amigo que vostede tivo que se chamaba Pachi de Lucas influíu nesa trama corrupta dos cursos de formación. Gustaríame saber se esa amizade, que estaba ademais suxeita a un contrato irregular a razón de 3.000 euros ao mes, pois serviu para adxudicar contratos a dedo. Gustaríame saber tamén se esa relación serviu para financiar irregularmente e con carácter presunto o Partido Popular. Gustaríame saber se esa relación serviu para saquear os fondos dos traballadores e traballadoras deste país, deles, señor Feijóo. Gustaríame saber se vostede vai render contas aquí na Cámara ou, unha vez máis, vai ter que ser en sede xudicial, nos nosos tribunais, onde nos enteremos do que pasa respecto das cuestións políticas e responsabilidades políticas dos membros do Goberno da Xunta de Galicia, e fállolle de responsabilidades políticas, señor Feijóo.

Porque, mire, vostede di que está personado. Está personado, efectivamente, pero pode ser que sexa expulsado da acusación como xa foi na causa Gürtel e na causa Bárcenas, por non atender os intereses que tiña. Por tanto, señor Feijóo, ¿vai esclarecer estes feitos en sede parlamentaria ou vai

seguir agochando a realidade deste país? E, por certo, señor Feijóo, ¿está preocupado polo que pasa nesa gran fraude e nesa trama truculenta dos cursos de formación ou dálle exactamente igual? E tamén, señor Feijóo, como me dixon nunha ocasión, ¿cáusalle repugnancia o que está pasando respecto dos cursos de formación ou só lle preocupan en Andalucía?

E tamén, señor Feijóo, se quere que eu me someta a algún tipo da pregunta antes da súa resposta, non teño inconveniente, que se fai falta pónome aí disposta a que vostede me pregunte todo o que queira, porque é o seu estilo, agás respectar esta Cámara.

¿Vai render contas á cidadanía galega, señor Feijóo?

E insisto: impórtame un rábano a súa amizade persoal co señor Pachi Vázquez, (*Risos.*) Pachi Lucas, Lucas. (*Murmurios.*) Perdón, perdón, perdón...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor. Señora Díaz, remate xa.

A señora DÍAZ PÉREZ: O que si, ¿díganos cales son as consecuencias das súas amizades?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Sirva para rebaixar o ton, señoría: eu certamente coñezo dende hai moito tempo ao señor Pachi Vázquez (*Aplausos.*) e, polo tanto, estou convencido de que o señor Pachi Vázquez é unha persoa honorable mentres non se demostre o contrario. Espero que se algunha vez ocorre algo non me imputará esta amizade que teño con el dende hai moitísimo tempo. (*Risos.*) (*Aplausos.*) Supoño, señoría, supoño...

Pero por se ten vostede algunha dúbida, ningunha amizade, nin sequera parentesco, me vai desviar do que teño que facer, ningunha. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ningunha. E cando vostede cita a persoa presuntamente máis responsable desta presunta corruptela, di que como non lle avisaron. ¿Avisar de que? Nós imos seguir cumprindo coas nosas obrigas, e dáme exactamente igual a quen

coñeza unha persoa que non está cumprindo as leis, e dáme exactamente igual quen sexa, e, en consecuencia, señora Díaz, non teña vostede ningunha dúbida de que vou seguir cumprindo as miñas obrigas, porque parar iso me votaron os galegos e as galegas deste país.

Señoría, levamos sobre este asunto un mes ocupado, e reitero que podemos seguir o seguinte mes, non hai problema. Vostedes como sempre xa sei o que pensan. Vostedes pensan que xa hai imputados, xa teñen vostedes os seus propios imputados, probablemente esa persoa tamén, que non está nin chamada a declarar, xa teñen vostedes probados os seus delitos, xa teñen vostedes listo para veredicto a culpabilidade dalgúns e xa teñen vostedes ditada sentenza.

Mire, señoría, ¿eu estou preocupado polos cursos de formación? Sen dúbida, neste país, sen dúbida. Mire o que trae hoxe a prensa: “*Escándalo en la formación*”, relativa ao Tribunal de Contas, onde di que en Galicia o Consello de Contas de Galicia xa puxo determinadas características e determinados razoamentos en cantidades millonarias que se deron durante a anterior lexislatura e a lexislatura na que eu son presidente. Claro que estou preocupado, e por iso inspeccionamos vinte e seis entidades, e por iso sancionamos en cinco delas, e por iso recuperamos máis de 6 millóns de euros, e por iso nos personamos na causa. ¿Como non vou estar preocupado? Por suposto.

Pero dáme a sensación de que vostede está preocupada por outras cousas. Mire, permítame que lle lea a pregunta que non puido ser publicada: ¿Cal vai a ser a resposta exemplarizante da Xunta? Á Fiscalía todos.

Segunda parte, o presunto entramado da corrupción político-empresarial. Agradézolle que fale de presunto por primeira vez, en todo caso a nosa actitude é exemplarizante.

E despois finaliza: “*que salpica ad nauseam a responsables públicos y partidos políticos del bipartismo*”.

Señora Díaz, eu sobre o Partido Socialista Obreiro Español non estou autorizado para contestar...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...o que si é que estou autorizado para recordarlles aos galegos que alí onde teñen vostedes unha posibilidade de gobernar con ese Partido Obreiro Español, que acaban de descualificar nesta pregunta, vostedes gobernan sempre, sempre. Están vostedes gobernando sobre un feixe de irregularidades nos ERE de Andalucía e nos cursos de formación de Andalucía. Pero non é cuestión de un millón nin de dous...,

A señora PRESIDENTA: Remate, presidente, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...estamos falando de que están vostedes gobernando fronte a unha presunta fraude de 700 millóns de euros en Andalucía. Non só gobernan, señoría, vicepresidente ese Goberno.

Polo tanto, de bipartismo, ¿a quen queren enganar? ¿Ou é que agora queren fichar a aqueles que din que os do Partido Socialista tamén son casta? Señoría, se os do Partido Socialista tamén son casta, vostedes levan moito tempo sendo casta.

Moitas grazas, señorías. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Ten a palabra a señora Díaz.

A señora DÍAZ PÉREZ: Señor Feijóo, non vou caer nas súas trampas, pero eu xa sei que vostede non coñece a Max Weber, non sabe o que son as responsabilidades políticas. Supoño que porque descoñece cales son as responsabilidades políticas, por iso cesou a cinco persoas da Consellería de Traballo. Supoño que foi por iso, porque non había responsabilidades políticas, señor Feijóo.

Pero ¿sabe quen son as vítimas do saqueo aos cursos de formación, señor Feijóo?, ¿sabe quen son? É a cidadanía, son os traballadores e as traballadoras. Un saqueo de preto de 20 millóns de euros, señor Feijóo. A vostede moléstalle que traíamos aquí isto outra vez, pero vostede se fora un presidente da Xunta de Galicia como tal, e se non tivera nada que agochar, comparecería *motu proprio* para explicarnos que non ten nada que ver nin vostede nin o seu Goberno nesa

trama de corrupción. Pero non o fai porque ten moito que agochar, señor Feijóo.

E esta interpelación non vai saír nos medios públicos da Radio-Televisión de Galicia; non vai saír porque vostede lles paga moi ben xustamente para ocultalo. Mire, nós non somos quen de coñecer no orzamento público da Xunta de Galicia canto custa o Consello de Administración da Radio-Televisión pública; entendemos que aproximadamente un millón de euros. E non o sabemos porque vostede oculta esa información aos galegos e ás galegas. E oculta que un conselleiro da Administración que está imputado, e ao que vostede lle paga cunha pasta moi elevada, ao redor, dende que leva sendo conselleiro, de nada máis e nada menos que 2 millóns de euros, págalle para carrexar votos na provincia de Lugo...,

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

A señora DÍAZ PÉREZ: ...señor Feijóo.

Señor Feijóo, ¿vai poñer medidas rápidas e efectivas na corrupción, e tamén na corrupción electoral, ou vai seguir agachando aos galegos e ás galegas o pastizal que vostede inviste neses medios públicos que nós defendemos, pero non para facer o que vostede fai, para perverter a comunicación e, sobre todo, –insisto– para carrexar votos de persoas que non teñen capacidade, que están incapacitadas...,

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora DÍAZ PÉREZ: ...que é o *modus operandi* do Partido Popular.

Señor Feijóo, ¿vai tomar medidas ou vai seguir así? ¿Vai seguir con “y tú más”, señor Feijóo? ¿Vai arranxar así os problemas do noso país?

Díganos algo, señor Feijóo, díganos e comprométase a que mañá a esta voceira...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

A señora DÍAZ PÉREZ: ...lle vai entregar cales son as retribucións en directo e en diferido dos membros do Consello de Administración da Radio-Televisión pública. Comprométase aquí a entregalo. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Díaz.

Ten a palabra o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señoría.

Se non é necesario ler a Max Weber, señoría, con ler os xornais é suficiente. *(Pronúncianse palabras que non se perciben)* *(Murmurios.)* ¿Vostede coñece un asesor de Izquierda Unida *(Murmurios.)* que hoxe mesmo está sendo acusado de percibir 155.000 euros?, ¿coñéceco ou non o coñece?

A señora PRESIDENTA: Señor Fajardo.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, polo tanto, cando vostede intenta aquí dar clase, ¿de que?

A señora PRESIDENTA: Señor Fajardo, ten unha chamada á orde.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mire, señoría, nós estamos plantexando facer as correccións e as leis para acreditar a maior transparencia que nunca se tivo na Administración autonómica galega. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¿Vostede está de acordo, señoría, en pactar que os partidos políticos en Galicia non poidan recibir ningunha contía dunha empresa, si ou non? Nós si, está rexistrada na Cámara. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Señoría, ¿vostede está disposta a diminuír as campañas electorais? Nós si.

Señoría, ¿está vostede de acordo en eliminar o aforamento dos deputados deste Parlamento, incluído o seu? Nós si.

Señoría, ¿está vostede de acordo en clarexar o alcance da inviolabilidade parlamentaria, para que aquí non se poidan dicir cousas sobre calquera persoa que non participe nesta Cámara, inxuriala e calumniala, e simplemente dicir: eu son parlamentario e, polo tanto, digo o que me peta? ¿Está vos-

tede de acordo en poñer límites á inviolabilidade parlamentaria? *(Murmurios.)* Eu si.

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, ¿está vostede de acordo en publicar as retribucións dos deputados desta Cámara, en publicar as retribucións de todos os altos cargos, *(Murmurios.)* de todos os asesores? ¿Está de acordo en publicar os currícula dos deputados da Cámara, os currícula dos altos cargos, os currícula dos asesores? *(Murmurios.)* Señoría, ¿está de acordo, polo tanto, en que isto se faga tamén na Administración local e na Administración provincial? *(Murmurios.)* Nós, si. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Como ve, señoría, estamos de acordo en moitas cousas, espero que vostedes concreten algunha delas. *(Murmurios.)*

Mire, señoría, xa sei que vostedes non distinguen entre a división de poderes porque están moi ofuscados na división do seu grupo, *(Murmurios.)* pero o Executivo é aquel que o Parlamento elixe o seu presidente, e este é o seu Executivo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Vostedes sobre o Executivo, señoría, intentárono deslexitimar dende o primeiro instante. *(Murmurios.)* Cando estaba constituíndose este Parlamento, vostedes plantexaron que había que repetir as eleccións, no momento da constitución do Parlamento. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Señoría, ¿vostedes representan e vostedes aceptan a lexitimidade desta Cámara? A esta Cámara vostedes chámana cámara de gas, chámana teatrillo, din que non vale para nada e que por iso non veñen traballar. Pero despois cobran a fin de mes e despois peléxanse entre vostedes a ver o diñeiro que lle corresponde a cada un dos seus deputados escindidos. *(Aplausos.)* ¡Sorprendente, señoría! *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Remate, presidente, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mire, señoría, *(Aplausos.)* eu esperaba que hoxe pedira desculpas.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): E esperaba que hoxe pedira desculpas porque durante cinco meses, de forma inxusta, estivo imputado un alcalde do Partido Popular, o alcalde de Lugo... Perdón, o alcalde de Ferrol. O alcalde de Lugo tamén está imputado, non é do Partido Popular e segue imputado.

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): O alcalde de Ferrol estivo imputado durante cinco meses, e as portadas e as descualificacións que vostede e o seu grupo lle plantexaron ao alcalde de Ferrol están nas hemerotecas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Como se repara todo isto, señoría? Probablemente xa non se poida reparar nunca. ¿Como se podía ter evitado, señoría? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Cun pouco de respecto e de prudencia.

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): E se non hai respecto e prudencia, señoría, non hai política. *(Murmurios.)* Señoría, ¡viva o respecto e a prudencia e viva a política con maiúsculas!

Moitas grazas, señoría. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Vamos coa orde do día, co punto de proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G.P. Mixto, por iniciativa de D^a Carmen Iglesias Sueiro, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa implantación de plans de ensino coeducativo nos centros escolares

A señora PRESIDENTA: A esta proposición non de lei non se presentaron emendas. Para formulala ten a palabra dona Carmen Iglesias.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Bos días. Moitas grazas, señora presidenta.

Moitas grazas á bancada do PP que permanece a escoitar esta proposición non de lei. *(Murmurios.) (Aplausos.)*

Bueno, a coeducación. Para combater a violencia e levar a cabo políticas de igualdade hai que empezar na escola descargando o alumnado da mochila das desigualdades e limitacións coas que chega polo feito de ser construído como nena ou neno, porque a escola ten a capacidade de fender os patróns de xénero hexemónicos.

No VI Plan galego para a igualdade entre mulleres e homes, dentro do obxectivo operativo 2.2, existen dúas actuacións cuxo fundamento é a coeducación. Unha, para a capacitación do profesorado, 2.2.2, e, outra, para desenvolver as ferramentas para a implantación piloto dunha estratexia coeducativa, 2.2.3. Esta iniciativa que vén agora a esta Cámara procura desenvolver esta última con propostas concretas.

O carácter extraordinario de quen traballa para aprender a vivir a igualdade e na igualdade non sempre é recoñecido nin apoiado. Fai falla un seguimento das prácticas non sexistas nas inspeccións aos centros e un programa, protocolo, currículo ou como queiran chamarlle, no que se concrete a coeducación en actividades compensatorias da igualdade de xénero.

O obxectivo fundamental da escola coeducativa é capacitar as alumnas e alumnos para detectar o sexismo que nos rodea e intentar desestruturalo. Esta perspectiva fai deles –do alumnado– axentes de cambio.

A escola mixta asumiu a igualdade de xénero como un principio... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Perdón, esa persoa que está falando está interferindo no meu discurso...,

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

A señora IGLESIAS SUEIRO: ...prégolles que respecten. Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Señora Iglesias, prégolle que siga. Xa me encargo eu, faga o favor.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Ben, o obxectivo fundamental da escola coeducativa é capacitar as alumnas e alumnos para detectar o sexismo que nos rodea, intentar desestruturalo e acabar coa violencia. É un dos camiños. Esta perspectiva fai dos alumnos e alumnas axentes de cambio.

A escola mixta asume a igualdade de xénero como un principio indiscutible, pero sen contidos programados, non nos aprenden a vivir en igualdade. Nunca se proveron de fondos nin de desenvolvemento normativo explícito para levar a cabo medidas coeducativas. O voluntarismo é así a única vía de progreso e sustento da coeducación, da educación non sexista. Docentes que a impulsan como unha opción persoal.

Na primeira etapa do Goberno Popular, a Lei de educación LOCE 2002 eliminou do plan educativo a inclusión da perspectiva de xénero en todas as materias. Co retorno do PSOE a lei quedou paralizada, pero a nova non recuperou a mirada transversal que a LOGSE en 1990 introducía. A aprendizaxe para a igualdade real quedou limitada a unha materia diluída nunha amálgama temática que se chamaba Educación para a cidadanía, que topou coa férrea oposición da xerarquía católica e os seus secuaces. De acordo coa lectura episcopal, a recente reforma educativa..., *(O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Silencio, señor Tellado, por favor.

A señora IGLESIAS SUEIRO: ...–grazas, señora presidenta– LOMCE 2013, extirpou os escualidos contidos da igualdade.

Poñendo a manciña branca ou o laciño malva contra o terrorismo machista o 25 de novembro non queda traballada a igualdade. Mentres non haxa unha formación sistemática do profesorado, as prácticas coeducativas serán manchiñas de aceite que non acaban de tomar forma. Aínda custa vincular a prevención do machismo –os asasinatos son só a punta do iceberg– cun proceso que empeza antes dos tres anos con nenas e nenos xogando cos mesmos xoguetes. Está estudado que o rexeitamento cara a valores e actividades que se consideran femininas xa está moi presente en nenos de idades moi temperás, polo que libéralos das contradicións sociais no xogo dende a escola infantil é un dos pasos para reorientar a socialización de xénero. Porque, señoras e señores, ou ben deixamos de estimular os nenos para ser competitivos, que se impoñan no seu entorno, que manden, que sexan fortes, que non choren ou que non teñan sentimentos de identificación cara aos demais –ou sexa, empatía–, ou teremos sempre a violencia machista na nosa sociedade. É o que lles aprendemos nas escolas.

Pola contra, a escola ten a responsabilidade de facer que os nenos renuncien á violencia como signo de identificación. Deben visibilizar a misoxinia e a homofobia como formas de control sobre as persoas e motivalos para que abandonen os privilexios do patriarcado –privilexios que non fan os homes máis felices–, descubríndolles o pracer dos coidados e incorporándoos á corresponsabilidade. Polo tanto, corrixir o filtro que masculinizou os referentes é un cambio básico.

Materias ausentes no modelo educativo mixto delatan o corte androcéntrico do sistema. A reprodución social, a crianza, a educación emocional e afectivo-sexual son aprendizaxes que se manteñen relegadas á esfera doméstica, no ámbito do privado, reservadas á femineidade.

A desigualdade tamén se instala nos espazos e tempos de lecer, nos recreos. Situar unha pista deportiva no medio do patio, que se enche de rapaces xogando ao fútbol, non é neutral ao xénero. Con esta estrutura, a escola sostén que o que fan os nenos é importante, que o relacionado coa masculinidade ten que estar no centro. Mentres nas marxes do patio atopamos as nenas xogando a actividades menosprezadas ou protexéndose dos balonazos dos seus compañeiros, en vez de poñer en valor eses xogos nos que a palabra, a empatía e a vinculación dos coidados son o eixo. Ningunha experiencia permite afirmar, por desgraza, cunha xeración coeducada –non hai ningunha aínda– do xardín de infancia ata a universidade. Xustificar o exposto pasa por fixarse nos estragos sociais e humanos froito do vixente reparto de poder asimétrico, e avistar na coeducación un contrapeso ao abuso.

A escola é a única institución coa que contamos para chegar a todo o mundo e na que se pode programar qué transmitimos á sociedade. É unha arma na loita contra unha orde milenaria que ten todo atado e ben atado, encaixando a crise da educación burocratizada na crise do sistema capitalista. A defensa da coeducación transcende o debate educativo, que se alíña coas propostas de resignación social. Porque, ou acabamos de raíz coa violencia, basicamente masculina, ou somos quen de aprender que na base da vida está a cooperación, ou xogámonos a supervivencia, e non é ningunha exaxeración.

Moitas grazas. Bos días. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Grazas, señora Iglesias.

Intervención dos grupos parlamentarios. *(Pausa.)*

Polo Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Adán Villamarín.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, señora presidenta.

Bo día, señores deputados, señoras deputadas.

Vemos que o conselleiro de Educación non pode estar presente dentro do debate desta iniciativa, o cal é unha mágoa. Eu non... *(Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: É unha mágoa que un tema tan importante como é... *(Interrupcións.)*

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¡Silencio, por favor! Está falando a señora Adán.

Continúe, faga o favor.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Acepto as desculpas, é porque seguramente non temos nada profundo nin interesante que dicir. Para un conselleiro de Educación escoitar o que os deputados e deputadas teñen que dicir a respecto da coeducación eu creo que é central porque un dos aspectos fundamentais do ensino é a coeducación... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Bueno, o señor Jorquera aínda non dirixe a Consellería de Educación, cando o faga, tamén lle pediremos que estea escoitando. Polo tanto, un dos aspectos fundamentais da educación debe ser a coeducación.

Escoitamos a proposta que se nos fai dende o Grupo Mixto. Necesítase un plan xeral de coeducación e o Bloque Nacionalista Galego vai apoiar esta iniciativa, que ademais –xa o comentamos onte a respecto da iniciativa sobre violencia de xénero– é fundamental.

Eu discrepo a respecto de que os centros deban ter un distintivo especial porque todos os centros deben ser coeducativos. ¿Por que? Porque ata agora o que se fixo realmente foi incluír as nenas nas aulas dos nenos, e fixemos unha

escola mixta. ¿Pero a escola é verdadeiramente coeducativa? Aquí apuntáronse algúns aspectos de por que non o é: porque non están igualmente repartidos os tempos, os espazos; porque os contidos curriculares esquecen os logros e as percepcións das mulleres ao longo de toda a historia, tanto na historia que se estuda oficialmente como nos saberes científicos como en cada un dos saberes. Pódenos parecer que é algo anecdótico, pero é fundamental. O saber que se construíu, construíuse dende a perspectiva masculina, cunha óptica masculina, de aí que sexa adxectivado de androcéntrico. Pódenos parecer que isto é algo tanxencial, pero é fundamental. Non se valoran por igual os saberes das mulleres. De feito, o que fixeron as mulleres en xeral, cando entran na esfera pública, foi masculinizarse. Non se feminizaron para nada os homes, nin lles interesa nin lles parece importante; segue ocorrendo que o normal sexa que as mulleres coiden os fillos, coiden as casas, e os homes fano de forma subsidiaria, como un engadido.

Pero aquí, que sempre falamos das nenas, falemos hoxe dos nenos. ¿Que perden os nenos en toda esa educación? Moitas cousas. A masculinidade séguese construíndo sobre os mesmos valores: agresividade, competitividade, exclusión do outro, dominación, e iso é –dende a nosa óptica– letal para toda a sociedade, porque aos nenos tamén se lles exige que cumpran con ese canon estereotipado, non se lles permite ser diferentes, porque a feminidade é o que está –digamos– minusvalorado, e a masculinidade o que está engrandecido. Por iso é un sistema de poder asimétrico entre o feminino e o masculino, que moitas veces non se corresponde cos corpos sexuados, porque hai homes, hai nenos, que se senten máis femininos e son penalizados, son moi penalizados na escola. Vaian ás bibliotecas escolares no tempo de lecer, é dicir, no recreo, e verán que nenos están aí; pois os que non queren xogar ao fútbol e non se lles dan outras opcións.

Foi moi importante conseguir que as nenas entraran na escola. De feito, eu recomendaría unha lectura, que é a de Mary Wolstonecraft, unha autora que cando se carteaba con Rousseau, este señor que todos estudamos, mentres non a estudamos a ela, porque inventou aquilo do contractualismo, iso que se chama “contrato social” no Libro V, cando escribe *Emilio*, di que Sofia ten que ser educada, ¿para que?, pois para coidar ao cidadán, porque o cidadán está agotado, chega da asemblea, ten que estar en casa... Pois xa

sabemos... [...] Claro, xa sabemos que as mulleres temos a sorte de non agotarnos, porque case nunca temos en casa –a non ser que sexa un gato– alguén que nos dea soporte emocional.

Pois Mary Wolstonecraft o que dicía era: as nenas serán iguais cando cheguen a ser iguais na súa instrución e iguais na escola. Por iso foi tan penalizado o seu pensamento e por iso foi excluído da historia da filosofía e da historia do pensamento. Hoxe traio non unha muller anglosaxona, como é Mary Wolstonecraft, senón unha muller galega, como é Concepción Arenal.

Para que vexa a señora do Partido Popular que non sempre criticamos ao Goberno, a Secretaría Xeral de Igualdade acaba de publicar unha unidade didáctica, que é “Concepción Arenal, a visitadora de cárceres”. ¡Pena que quede sempre nos caixóns e que a Consellería de Educación non a leve a todos os centros educativos!

Concepción Arenal dicía: todas as cousas...

A señora PRESIDENTA: Remate, señora Adán, por favor.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: ...son imposibles mentres o parecen. A educación hoxe parécenos un horizonte moi lonxano, pero eu estou convencida de que, efectivamente, ou as aulas son coeducativas e o feminino e o masculino deixan de ser aspectos que teñan que ver coa adxectivación sexuada dos corpos, e facemos un sistema verdadeiramente igualitario, ou realmente á humanidade lle queda moi pouco futuro, porque os videoxogos seguirán...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Adán.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: ...sendo de matar, seguiremos na cultura da agresividade, e non na cultura da empatía e na cultura do coidado. O que olvidaron as aulas mixtas, que as nenas teñen moito que ensinarlles aos nenos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Grazas, señora Adán.

Alternativa Galega de Esquerda. Ten a palabra don Ramón Vázquez.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: Bo día a todos e a todas.

A verdade é que resulta tremendamente contradictorio falar de educación despois de escoitar ao presidente. É como cando un vai no coche escoitando a radio e despois dunha canción de Van Morrison poñen unha de Enrique Iglesias, xera como moitísima frustración.

A verdade, sen dúbida falar de coeducación é máis necesario que nunca nestes tempos, porque a pesar de ser un logro –como aquí se dixo– ter conseguido unha escola mixta, un logro que ninguén cuestiona agás o Partido Popular, que recupera a segregación do alumnado dando diñeiro público a centros que separan a nenos de nenas, algo absolutamente insólito, resulta mesmo ruborizante ter que recordar que a educación mixta é un logro dos sistemas educativos contemporáneos. Pero temos que facelo, ¡ata ese nivel de empobrecemento discursivo se nos somete nesta Cámara! Porque, sendo unha condición imprescindible para o avance da coeducación o establecemento dunha escola mixta, non supón, nin moito menos, o suficiente.

Unha cousa moi distinta é a igualdade de acceso á educación, e algo moito maior, moito máis importante, é, sen dúbida, unha educación para a igualdade. E nese campo queda moitísimo, moitísimo, por facer e por avanzar. Por iso, unha vez asumida a escola mixta como principio básico por todo o mundo, agás polo Partido Popular, e unha vez acadada a igualdade formal, temos que acadar a igualdade plena, a igualdade real, á que sen dúbida, supoño, todos temos que aspirar.

O feito de que nenos e nenas compartan espazos, medios, recursos, é importante pero, dende logo, non suficiente. Na sociedade, na escola, dentro da sociedade que está a propia escola, seguen a ter presenza moitísimos elementos de poder e de autoridade que ocultan a presenza de mulleres e invisibilizan as nenas nas escolas. Hai un exercicio moi simple, recoméndollo, eu fíxeno onte. Botei un vistazo ao rúeiro da miña cidade, de Lugo: hai 642 rúas con nomes de persoeiros importantes; tan só 18 teñen nome de muller, un 2%. ¿É un 2% o papel da muller na historia? Dende logo, moitas veces semella que si, semella que ese é o esforzo que se trata de aparentar.

Os libros de texto son un exemplo moi claro. Aínda ofrecen hoxe en día os manuais que empregan os nosos nenos e

as nosas nenas nas escolas unha imaxe absolutamente estereotipada da muller na súa función coas profesións, en relación coas actividades deportivas, coa realización das tarefas no fogar. As propias imaxes, as fotografías que conteñen os libros, son tremendamente ilustrativas neste sentido. Se falamos dos libros de texto é evidente, pero se falamos da literatura infantil presente nas bibliotecas dos nosos alumnos e alumnas é, se cabe, máis evidente. Igual que nos cómics, ¿cales son os grandes superheroes?, ¿cales son as grandes superheroínas? O propio emprego da linguaxe na escola é tremendamente, ás veces, sexista, a pesar de que se está a facer un esforzo.

Segue a estar profundamente asentada unha visión masculinizada da sociedade e dos valores masculinos. Recálcanse sempre como positivos os valores da virilidade, agresividade, competitividade, á que tamén este Goberno ten rendido culto en reiteradas ocasións. Os grandes descubridores, os grandes escritores, os protagonistas da historia, son xeralmente personaxes masculinos, quedando agochado o papel da muller na historia e relegado ao seu rol de nai, de esposa, de princesa. As prácticas deportivas na escola non escapan tampouco a estes estereotipos. O deporte escolar, centrado moitas veces nun aspecto meramente competitivo e non cooperativo, non fai máis que acentuar estes estereotipos.

Polo tanto, hai moitísimo que facer nesta cuestión. Incluso no campo do abandono escolar, no que o Goberno galego di ter avanzado tanto, hai na etapa da pubertade datos evidentes de que as nenas abandonan de xeito temperán a escola –sobre todo en casos de nenas de etnia xitana e de poboación inmigrante– para, precisamente, asumir...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: ...tarefas de coidado e de asistencia no fogar.

Polo tanto, hai moito que facer, hai moitísimos outros exemplos. Por iso nós imos apoiar esta iniciativa do Grupo Mixto, porque cremos que a coeducación ten que ver con atender a diversidade –e vou rematando, señora presidenta–, a diversidade afectivo sexual, pero tamén a diversidade de gustos, de intereses e de motivacións, a diversidade de ritmos e capacidades de aprendizaxe. Falamos de aproveitar a infinita riqueza que hai nas nosas aulas...

A señora PRESIDENTA: Remate, señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: ...e que moitas veces queda marxinaada por unha uniformización do que ten que ser un alumno.

Unicamente unha pequena crítica –e xa remato– a esta iniciativa, que valoramos moi positivamente, e ten que ver coa etiquetaxe dos centros. Nós non estamos de acordo con dar medallas aos centros: centro plurilingüe, centro coeducativo ou centro do tipo que sexa.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: Todos os centros teñen que ser coeducativos.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Grupo Socialista. Señor Docasar.

O señor DOCASAR DOCASAR: Grazas, presidenta. Señorías, bo día.

Despois de ter asistido á sesión de control que fai habitualmente os mércores o señor presidente á oposición, imos falar de coeducación.

O Grupo Socialista comparte, señora Iglesias, o espírito desta iniciativa, e por iso xa lle digo de entrada que a imos apoiar, aínda que hai cousas matizables, e algo apuntarei sobre iso na miña intervención.

Señorías, quero dicirlles que hai moitos profesores e profesoras nos nosos centros educativos que levan anos traballando intensamente neste tema, e creo que é xusto hoxe recoñecelo nesta Cámara.

Quero tamén dicirlles que a escola pode e debe xogar un papel importante nos labores da coeducación, pero sen olvidar que neste asunto teñen que xogar un papel clave as familias, o conxunto da sociedade, e tamén –tamén hai que dicilo– os poderes públicos, pois estamos diante dun tema absolutamente transversal, señorías.

Outro matiz, señora Iglesias. Nós queremos que todas as escolas e institutos traballen neste tema, e non que haxa un

determinado grupo de centros educativos que teñan un carimbo e reciban un premio por facer algo que debera ser unha obriga para todos os centros educativos galegos e tamén do conxunto do Estado.

A lei, señorías, debe garantir que iso se fai con total normalidade e que se fai absolutamente en todos os centros, e aí si debe controlalo, loxicamente, a Inspección educativa. E claro que a escola pode e debe axudar, pero hai que darlle as ferramentas axeitadas para que poida facelo, e non quitar-las, como vén de facer o Partido Popular coa posta en marcha da LOMCE.

¿Pensan vostedes, señorías, que eliminar do sistema educativo a asignatura de Educación para a Cidadanía vai na dirección axeitada? ¿Pensan vostedes, señorías, que poñer en marcha unha nova lei educativa que permite no artigo 84.3 o financiamento con fondos públicos a centros segregadores vai na dirección correcta? Un ten a sensación –son docente e sei, polo tanto, de que falo– de que a sociedade tende a descargar con demasiada frecuencia moitas responsabilidades na escola e nos profesionais da educación, converténdoo nunha especie de comodíns que o mesmo serven para un roto que para un descosido. Cando a sociedade non sabe que facer, señorías, sempre nos queda a escola.

Eu quero tamén hoxe lembrar neste Parlamento a un profesor que significou moito para min como persoa e como profesional do ensino. Ese profesor era salmantino, chamábase José Manuel Elvira Martínez, era catedrático de grego, e moitos monfortinos e monfortinas tivemos a enorme honra de ser alumnos del. Este profesor exercía como tal na década dos setenta do século pasado, pola época que aínda vivía e mandaba un tal Paco, e imaxino que para el non era nada doado facer o que facía xa naquela época. Aquel profesor chegaba á porta da nosa clase, parábase, mirábanos fixamente e dicíanos: “*mézclense*”. E dicíao porque os rapaces estabamos sentados en dúas filas e as rapazas nas outras dúas. Imaxinen vostedes a ledicia do alumnado, tanto masculino como feminino, naquel momento. Nin que dicir ten que obedeciamos encantados ao noso profesor; un profesor que era capaz de sacar o máximo de nós e que o facía tratándonos ben.

Teño que recoñecerlles que a nosa ledicia duraba exactamente 60 minutos, xa que xusto na hora seguinte aparecía na porta da aula un novo profesor, miraba para nós, que seguía-

mos –obviamente– mezclados, e dicíanos: “*colóquense como Dios manda, a un lado los chicos y al otro las chicas*”. A nosa alegría duraba, pois, exactamente unha hora. Por iso hoxe quixen lembrar neste Parlamento, con moito cariño, a ese entrañable profesor, e non pensen que o fago só por iso. El era un deses profesores que deixou pegada, e, á súa maneira, traballaba xa naquel tempo a coeducación nas aulas. Creo que, visto agora con perspectiva, un ten a sensación de que aquilo non tivo que ser fácil para el, e esa é, precisamente, unha das razóns polas que hoxe quixen lembrarme deste profesor.

A segregación de xénero estivo sempre vixente no sistema educativo ata a década dos setenta. Agora parece que outros queren volvela a recuperar, incluso financiándoa con fondos públicos. Ese era o paradigma –insisto– da sociedade da época, pero hoxe apenas existen centros de ensino que practiquen esa separación, aínda que o Partido Popular aproveitou a posta en marcha da LOMCE para seguir financiando con cartos públicos unha visión segregadora –ao meu modo equivocada– da escola, cuestión que o Grupo Socialista non comparte en absoluto.

Donas e cabaleiros do Partido Popular, ao subvencionar con diñeiro público os centros que separan nenos e nenas polo seu sexo, vostedes seguen, implacablemente, unha folla de ruta ideolóxica que –obviamente– vai totalmente en contra do que hoxe debatemos aquí, señora Iglesias. Esa anomalía hai que corrixila, e farémolo –non o dubiden– cando derroguemos a LOMCE en 2015.

Señorías, construír un país en igualdade custa anos de esforzos e a implicación de moita xente. Destruír os avances, lamentablemente, custa moito menos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Docasar.

Ten a palabra a señora Piñeiro Martínez.

A señora PIÑEIRO MARTÍNEZ: Grazas, señora presidenta.

Moi bo día, señorías.

Antes de nada, espero que o señor conselleiro de Educación se estea recuperando da indisposición que o fixo saír

por motivos de saúde, señora Adán. Vostede sabe que el é dos que máis está aquí, sobre todo cando se tratan temas de educación.

Señora Iglesias, vou dicirlle que concordamos nalgúns dos plantexamentos que vostede expuxo hoxe aquí, e no que máis coincidimos plenamente é no que sinala que para promover políticas de igualdade reais é imprescindible comezar pola escola. Claro que si, claro que si.

Mágoa que algúns dos portavoces que me precederon no uso da palabra caeran na tentación de facer demagogia coa educación diferenciada por sexos que libremente escollen algunhas familias. Pero miren, vostedes ben saben que coeducación non é igual que educación mixta. Non ten máis que darse un garbeo polas páxinas web da Junta de Andalucía ou da Comunidade Canaria, que non son nada sospeitosas de seguir os principios políticos do Partido Popular, e nelas poderán ler cousas como: Coeducar non é xustapoñer nunha clase a individuos de ambos sexos, nin tampouco unificar. Coeducar é ensinar a respectar ao diferente e a desfrutar da riqueza que ofrece a variedade. Supoño que vostedes tamén estarán de acordo.

Oín falar moito de coeducación, de plans, pero non oín falar de accións concretas. Oín posicionamentos ideolóxicos cos que podemos estar máis ou menos de acordo, pero non oín de ningún de vostedes como facelo. Permítanme dicirlles que o actual Goberno da Xunta non precisa que nós os impulemos a facer un plan, porque o ensino galego xa é coeducativo; o ensino galego xa é coeducativo. A consellería vén afrontando dende hai tempo a coeducación dende un punto de vista transversal, e xa está presente nos currículos. Nesta aplicación dos principios coeducativos xa se implican e participan diferentes departamentos da Xunta de Galicia, e mesmo outras administracións. A Xunta faino consciente da importancia da coeducación, pero tamén o fai para cumprir diferentes normativas que así o recollen, señor Docasar. Esa terrible LOMCE que vostedes queren derrogar dispón o desenvolvemento na escola dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero. Espero que vostedes non toquen este punto.

A Lei galega de participación da comunidade educativa –que tanto criticaron algúns– tamén o recolle, aínda que

algúns dicían que era só para facer a consulta do galego. O anteproxecto de decreto que desenvolve a Lei 4/2011, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, fai un tratamento explícito da violencia de xénero, tanto con intencionalidade preventiva como correctora.

A formación permanente do profesorado, señora Iglesias, tal como se prevé na LOE, debe incluír e inclúe formación específica en materia de igualdade. Ademais, o currículo de primaria nestes momentos xa inclúe as medidas da Lei LGBTI, e os novos currículos de secundaria e de bacharelato van incorporar tamén proximamente os novos cambios en materia de igualdade e de LGBTI.

Como lle dicía, dando cumprimento a estas e a outras normas que incidan sempre na igualdade e na prevención da violencia machista dende o ámbito educativo, a Xunta de Galicia vén desenvolvendo diferentes programas –non me vai dar tempo a relatar todos, pero voulle nomear algúns–, tanto dende a Consellería de Educación como con outras administracións, que reflexan o carácter coeducativo do ensino galego.

Dentro do Plan Proxecta, coa Vicepresidencia, coa Secretaría Xeral de Igualdade, *Donas de si*; formación en coeducación e igualdade de xénero ao profesorado, *Por 365 días de respecto e igualdade, Rapazas emprendedoras nas TIC*. Conxuntamente coa Consellería de Tránsito e Benestar está o *Quérote máis*, que si inclúe aprendizaxe afectivo-sexual, señora Iglesias; coa Consellería de Economía e Industria, *Galicons.net*. Hai máis: o Plan director para a convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos, con charlas dos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado dirixidas ao alumnado, profesorado e familias, que concordo co señor Docasar que deben estar incluídos tamén nesta loita. E, como non, no Plan anual de formación do profesorado, que incide de xeito notorio na formación para a detección e prevención da violencia machista.

En canto á Inspección Educativa, señora Iglesias, xa fai un seguimento, e entre as súas funcións está a de velar polo cumprimento das leis, regulamentos e demais disposicións que xa lle relatei antes.

Señora Iglesias...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

A señora PIÑEIRO MARTÍNEZ: ...-agora mesmo- vostede propón plans de ensino coeducativo sen medidas concretas. Eu ofrézolle as medidas que a Xunta de Galicia xa está a desenvolver neste ámbito.

E nada máis. Quería facerlle un pequeno chascarrillo ao señor Vázquez e dicirlle que se pode escoitar a Van Morrison, Jim Morrison ou a Enrique Iglesias, vostede mesmo dixo ao final da súa intervención que na diversidade é onde está a riqueza.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Piñeiro.

Grupo autor da proposición non de lei, Grupo Mixto. Señora Iglesias. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Silencio, por favor.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Dende o escano.

Señora Piñeiro, eu non veño aquí falar mal do Partido Popular nin facer... Eu estou pola coeducación, e xa dixeran na miña intervención que non hai ningunha xeración que fora coeducada. Iso en primeiro lugar.

En segundo lugar, fálame vostede de que non trouxen medidas. Mire, eu son unha deputada que ten moi limitado o tempo, pero as medidas deixei para esta parte do tempo que me proporciona o Parlamento.

Xa dixeran aquí unha vez neste hemiciclo que nun estado das autonomías, ou nun ideal estado federal, sería bo que nos fixáramos no que fan outras comunidades. Entón, se mo permiten, pero sen ningunha intención partidista, vou falar do Plan de igualdade de educación publicado pola Junta de Andalucía, número 227, aló polo 2005.

Voulle dicir as medidas. Unha serie de medidas prácticas: un coordinador ou coordinadora en coeducación nos

centros, expertas –sobre todo expertas- en xénero nos consellos escolares. Agora xa é un pouco tarde porque Wert está acabando cos consellos escolares. Fomento de proxectos de coeducación. Tamén desenvolve a lei andaluza os criterios de carácter pedagóxico: intencionalidade –hai moita intencionalidade nos centros relixiosos coa coeducación–; continuidade; adaptación ás características evolutivas; sociabilidade: propicia o desenvolvemento dun clima no que a convivencia sexa doada, agradable e aberta; autenticidade, que é o que lles falta a vostedes. Pódese levar adiante un proxecto educativo cando os educadores e as educadoras manteñen posturas coherentes ao respecto. Se non hai coherencia, por moito que a haxa nas leis, por moito que a haxa nos plans, non vale de nada.

Se apoiamos a coeducación –bueno, aquí ten xa un programa de medidas, por se o queren engadir ao que ten o Partido Popular na Xunta de Galicia–, se apoiamos a coeducación, señora Piñeiro, apoiamos un proxecto educativo que impulsaría a adquisición de actitudes que prepararán o alumnado para vivir un progresivo desenvolvemento persoal que o levaría a colaborar na evolución humana dunha sociedade construíndoa con criterios de corresponsabilidade. Estaremos facendo, de cada unha das nenas e dos nenos actuais –como xa dixeran antes–, axentes de cambio.

É polo tanto unha cuestión de vontade política e de valentía, no desexo e actuación de mudar esta sociedade –e perdóeme que opine que non creo que teñan moita vontade vostedes de mudar a sociedade–, unha sociedade *(Murmuros.)* xa marcada desde a infancia polos roles de sexo, que derivan –estes roles– en desigualdade e en terrorismo machista.

O cambio desta sociedade non virá por inxentes programas igualitarios, co seu custo económico pertinente, só virá se houbera resultados na educación. Pero isto só ofrece resultados a longo prazo, e os gobernos só están interesados...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

A señora IGLESIAS SUEIRO: ...–sobre todo os partidos políticos– no que se chama curttopracismo, ¡e así nos vai! ¡Wert dimisión!

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Iglesias.

Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Daniel Rodas Chapela e D^a María Montserrat Prado Cores, sobre a demanda polo Goberno galego a RTVE de reposición das emisións en onda curta de Radio Exterior de España

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): A esta proposición non de lei non se presentaron emendas.

Para a defensa da mesma ten a palabra o señor Rodas.

O señor RODAS CHAPELA: Bo día, presidente.

Bo día, señorías.

Radio Nacional de España vén de apagar as emisións de onda curta de Radio Exterior dende o pasado 15 de outubro. Con isto cortouse a palabra da radio que posibilitaba que moitos cidadáns do Estado español espaxados por múltiples partes do mundo mantivesen o dereito fundamental á información, o dereito de sentirse cidadáns vinculados ao seu país de orixe, sentirse acompañados e, sobre todo, sentirse informados.

Se xa é duro sentirse nun lugar estraño, moitas veces nun medio hostil como pode ser o mar, ou cunhas xentes diferentes, moito máis duro debe ser o sentirse abandonado e que sexa o propio Estado o que che transmita esta sensación de non pertencer a ningunha parte.

A onda curta de Radio Exterior era fundamental para moitos destes cidadáns, e posibilitaba que, ademais de informalos, se crease un vehículo de familiaridade, unha voz amiga capaz de reproducir o cordón umbilical que fortalece o sentido de ser membro dunha comunidade, neste caso da galega. Radio Exterior tiña unha vocación de estar preto da xente, e incluso realizaba programas no noso idioma e outros idiomas do Estado, o que lles daba unha maior vinculación coas xentes, pero tamén unha maior cercanía entre a diáspora e o país de orixe.

No caso galego, é de salientar a voz que acompañou aos mariñeiros durante estes últimos anos polos diversos mares do mundo. Falamos de programas como *Marineros en la mar*, todo un referente na información marítimo-pesqueira, un vínculo entre o persoal embarcado e a súa terra.

A través destas ondas, moitos dos nosos mariñeiros tiñan a oportunidade de informarse dos problemas do sector, de seguir paseniñamente o que estaba acontecendo aquí na Galiza, de saber dos problemas reais que están pasando. Por exemplo, de como son expedientados ducias de mariñeiros do cerco por estar a defender o dereito da frota a poder pescar xarda reclamando un reparto en función dos tripulantes e non en función dunhas supostas capturas históricas. Da prohibición de pescar sardiña os próximos tres anos a embarcacións tradicionais do xeito, asinado, por certo, polo afiliado ao Partido Popular de Galicia Andrés Hermida, hoxe máximo responsable da Secretaría General del Mar en Madrid. Ou de levarse a cabo unha parada biolóxica subvencionada da frota do cerco, na que a día de hoxe unicamente se teñen adherido nada máis e nada menos que o 18 % desta frota.

Problemas reais, noticias de actualidade, de como os bancos de moluscos sofren unha caída de capturas preocupante motivada, entre outras, pola mortalidade producida por un parasito chamado *martellia cochillia*, sen que a titular de Mar faga absolutamente nada para evitalo. Noticias, digo, de agora mesmo, de como o sector da miticultura sofre unha situación de desmantelamento provocada polas políticas de importación, pola non etiquetaxe ou pola atomización flagrante do seu asociacionismo.

Noticias para saber da nosa xente, de como se negociou a expulsión de Mauritana da nosa frota cefalopodeira e de como a día de hoxe, dos 24 barcos galegos que faenaban naquel mar, dez xa están desguazados. Información veraz e contrastada para que os mariñeiros puideran informarse e seguir a realidade do noso país.

Tamén estas ondas eran compartidas por outro tipo de compatriotas que, por mor da súa actividade profesional, se encontran noutros países e precisan dun medio de comunicación cercano, accesible, onde recibir información puntual do que acontece no seu país de orixe. Falo dos emigrantes, das ONG, de persoal voluntario, de traballadores ou de todas aquelas persoas que, sen alcanzar a categoría de emigrantes,

tamén se encontran lonxe e precisan información de actualidade, de como vai a realidade política ou social, de como quedou o Celta ou o Deportivo, ¿que pasou co temporal?, ¿que foi do escándalo da Operación Púnica ou da Zeta? Cortar esta emisión é cortarlle o dereito a conectarse coa súa orixe, quitarlle unha parte de si; vexan como exemplo o que reflectía unha destas persoas máis aló, na diáspora.

Di así: *¡Oye, mira!, yo soy una misionera del Congo que llevo 29 años trabajando aquí. Os escucho siempre, desde las doce del mediodía hasta la noche con Tablero deportivo. Y resulta que ayer enciendo la radio y no os encuentro por ninguna parte. Soy Mari Paz Pacheco, estoy en el Congo, ¿no podrían decirme algo?, ¿qué es lo que tengo que hacer para escucharos? Aquí no hay internet, aquí no hay nada. No sé cómo tendría que hacer. Me gustaría tener noticias de allá. Por favor, ¿cómo tengo que hacer? Por favor, me gustaría que me ayudara.*

Este é o relato da realidade que están a vivir moitos dos nosos compatriotas que están espaxados por aí, por por todo o mundo. Da dramática situación de que se lles está a eliminar un servizo público esencial para moitos deses cidadáns, que están a quedar sen o servizo, sen o dereito –digo mellor– á información, cando non existen razóns que xustifiquen este despropósito. E moito menos poden existir razóns cun criterio de aforro ou cun criterio de austeridade.

Dende que se produciu o peche, diversas son as manifestacións de solidariedade e de apoio dende diferentes colectivos de emigrantes, ONG, misioneiros, traballadores do mar, etc., que ata constituíron unha plataforma en defensa da onda curta en Radio Exterior, e xa conseguiron a semana pasada manter unha reunión co director de Comunicación e Relacións Institucionais da CRTVE, Manuel Ventero, acadando o compromiso de estudar a petición. Onte mesmo, o Consello de Administración, ao final, conseguiu que na orde do día tamén se introducise esta petición, adquirindo o compromiso de levalo ao próximo Consello de Administración, que terá lugar o vindeiro 5 de decembro, onde se comprometeron a traer unha proposta viable.

Así que, unha vez máis, vemos como o tempo vai pasando, como se dilata o problema. Van pasando os días e consolídase o apagón informativo. Vai alá xa case un mes. Cando se volva reunir o consello serán dous meses. E men-

tres, os nosos concidadáns quedan sen o dereito máis elemental a ter información. Semella como co xeito, que todos estamos de acordo en que é un disparate prohibir a actividade dun elevado número de embarcacións, 427, as cales teñen unha escasísima incidencia sobre o recurso, pero os días e as semanas van pasando e nada se ten adoptado para solucionar este disparate. Semella que pasa igual como co arrastre do litoral, que a pesar de terse apoiado nesta Cámara unha iniciativa conxunta de todos os grupos para que as frotas portuguesa e galega tivesen as mesmas condicións, nada se ten avanzado.

Polo tanto, vemos que coas boas palabras é insuficiente. É necesario, polo tanto, a volta ás emisións e que non se remate con 72 anos de historia de radio pública e finiquitar este icono das ondas, un servizo público fundamental para milleiros de galegos e doutras partes do Estado na diáspora. Xa tivemos tamén outras boas palabras, como foron as da señora conselleira, que lle trasladou o compromiso ao señor Alberto Núñez Feijóo; tamén as boas palabras do señor Hermida, pero nos tempos que corren, ¿quen pode crer nas palabras dos señores do Partido Popular? Aínda antonte dicía un tal Monago que ía presentar unha querrela por difamación, e ás poucas horas a querrela converteuse en que vai pagar todo o gasto que fixo en asuntos privados.

Polo tanto, señorías, máis alá do compromiso explícito e moral, reivindicamos a necesidade dos feitos, a necesidade de proceder de inmediato a recuperar este dereito universal, o dereito a ser informado estas onde estas.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Rodas.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.
Señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Os meus parabéns polas explicacións que acaba de dar o voceiro do Bloque Nacionalista Galego.

Cando aos deputados e deputadas do Partido Popular lles entrou a risa cando lía a carta desta misioneira no Congo, estaba pensando na palabra empatía, que é algo así como a

capacidade de poñerte no sitio do outro, de considerar o sufrimento do outro como propio e sentilo, e hai que ter ben pouca capacidade ou sensibilidade para rir nese momento. Eu estábame poñendo no sitio dunha misioneira do Congo, ou dun mariñeiro que leva tres meses embarcado, ¡e que me corten a emisión da única radio que me conecta coa miña terra!... ¡Home!, é un pouco de vergoña que vostedes se puxeran a rir. Parece que aquí as cousas importantes son cando falamos dos miles de millóns que se gastan en rescatar as autoestradas. ¡Esas son cousas importantes! Pero a vida das persoas para vostedes non é importante, son os números.

Claro, isto é demagogia. Dicar que co que se pagou polo rescate das autoestradas de Madrid –feitas polo Goberno do señor Aznar cuxo 75 % de membros está imputado– podería seguirse coas emisións desta radio 3.500 anos, iso é demagogia, ¡iso é moita demagogia! Claro, porque falar da vida das persoas e do sufrimento é populismo, e a racionalidade é recortarlles sempre aos de máis abaixo.

Eu doulle a importancia que ten a esta cuestión, porque nesta decisión de pechar a onda curta de Radio Exterior de España hai dúas probabilidades: que se tomou sen valorar as consecuencias, ou que se tomou coñecendo as consecuencias e non importando estas. No primeiro caso, temos un goberno ineficiente ou incompetente, que toma estas decisións sen valorar antes as súas consecuencias. E no segundo caso temos un goberno insensible. Para min, calquera das dúas cuestións ou probabilidades é verdadeiramente plausible, porque ben os coñezo. Sei que hai ineficacia e incompetencia, pero tamén hai falta de sensibilidade. Se temos que depender da sensibilidade deste Goberno, non hai máis que recordar que na propia Lei de medidas de acompañamento que se pretende aprobar, apróbase unha vez máis trasladar os custos aos máis débiles, porque se quere aprobar o silencio administrativo negativo para todas as fases da petición de axudas para a dependencia; é dicir, recortarlles aínda máis aos dependentes, que teñan que esperar por unha resposta da Xunta, e, se esta non chega, considérase que está denegada. É dicir, condénase a unha persoa, nunhas condicións moi difíciles de vida, a recorrer e a gastar máis tempo para que vostedes aforren nos orzamentos da Xunta e poidan presumir de números. Pero iso non é racionalizar, igual que isto de Radio Exterior de España non é racionalizar, é traspasarlle o custo e o sufrimento á cidadanía para sacar réditos electorais, que é o que vostedes perseguen.

Eu creo que esta medida se terá que reconsiderar, pero é unha mostra máis da pouca capacidade deste Goberno de defender os de abaixo e de sempre optar por defender os de arriba. Son 1,2 millóns de euros que se aforran para eliminar a emisión en 80 países. E xa digo, racionalizar unha administración significa dar o mesmo servizo, dentro do posible, co menor custo; pero eliminar os servizos non é racionalizar, é eliminar os servizos e traspasar o custo ás persoas.

Polo tanto, o que lle pedimos ao Partido Popular é que traslade ao Goberno do Estado a necesidade de que siga, de que os mariñeiros que están embarcados, de que a xente que está polo mundo adiante, poida seguir recibindo un servizo que mellora as súas vidas, porque –vou facer unha cita bíblica–: *No sólo de pan vivirá el hombre.*

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario Socialista. Señor Val.

O señor VAL ALONSO: Moitas grazas, señor presidente.

Moi bo día a todas e a todos.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista imos votar a favor desta proposición non de lei que hoxe presenta o Bloque Nacionalista Galego. Parécenos unha proposta de xustiza, aínda que para moitos, como puidemos comprobar no día de hoxe, parece que estamos a falar dun tema menor.

Para nós, a reposición das emisións en onda curta de Radio Exterior de España non é un tema menor. Falamos de que hai aproximadamente un mes, dende o pasado 15 de outubro, a Compañía de Radio Nacional de España anunciou e eliminou as emisións en onda curta de Radio Exterior. Unha decisión que ademais ten provocado un número importante de críticas desde diversos sectores, e mesmo se ten constituído unha plataforma en defensa da onda curta de Radio Exterior de España integrada e impulsada pola Federación de Asociacións de Periodistas de España, pola Confederación Española de Pesca, pola Organización de Palanqueiros Guardeses, a Asociación Española de Radioescoita, a

Federación de Sindicatos de Periodistas e as Federacións de Servizos de UGT e Comisións Obreiras.

Estes colectivos uníronse para presionar e facerlle ver ao Goberno do Estado que están tomando unha decisión inxusta, unha decisión baseada en criterios económicos. Razóbase a supresión deste servizo por un aforro de pouco máis dun millón de euros; para ser exactos, de 1,2 millóns de euros. Esta razón, dende o Grupo Parlamentario Socialista, cremos que non pode ser suficiente. O apagón da frecuencia que viña sendo a única vía de acceso á información que tiñan os tripulantes dos barcos de altura e de gran altura que operan no Índico ou no Pacífico, ou mesmo o colectivo de cooperantes, voluntarios e emigrantes noutros países, lévaos a épocas do pasado. Estamos a falar de persoas que viven diariamente unha situación verdadeiramente complicada e dura, tripulantes de barcos que pasan máis de seis meses no mar e que tiñan nesta vía de comunicación a única forma de seguir vinculados á terra, de seguir vinculados ás súas casas e de seguir vinculados ás súas familias.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista non cremos que a razón de aforro sexa un motivo suficiente para deixar sen posibilidades de acceso á información, un dereito recoñecido dos cidadáns, a preto de 40.000 mariñeiros españois repartidos por todo o mundo e a un número moi importante de cooperantes, voluntarios e emigrantes que desenvolven a súa actividade e a súa vida noutros países. Estamos novamente diante dun goberno do Partido Popular que segue a recortar dereitos dos cidadáns esgrimindo razóns de aforro, xustamente o contrario do que están a facer o resto dos países avanzados. Reino Unido, Francia, Alemaña, Estados Unidos, todos estes países non só manteñen a onda curta, senón que ademais a están a reforzar.

Señores do Partido Popular, hai estudos que cifran o número de oíntes de Radio Exterior de España en preto de 10 millóns de persoas, e o 80 % destes oíntes seguían as emisións a través da onda curta. O apagón o que vai significar, como primeira medida, vai ser a desaparición do 95 % da audiencia de Radio Exterior de España. Dende o Partido Socialista cremos que existen outras medidas para reducir os custos, non a supresión total das emisións; medidas como as que vén de adoptar, por exemplo, a Compañía BBC, que pasou de emitir en 25 linguas a facelo en 15. Radio Exterior de España emitía en 6 idiomas ademais do

castelán. Unha vez máis, estamos diante dun goberno insensible cos seus cidadáns, dun goberno ao que non lle preocupan para nada os dereitos, o benestar e a posibilidade de acceso á información. Isto poderíamolo entender nun goberno do Estado totalmente afastado das realidades deste país. Pero, ¿que fai o Goberno galego cada día, ese goberno que cada día di ser a voz da xente e a voz da rúa?, ¿que fai a conselleira do Mar, que di reunirse todos os días co sector? Nunca son capaces de adiantarse a un problema, sempre chegan tarde. Nunca son capaces de atallar e solventar un problema antes de que sexa o propio sector o que dea a voz de alarma sobre o mesmo.

Parece que estes días aparecen noticias, como a que acaba de dar o voceiro do Bloque Nacionalista Galego, que van na boa dirección, que se está reconsiderando volver emitir as emisións en onda curta. Pero, señorías do Partido Popular, nós cremos que vai sendo hora de deixarse de palabras, vai sendo hora de poñerse a traballar e de que os feitos se sosteñan non só con palabras. Hai menos dun ano que gastaron vostedes preto de medio millón de euros na renovación dos equipos empregados para emisións en onda curta. ¿Que van facer vostedes con eles? ¿Que ían facer vostedes con eles? Eses son argumentos de eficiencia.

Repito, para o Partido Socialista non falamos dun tema menor, aínda que, como hoxe puidemos comprobar, para moitos parece que si. Nós imos votar a favor desta proposición non de lei e agardamos que o Partido Popular faga o mesmo, pero que non só quede nese compromiso do voto a favor dunha proposición non de lei no Parlamento de Galicia e que os feitos se consumen dunha vez.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Val.

Grupo Parlamentario Popular, señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señor presidente.

Señoras deputadas, señores deputados.

Como ben se dixo aquí, o pasado 15 de outubro a Corporación de Radio-Televisión de España decidiu, como parte

dun plan de axuste, o cese da emisión de Radio Exterior de España en onda curta, e deste xeito miles de tripulantes galegos das embarcacións de altura e gran altura xa non poden escoitar esta emisora pública, a única canle coa que sintonizaban en calquera parte do mundo.

O cese das emisións analóxicas de Radio Exterior de España é, a xuízo deste Grupo Parlamentario, un erro, e por iso temos reclamado a súa consideración con iniciativas parlamentarias practicamente idénticas á que hoxe debatemos aquí. Cremos que Radio Exterior de España en onda curta é unha emisora que ofrecía un servizo público útil e esencial para estes miles de mariñeiros afeitos a pasar longas temporadas lonxe dos seus fogares e nas duras condicións propias da pesca en alta mar.

Galicia, como boa terra mariñeira, lidera a ofensiva dirixida a reconsiderar esta decisión de Radio-Televisión Española, tanto desde o punto de vista das peticións formuladas polos propios profesionais do mar e das asociacións de tripulantes e de armadores que os representan, como tamén desde o punto institucional. De feito, o Goberno galego xa deu múltiples mostras de que comparte esta demanda, ata o punto de que o propio presidente da Xunta de Galicia –o señor Feijóo– xa lle trasladou esta cuestión ao novo presidente da corporación pública estatal –José Antonio Sánchez–, e o mandatario galego alerta nunha carta dirixida ao señor Sánchez da importancia social que para a xente do mar supón Radio Exterior de España e reclama... (*Murmurios.*) Señor presidente, a ver se é posible... Eu non sei se quere intervir o señor deputado, se non, como mínimo, que respecte a quen está intervindo. (*Protestas.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Siga, siga, señor Balseiro.

Silencio, por favor, imos proseguir, está sendo un gran debate. (*Risos.*) Si, un debate moi sensato. Polo tanto, prégolles que presten atención. Paréceme un debate moi sensato, a ver se o terminamos ben.

O señor BALSEIRO OROL: Grazas, señor presidente.

Reclamaba nesa mesma carta que se procedera a revisar a decisión adoptada e se recuperaran as emisións en onda curta.

Tamén se teñen desenvolvido xestións, señorías, desde que se coñeceu a decisión de deixar sen emitir onda curta, desde a Secretaría Xeral de Medios da propia Xunta de Galicia e tamén desde a propia Consellería do Medio Rural e do Mar, e nós reclamamos, desde o grupo que decide neste Parlamento, desde o Grupo Popular, con contundencia e sen ambigüidade, que se estuden as fórmulas técnicas necesarias para recuperar estas emisións en onda curta, porque internet, a TDT ou a recepción vía satélite non son unha alternativa real para escoitar a radio a bordo dun buque en alta mar.

Enmudecer a radio en onda curta deixa na práctica orfos a moitos mariñeiros que están no exterior, illados do que acontece a cotío no seu país. E aínda que esta iniciativa volve chegar tarde porque a Xunta xa ten actuado, porque a Xunta xa desenvolveu as medidas precisas e a presión suficiente para que o propio presidente de Radio-Televisión Española admitira que estuda reconsiderar o cese de emisións, non poden negar que concordamos desde o grupo maioritario da Cámara con esta petición e queremos que calquera profesional do mar, estea onde estea no mundo, poida sintonizar Radio Exterior de España en onda curta como viña facendo, como ben se dixo aquí, dende hai máis de setenta anos.

O Goberno galego, o grupo maioritario da Cámara –o Partido Popular–, e esperemos que hoxe tamén o Parlamento, podemos concordar nesta dirección. Podemos concordar en que a maxia da radio aínda poida estar presente en Radio Exterior, sintonizando cunha audiencia mundial. E queremos, exiximos e demandamos, desde o Grupo Parlamentario Popular, que estea presente en calquera receptor da nosa frota de altura e de gran altura.

Señorías, contamos e esperamos tamén que vostedes apoiem esta decisión. É certo que o Goberno de Galicia ten feitos os deberes neste tema, hoxe houbo novas noticias; é certo que o presidente da Xunta de Galicia se dirixiu ao presidente de Radio-Televisión Española; é certo que desde a Secretaría Xeral de Medios da Xunta de Galicia se teñen feito xa xestións, e é certo que dende a propia...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

O señor BALSEIRO OROL: ...Consellería de Medio Rural e do Mar se teñen feito xestións, pero, a maiores diso, desas

xestións que ten feito xa o Goberno de Galicia, que se anticipou aos grupos parlamentarios, o acordo de hoxe tamén pode axudar. O voto favorable do grupo que decide se sae a iniciativa adiante ou non sae a iniciativa adiante, que é o Grupo Popular, van telo, polo cal imos decidir que esta iniciativa saia adiante, e ímolo decidir dende o Grupo Parlamentario Popular.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Balseiro.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Rodas.

O señor RODAS CHAPELA: Agradecemos que o Partido Popular se teña adiantado e que xa teña feitos os deberes, pero a realidade é a que é, a realidade é que xa vai facer un mes dende que está pechada a posibilidade de comunicación con todos eses galegos que están esparcidos polo mundo adiante. Esa é a realidade, polo tanto, iso é o que hai que resolver. Poden pensar e poden encargar todos os estudos do mundo, pero o que hai é que solucionar o problema, e despois, se queren encargar todos os estudos do mundo, benvidos sexan.

Polo tanto, en primeiro lugar, agradecer os apoios de todas as forzas políticas a esta demanda; e, en segundo lugar, é importante agradecerlles o traballo e o esforzo a todos aqueles colectivos que están a participar na Plataforma pola defensa da onda curta de Radio Exterior, porque creo que eles son os verdadeiros protagonistas, eles son os que fixeron posible que esta fose unha reclamación unánime de todas as forzas políticas, e son os que fixeron posible que esta iniciativa estea hoxe aquí, no Parlamento galego, a respaldar a demanda que están a realizar eles mesmos. En particular, quixera salientar o agradecemento á Federación de Asociacións de Periodistas de España –a FAPE–, que, unha vez máis, fan gala da súa independencia e profesionalidade. Quixera facer explícito tamén o agradecemento a Orpagu, a agrupación de palangreiros guardeses, na persoa do seu presidente, Joaquín Cadilla, unha voz clara en defensa do sector, acostumado a dicir o que pensa e a defender sobre todo os intereses dos mariñeiros. A Cepesca, que xa o dixo antes algún portavoz, á Federación de sindicatos de periodistas. En fin, a diversos colectivos de comunicación,

colectivos de mar, colectivos de pesca, a colectivos relacionados coa cooperación, a colectivos relacionados coa radioescota, a sindicatos, particulares, etc. Quero, en definitiva, agradecer o seu traballo e, sobre todo, facer un chamamento claro a intentar transformar os compromisos de palabra en feitos, ese é o reto ao que estamos todos sometidos. E dicíao antes o presidente da Xunta, a importancia de pór en valor a palabra política, de que a política sirva realmente para solucionar os problemas que nos está a demandar o conxunto da cidadanía.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Rodas.

Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Pablo García García e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia ante o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para modificar o decreto que desenvolve o “paquete lácteo” e harmonizar un plan para a xestión dos últimos meses de vixencia do sistema de cota láctea

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e outra do Grupo Parlamentario Popular.

(O G.P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da súa deputada Tereixa Paz Franco e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír a parte resolutiva pola seguinte:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno Galego a adoptar as seguintes decisións en relación coa situación do sector lácteo o co escenario de futuro após abril de 2015:

1.-Iniciar actuacións a través do Presidente da Xunta para liderar ante o goberno do Estado a posta en marcha de medidas verdadeiramente eficaces para permitir que as

explotacións galegas poidan sobrevivir ante a inminente desaparición do sistema de cotas lácteas en abril de 2015.

2.- Instar o Goberno do Estado para que a modificación do Real Decreto 1363/2012, de 28 de setembro, polo que se regula o recoñecemento das organizacións de produtores de leite e das organizacións interprofesionais no sector lácteo e se establecen as súas condicións de contratación, inclúa cando menos as seguintes cuestións: OFICINA PARLAMENTAR Parlamento de Galiza Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421 gp-bng@parlamentodegalicia.es 15702 Santiago de Compostela Galiza

2.1. A duración dos contratos nos que interveña como subministrador un gandeiro terá unha duración mínima de 12 meses e estará vinculado á capacidade real de negociación de condicións e prezos por parte dos gandeiros. Unicamente se autorizarán contratos cunha duración inferior en casos excepcionais debidamente xustificadas como por xubilación do gandeiro.

2.2. O volume que debe ser subministrado polo produtor será igual ao volume entregado nos 12 meses anteriores á data de entrada en vigor do contrato cunha tolerancia entre un 5 e un 10%.

2.3. As empresas receptoras/transformadoras de leite teñen a obriga de presentar aos seus gandeiros subministradores unha oferta por escrito cunha antelación dun mes respecto á data de entrada en vigor dun novo contrato ou da renovación dun contrato existente. Esta oferta incluírá o prezo, o volume, a duración, o calendario de entregas, información detalladas sobre os prazos e procedementos de pago, modalidades de recollida ou distribución do leite cru e as regras aplicábeis en caso de forza maior.

2.4. Que a entrada en vigor dos contratos sexa a data de rexistro destes polo sistema de xestión dos contratos de leite GECOLE.

2.5. A creación da figura do mediador dos contratos lácteos, de carácter independente, que poida intervir en caso de conflito nas negociacións dos contratos por parte das organizacións de produtores de leite ou das asociacións de organizacións de produtores de leite recoñecidas en nome dos seus integrantes.

2.6. A regulación da figura dos primeiros compradores de leite no sentido de garantir a súa solvencia a través da constitución de avais cos que responder en caso de impago aos gandeiros subministradores. Os avais deberán estar dotados dun importe equivalente ao volume de leite adquirido polo primeiro comprador nun período de tres meses.

2.7. Que esta modificación do Real Decreto 1363/2012 sexa publicada no mes de decembro de 2014 de forma que estea en vigor no momento da renovación dos contratos que se vai producir a comezos do ano 2015.”)

(O G.P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Isabel García Pacín, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Instar o Goberno do Estado para que a modificación do Real Decreto 1363/2012 do 28 de setembro, polo que se regula o recoñecemento das organizacións de produtores de leite e das organizacións interprofesionais no sector lácteo e se establecen as súas condicións de contratación estableza as seguintes cuestións:

a) A duración dos contratos nos que interveña como subministrador un gandeiro terá unha duración mínima de 12 meses. Unicamente se autorizarán contratos cunha duración inferior en casos excepcionais debidamente xustificadas, por exemplo, por xubilación do gandeiro.

b) Que a data de entrada en vigor dos contratos sexa a data de rexistro dos mesmos polo sistema de xestión dos contratos de leite GECOLE.

c) A analizar a viabilidade da eficacia e eficiencia da figura do mediador dos contratos lácteos sobre a normativa actualmente vixente en materia de contractualización láctea, e a verificar a súa posible capacidade de acción para

que, desde o se carácter independente, poida intervir en caso de conflito nas negociacións dos contratos por parte das Organizacións de Produtores de Leite ou das Asociacións de Organizacións de Produtores de Leite recoñecidas no nome dos seus membros.

d) Que a citada modificación do Real Decreto 1363/2012 sexa publicada de xeito que estea vixente para a renovación dos contratos de comezos do ano 2015.

2. Promover o desenvolvemento da labor das Organizacións de Produtores Lácteos existentes en Galicia para que, dentro das súas capacidades e competencias, inicien as negociacións coa industria a fin de lograr os seguintes aspectos:

a) O volume que debe ser subministrado polo produtor será igual ao volume entregado nos 12 meses anteriores á data de entrada en vigor do contrato cunha tolerancia entre un 5 e un 10%.

b) As empresas receptoras/transformadoras de leite teñan a abrigo de presentar aos seus gandeiros subministradores unha oferta por escrito cunha antelación de 1 mes respecto á data de entrada en vigor dun novo contrato ou da renovación dun contrato existente. Esa oferta incluírá o prezo, o volume, a duración, o calendario de entregas, información detallada sobre os prazos e procedementos de pago, modalidades de recollida ou distribución do leite cru e as regras aplicables en caso de forza maior.

c) O acordo dos primeiros compradores sobre garantías de venda no sentido de garantir a súa solvencia a través da constitución de avais cos que responder en caso de impago aos gandeiros subministradores. Eses avais deberán estar dotados por un importe equivalente ao volume de leite adquirido polo primeiro comprador nun período de tres meses.

3. Adoptar as seguintes medidas de apoio ao sector lácteo galego:

a) Mobilización de terras agrarias para incrementar a superficie agraria útil das explotacións co obxectivo de incorporar maior superficie útil e de xerar cifras positivas en 2015. Vixiar e prohibir as plantacións forestais en terras agrarias.

b) Apoio institucional e económico ao proceso de concentración de industrias lácteas, sometido ao cumprimento de criterios de viabilidade e sostibilidade económica e produtiva.”)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Para a defensa da proposición non de lei, ten a palabra o señor García.

O señor GARCÍA GARCÍA: Grazas, presidente.

Quixera, en primeiro lugar, agradecerlles aos tres grupos parlamentarios e á Presidencia do Parlamento –que onte non tiveron oportunidade cando así o manifestou– a posibilidade de trasladar esta iniciativa de día e podela debater hoxe.

Fixémolo, e tiñamos interese en que fose hoxe precisamente, para que asistiran uns dos promotores desta iniciativa, que son os compañeiros de Unións Agrarias, do sindicato agrario, que dalgún xeito, nunha reunión cos tres grupos, nos trasladaron esa inquietude.

Polo tanto, vaia tamén a clarificación no sentido de que imos aceptar tal cal a emenda que plantexou o BNG, posto que dá traslado do posicionamento desta organización agraria, e non imos poder aceptar a emenda do Partido Popular.

Eu escoitaba antes ao señor Sánchez e chocoume, e vou seguir tamén aludindo as súas citas bíblicas. Seguramente hoxe, como San Pedro, negará o señor Feijóo e o Partido Popular por terceira vez o sector lácteo, e non sei se despois, unha vez que votemos, cantará o galo inmediatamente ou non.

Durante estes seis anos negouno en tres partes fundamentais, traizouno en tres ocasións fundamentais. Hai seis anos, cando firmou un acordo con eles, que xa estaban falando precisamente disto, de facer unha normativa que desenvolvera esas medidas de protección para as nosas explotacións, xa que falabamos hai seis anos da inminente desaparición do sistema de cotas. Faltan catro meses e aínda lle estamos dando voltas a ver se estudamos como afrontamos esa solución. Falaba tamén de incrementar a superficie agraria útil, de poñer medidas para a mobilidade de terras. Galicia seguiu diminuindo a superficie agraria útil nestes seis anos. Falaba de inxectar inmediatamente liquidez ás explotacións que naquel momento tiñan un prezo do leite moi

baixo, polo tanto, había que lles inxectar liquidez, e sacaron unha orde con 200.000 euros dos que non foron capaces nin sequera de adxudicar unha terceira parte. Falaban de todo iso, e inmediatamente traizoaron o sector.

A segunda gran traizón seguramente foi coa reforma da política agraria comunitaria. Cando, tal como xa temos dito aquí, por primeira vez os estados membros podían facer unha política agraria comunitaria achegada aos sectores, podían achegar o máximo posible esa dicotomía coa que viñamos convivindo entre produción e subvención, é dicir, que a subvención se parece o máximo posible á produción, sen embargo, para sorpresa de todos, a nosa conselleira, o noso Goberno, o Goberno da Xunta de Galicia, non só non tivo posición senón que se converteu na maior das “palmeras” do señor Cañete para defender os intereses doutras rexións do Estado e non as de Galicia.

E a terceira seguramente se producirá hoxe, por última oportunidade, se o Partido Popular non recapacita e o Partido Popular impide –que é o que sustenta o Goberno, e é no único en que coincido co señor Balseiro, en que efectivamente é o que decide se unha iniciativa sae adiante ou non– que aprobemos esta posición de Parlamento.

Unha modificación do decreto que chega tarde. Dende o primeiro momento, dende o minuto un, dende antes de que se elaborara ese decreto, nós xa dicíamos o mesmo: que tal como estaba non ía servir para eses fins que se pretendían. Alégrome moito, en todo caso, de que na emenda do Partido Popular poña por fin que hai que modificar o decreto. ¿En contra de cantas iniciativas miñas –deste grupo– votou vostede, señora Pacín, cando eu pedía que había que modificar o decreto? ¿Cantas discusións tivemos con vostedes e coa propia conselleira, en Pleno e na Comisión? ¿Cantas veces a conselleira, tan só unha semana antes de que a ministra anunciara que, efectivamente, había que modificar o decreto, defendía ese decreto e defendía ademais que estaban funcionando tremendamente ben?

Unha vez máis, vostedes chegan tarde. Unha vez máis, Galicia, que tanto por volume como por número de gandeiros, e sobre todo polo que representa para a economía deste país e para a economía rural deste país, debería estar liderando este sector a nivel estatal, que debería estar planteando esta modificación desde o primeiro momento, unha

vez que no mes de xullo a ministra reconece que ten que modificar o decreto e di que así o vai facer, debería poñer de forma inmediata unha posición de país, unha posición de sector. Estou convencido –e créanme que non é acritude– de que a conselleira aínda está hoxe lendo o borrador.

¿Que podemos esperar dunha conselleira que nunca foi por diante, como se puxo aquí de manifesto e como temos posto de manifesto en tantos temas nos problemas, que nunca se anticipou a nada, que nunca tivo nin un só planteamento político máis que pedirlle sempre ao sector sentidiño, cando se algo lle sobrou a este sector ao longo da historia foi sentidiño, quen non ten absolutamente ningún tipo de sentidiño é a propia conselleira?

Porque no fondo, ¿para que serve ou para que debeu servir este decreto durante todos estes anos? Unha vez que se aprobou a desaparición do sistema de cotas, Europa pon en mans dos estados membros unha ferramenta de protección, unha ferramenta, ademais, de protección do mercado interno, como é o caso máis afectado de España como país deficitario, e que a grandes rasgos significa dúas cousas ou se resume en dúas ideas moi básicas. Unha, extraer ou sacar o sector lácteo desas normas rixidas de competencia; é dicir, que o sector lácteo quede excluído desa normativa tan rixida de competencia, e, polo tanto, que poidamos falar claramente dunha negociación de prezos entre produtores e industrias. E tamén, como complemento, que isto se faga a través duns contratos que dalgún xeito dean estabilidade e dean fortaleza e protección ao sector.

Fundamentalmente, isto faise –e por iso preciso, e incido e repito– hai case catro anos, tres anos e pico. Daquela era inminente ter feito este decreto, hoxe quedan catro meses para que iso pase. É dicir, o decreto era para todo o período, sobre todo para adaptarse, para que este período de tránsito fora o máis suave posible para os produtores. Quedan catro meses para que acabe o proceso e seguimos discutindo aínda como facemos o decreto.

¿E que é o que pedimos nesa modificación? ¿Que é o que dicimos nesa emenda presentada polo BNG, que asumimos e foi o que se nos trasladou por parte de Unións Agrarias? Clarísimamente tres cousas, catro. Primeiro, que haxa contratos –algo básico–; é dicir, que se cumpra a lei. En Galicia estívose incumprindo a lei ao longo destes dous anos e

medio coa complicidade da Xunta de Galicia. Non coñecemos absolutamente nin unha soa actuación, cando é a que ten a competencia de vixiar que se cumpra esa lei, sobre ningún tipo de actuación en sentido de inspección nin en sentido de que flagrantemente se estea incumprindo a lei sen que se dixera nada.

Segundo tema que pedimos clarisimamente: unha obrigatoriedade de volume en base ás entregas anteriores dos últimos anos, cunha tolerancia que sexa mínima para dúas tres cousas, señores do Partido Popular. Primeiro, para que haxa unha garantía de recollida. Se non poñemos enriba da mesa medidas e o decreto non dá solución e non articula medidas para evitalo, imos estar –e non quero volver ser outra vez agoreiro do que vai pasar– con problemas de recollida de leite neste país en breves meses, porque a industria primará, sen dúbida ningunha, os gandeiros que lle poidan permitir producir o dobre e deixará aqueloutros que non lle interesen na ruta, ou que xeograficamente non lle interesen, sen poder producir.

Terceira cousa que pedimos tamén clarisimamente, que dixemos dende o primeiro momento, básico, fundamental e non negociable: a figura do mediador. Para que poida intervir en caso de conflito nas negociacións, e, sobre todo, para que haxa negociacións. Para que non se poidan asinar contratos a posteriori, como se veu facendo durante todo este período. Para que a única interlocución entre a industria e o produtor sexa que, ou firman o que lle dan, ou non lle recollen o leite. Polo tanto, señora Pacín, non podemos aceptar unha emenda que cando faltan catro meses, despois de tres anos discutindo iso, di que se estude se esta figura funciona ou non. É dicir, ten que estar máis que estudada. Que se regule a figura dos primeiros compradores para que non queden gandeiros colgados con débedas de dous ou tres meses. Empecemos polo primeiro: que a Xunta non subvencione a industrias e a primeiros compradores que están montando industrias –como pasou co de Alimentos Lácteos– e lles deben cartos aos gandeiros, algo tan básico coma isto.

Entón, ¿con que vostedes non están de acordo, señores do Partido Popular? ¿Con que de todos estes puntos mínimos e básicos, que era unha oferta de mínimos, a conselleira non está de acordo? ¿Cales destes puntos vostedes consideran que non son bos para o sector? Non estamos sendo vangardistas, non estamos innovando, non estamos inven-

tando absolutamente nada, estamos facendo o que deberíamos ter feito hai dous anos, e, sobre todo, o que fixeron o resto dos países europeos que agora os nosos gandeiros van ter que competir con eles.

Polo tanto, non estamos pedindo ningún tipo de milagre, non estamos nin sequera dicíndolle á conselleira –que xa non imos a tanto– que innove nin que sexa vangardista, ¡nada!, nin que lidere; nin que, dalgún xeito –que debería de ser así, polo que representa neste país–, teña iniciativa, para iso xa non chega; pero que cando menos faga o que fan o resto de países, porque lles estaríamos dando aos nosos gandeiros a ferramenta para poder competir en igualdade de condicións. Os nosos gandeiros compiten en prezo; os nosos gandeiros compiten en cantidade; os nosos gandeiros –a pesar de todas as dificultades que teñen de base territorial– chegan a competir en custos; os nosos gandeiros no que nestes case seis anos non levan competido, e non son capaces de competir, é en conselleira e en presidente da Xunta de Galicia.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

O señor GARCÍA GARCÍA: Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor García.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.
Señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: Bos días, señores e señoras deputadas. Grazas, señor presidente.

Benvidas as persoas que nos seguen desde a tribuna de convidados.

Eu teño que dicir, efectivamente –como xa manifestou o señor García–, que a emenda que hoxe presenta o Bloque Nacionalista Galego a esta iniciativa do Grupo Socialista non é de colleita propia, senón que é a asunción dunha petición realizada polo sector, ou en nome do sector por Unións Agrarias, a este grupo e aos outros grupos parlamentarios para que se puidese debater aquí este asunto que tanto ten que ver ou que tan importante e relevante resulta para o futuro do sector lácteo.

A min –porque xa explicou a problemática perfectamente o señor García– gustaríame partir de dúas reflexións. Primeiro, de cales son os principais problemas ou debilidades que ten o sector lácteo no noso país case podíamos dicir con carácter estrutural, pero que se agravan no contexto ao que nos enfrontamos, e que ten que ver con que a partir do mes de abril do ano 2015 os gandeiros e as gandeiras galegas, as explotacións galegas, van ter que operar nun contexto non suxeito á continxencia da súa produción. Xa se dixo aquí, os principais problemas son falta de terra para facer máis rendibles as explotacións agrarias; falta de vertebración do sector; falta dun sector de transformación do noso leite e que, polo tanto, lle dea valor engadido; e sobre todo o prezo que reciben os gandeiros

Hai que dicir unha vez máis desde esta tribuna que hoxe os gandeiros galegos son os que reciben polo seu leite o prezo máis baixo do Estado, e, polo tanto, podemos dicir que o prezo máis baixo de toda a Unión Europea. Despois de tempo, desde a entrada en vigor de todas as medidas contidas no chamado paquete lácteo, pódese dicir que –polo menos para o sector gandeiro galego– foi un auténtico fiasco e un auténtico fracaso porque non serviu para corrixir ningunha das situacións ás que se lle pretendía dar solución. Onte aparecía nun medio de comunicación a noticia de que seis de cada dez empresas que recollen leite no noso país ségueno facendo sen ningún tipo de contrato, e a Xunta mira para outro lado. E todo isto, señoras e señores do Partido Popular, dáse nun contexto –que é a outra consideración de carácter xeral que quixera facer– no que Galiza –grazas ao esforzo, ao sacrificio, á capacidade de traballo, á capacidade de mellorar as súas explotacións dos gandeiros e gandeiras– segue sendo o maior produtor de leite do Estado español. A pesar de todos os atrancos, de todos os paus na roda, a pesar de toda a propaganda do Partido Popular con ese Plan estratéxico do sector lácteo no que se ían investir 760 millóns de euros e que a día de hoxe creo que vostedes non poden aquí saír a dicir que se investiu especificamente fóra das axudas da PAC –ás que, por certo, xa tiñan dereito– e fóra do Plano de desenvolvemento rural sustentable financiado polo Ministerio de Agricultura. ¿Que fixo a Xunta de Galiza polo sector lácteo do noso país? ¿Que se fixo para incorporarlle terra? ¿Que se fixo para mellorar as condicións produtivas?

A pesar diso, o sector non só resiste, senón que se mantén á vangarda, que incrementa a súa capacidade de

produción, e vostedes o que lle poñen encima é a maza da lei. Porque a conselleira vén aquí permanentemente dicirnos que ela está para velar polo cumprimento da lei, e que se hai que impoñerlle unha sanción por sobreprodución, pois haberá que poñerlla. A maza da lei, por certo, non opera igual para todos; aos banqueiros e a moitos outros non lles poñemos a maza da lei na cabeza. Pero o máis grave da actuación da Xunta de Galiza é que, cando somos os que producimos o 40 % do leite que se produce en todo o Estado e temos máis do 50 % dos gandeiros, aínda estamos esperando, aínda están os gandeiros esperando, a que a Xunta teña unha posición de país, e sobre todo a que a Xunta lidere a nivel de Estado as decisións que se toman no sector lácteo. A Xunta está permitindo que as decisións que se toman no sector lácteo as lidere Murcia, Andalucía ou calquera que non depende, para a subsistencia de practicamente a totalidade do seu territorio rural, da existencia dun sector lácteo debidamente dimensionado.

E hoxe, coa emenda que propón aquí o Partido Popular, o que vemos é que a Xunta, unha vez máis, estivo esperando a que o ministerio sacara cal era a súa proposta de borrador para a Xunta traérnola aquí e que avalemos esa proposta de borrador, que, por certo, non recolle un elemento esencial como é darlles aos gandeiros e ás gandeiras instrumentos reais para poder ter unha negociación real cos compradores de leite e coas industrias.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

A señora PAZ FRANCO: É un borrador que, coma sempre, deixa o acordo entre as partes, e como moito o que lles permite é que se sometan á arbitrase civil e mercantil.

Non, señores e señoras do Partido Popular, aquí o que fai falta é darlles de verdade aos gandeiros instrumentos para que poidan negociar en igualdade, porque, se non, nunca, nunca, se vai resolver a situación dos prezos no sector lácteo e nunca se vai resolver esa desigualdade absolutamente inxusta e anacrónica.

Por iso, señores do Partido Popular, díganlle á conselleira que se poña á fronte disto e que deixe de dicir si, amén, a todo o que din en Madrid.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Paz.

Grupo Parlamentario Popular. Señora García Pacín.

A señora GARCÍA PACÍN: Grazas, señor presidente. Bo día, señorías.

Saudamos o público presente e tamén a toda a xente que nos ve ou nos escoita.

Coa aplicación do Real decreto 1363/2012 trasladáronse á normativa nacional regulamentos europeos, ao tempo que se derogou un decreto socialista ao noso entender inútil. Inútil porque foi publicado por instancia da presión que dende Galicia se estaba a facer. Señor García, os que temos memoria acordámonos dun proxecto de lei ao que no Congreso dos Deputados o Partido Socialista votou en contra; un proxecto de lei onde se contemplaban o que agora demandan e exixen: sancións. Si, señor García, non acene coa cabeza porque temos o borrador e todo o público que queira pode consultalo.

Daquela falabamos doutra paisaxe normativa, doutra realidade que hoxe esquecemos habilmente e pensamos todos que foi doado chegar ata aquí, onde a excepcionalidade parécenos normal, onde a posibilidade de negociación colectiva só é unha realidade para poucas producións primarias, o leite entre elas. A verdade é que gobernos do PP habilitaron, posibilitaron, lexislaron, outros deixaron borradores de leis que se aprobaron en meses porque non puideron ser posibles en anos; outros non negociaron en Europa, onde era o sitio cando era o momento, as medidas paliativas ante a desaparición do sistema prorrogado de continxentación que hoxe exixen e demandan. Fixeron deixazón de funcións cando lles tocou gobernar. Pero, imos ao asunto.

Decreto do que falamos, hoxe en vigor, que precisa de revisión e modificación para axeitálo á nova normativa, tanto a un regulamento europeo como a unha lei en vigor de España. Este decreto hoxe é posible modificalo porque existe, porque, como dicían aquí moi ben, non funcionou ou non se posibilitou. Pero hoxe si podemos falar de contratos obrigatorios, hoxe si podemos falar de organizacións de produtores lácteos reais.

Afirman que a modificación deste decreto vai ser, ou debe ser, a salvación, a supervivencia do sector, a súa modificación. ¡Como non!, coincidimos. A normativa é importante, imprescindible, pero vai ser o uso que se faga dela o que favoreza os obxectivos perseguidos por todos. E, como moi ben dicía o señor García, os obxectivos son semellantes para todos, pero todos temos máis razón ou menos en intentar conseguilos e en intentar acadalos. Esas son as diferenzas que nos separan.

Neste sentido, a proposta ambiciosa e longa de Unións Agrarias –que agradecemos porque realmente entendemos que todos temos que loitar, e así o temos manifestado publicamente, todos na mesma dirección– resúmese en catro puntos na emenda nacionalista; catro puntos que podemos apoiar case na súa maioría, pero temos matizacións que facer, e intentarei ser concreta.

No primeiro punto fan vostedes referencia á necesidade de que o Goberno galego lidere todas as modificacións, as medidas, as melloras no sector lácteo a nivel nacional. Eu creo que demos cumprida fe do que se está a facer, do que sempre foi, de que ese liderado existe.

E dicía o señor García que sempre lle votamos en contra da necesidade que recolle o segundo punto, que son as medidas, as modificacións deste real decreto. Señor García, votámoslle en contra porque se estaba facendo; vostede viña demandar algo que se estaba facendo e que ten como froito un borrador, hoxe coñecido polas comunidades e ao que poden aportar alegacións e melloras, e que se está facendo.

Como dicía, o segundo punto é máis longo, onde hai sete subpuntos ou sete subapartados. Aí é onde podemos coincidir nalgúns deles, sobre todo en catro puntos. Pero entendemos que hai algúns, tres puntos concretamente, que eu creo que é onde están as discrepancias ou as pequenas variacións, e é que podemos referir ou que podemos demandar das organizacións de produtores lácteos que sexan quen leven a cabo estes tres puntos.

Coincidimos, señor García, en demandar a duración anual mínima para os contratos: doce meses; mesmo na súa iniciativa vostede fala de dous anos; mesmo Unións Agrarias en 2012 dicía que doce meses era moito. Ben, a coherencia ao longo deste tempo, como vemos, foi mudando.

Coincidimos tamén en que a data de rexistro no Gecole sexa a mesma...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor, señora Pacín.

A señora GARCÍA PACÍN: ...que a da entrada en vigor dos contratos, en que a modificación estea en vigor para a renovación dos do ano 2015, de xaneiro de 2015.

E con respecto ao mediador, ninguén se opón ao mediador, pero temos que facer matizacións, señor García. Eu creo que se houbera ánimo de consenso, ánimo de atopar unha postura común das forzas políticas, das organizacións representantes dos produtores, se podería conseguir, pero aquí perséguese outros obxectivos.

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

A señora GARCÍA PACÍN: E, como sabemos que a nosa emenda non vai ser tida en consideración, anunciamos xa o seu rexistro como iniciativa para poder levar a cabo o que realmente demandamos todas as matizacións que vostede fai.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Pacín.

Grupo da Alternativa Galega de Esquerda, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bos días.

Ao pouco de tomar posesión como deputado deste Parlamento, o señor Feijóo acadou un acordo coas organizacións agrarias no que, entre outras cousas, se comprometía a introducir na Lei da cadea alimentaria mecanismos para que o prezo do leite se referenciara aos custos de produción e para liderar o proceso nesta elaboración da Lei da cadea alimentaria. Despois, desmobilizáronse os gandeiros, conseguiu desmobilizar os gandeiros, e o señor Feijóo desapareceu. Desapareceu ata que, por causas do mercado internacional, subiron os prezos do leite, e volveu aparecer para presumir do mérito desa suba do leite, cando era falso. Tamén se acordou neste Parlamento por unanimidade un acordo que facía referencia a garantir un prezo base para o leite que nunca fose inferior aos custos de produción.

Ben, cando comprobo que o señor Feijóo asinaba ese acordo e eses acordos sabendo que xa os ía incumprir, á miña cabeza véñense as palabras que escoitaba na feira de Betanzos: “¿Dónde está la bolita?, ¿dónde está la bolita?”. E os que din “¿Dónde está la bolita?, ¿dónde está la bolita?” son trileros. Estamos tratando cun goberno de trileros. E cun trilero non se pode negociar. Un goberno trilero non é un insulto, é unha cualificación dun goberno que promete unha caixa pública galega como obxectivo do seu éxito; cando a caixa non é caixa, que é banco, segue sendo un éxito porque é un banco galego; e cando o banco galego se converte en banco venezolano, o éxito é que temos unha sede na Coruña. Iso é “¿Dónde está la bolita?”; agora está aquí, agora está aquí, agora está aquí. Ese é un goberno de trileros.

Polo tanto, o Partido Popular ten en Galicia instalado o sistema e o modelo que o Partido Popular decidiu, e deixémonos de historias, e non é posible negociar con eles. Teñen o que vostedes chaman o libre mercado, que é a liberdade da industria, da distribución, para abusar dos gandeiros. Esa é a liberdade de mercado que hai. ¿Cal é a liberdade dun gandeiro hoxe en día despois de que se aprobara o decreto, a Lei da cadea alimentaria? ¿Cal é a liberdade dun gandeiro para negociar coa industria? Ningunha: ou o tomas ou o deixas. Esa é a liberdade do gandeiro, a liberdade de mercado, o que vostedes chaman liberdade de mercado, que é unha ditadura de mercado. Vostedes teñen este modelo, que só leva a unha parte, porque xa se experimentou noutros lugares do mundo; leva á concentración da produción, á precarización das condicións de vida dos gandeiros, á desertización do rural, porque é un modelo que concentra a produción e que non crea emprego. Ese é o modelo que vostedes decidiron. E non, a vía non é o consenso, sobre todo cando se incumpren reiteradamente os acordos deste Parlamento. Non é o consenso, é dicir claro que aquí hai unha confrontación de modelos.

Nós cremos que hai actividades que se teñen que protexer. Vostedes consideran estratéxico o sector enerxético e vostedes ás grandes empresas eléctricas garántenlles un prezo fixo e que lles causa moitos beneficios a estas empresas porque o consideran un sector estratéxico. E vostedes non consideran estratéxico manter un tecido produtivo no rural, a partir do cal se xere a economía que ten que fixar a produción. Vostedes non o consideran estratéxico. Vostedes garántenlle a Gas Natural Fenosa un prezo, pero aos gandeiros

ros non lles garanten un prezo. ¿A liberdade de mercado onde está? (*A señora García Pacín pronuncia palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA: Señora Pacín.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ¿Onde está a liberdade de mercado? (*A señora García Pacín pronuncia palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA: ¡Señora Pacín!

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Vostedes... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) están sometidos a uns intereses e punto. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) Vostedes teñen o seu modelo, pero non son capaces de dicilo ben ás claras. Non son capaces de recoñecer que vostedes teñen hoxe en día o modelo que queren, o modelo que queren: a desaparición do sector lácteo ou a concentración da produción nuns poucos, e a continua perda de poboación no rural.

Polo tanto, a cuestión é combater entre modelos que país queremos: ¿o país do Partido Popular, que está desertizando o medio rural, que está provocando o envellecemento do medio rural, ou se queremos protexer sectores produtivos que non hai outra maneira de que subsistan? Hai que protexelos, porque a economía produtiva necesita investimento en coñecemento, en tecnoloxía; o investimento en tecnoloxía e coñecemento que fixeron os gandeiros. Pero pódese destruír simplemente con dous anos de volatilidade de prezos, de prezos por debaixo dos custos; pódese destruír, e como país non podemos permitir a destrución dese sector. Polo tanto, temos que poñer medidas que os protexan. E vostedes ao que se están negando é a poñer esas medidas, porque as medidas que vostedes levaron a cabo non solucionaron o problema crucial, que é que cando un gandeiro vende o leite o prezo llo pon a industria, e o prezo que queira, e se é por debaixo dos custos de produción é por debaixo dos custos de produción, e vostedes non fan nada para impedilo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Grupo autor da proposición, señor García.

O señor GARCÍA GARCÍA: Grazas, presidenta.

Señora Pacín, non é cuestión de redactar nin de aproximar. Nós non imos ser cómplices unha vez máis dunha redacción que estudaremos, que miraremos, que analizaremos, que trasladaremos... Non imos ser cómplices, ¡alá vostedes! Isto é cuestión de facer o que hai que facer ou non hai que facer. E diciámolo entón e volvémoslo dicir agora: nós non imos volver ser cómplices –non o fomos entón e non o imos ser agora– de que o señor Feijóo engane o sector.

E digo o señor Feijóo porque, señora Pacín, pola conselleira xa ninguén espera. Este tema debería ser para o presidente. Oxalá teñan moita sorte co de Radio Exterior; agora, pola experiencia que temos no sector lácteo, mal llela fío aos mariñeiros se pensan que iso se recupere porque Feijóo estea facendo xestións.

Señora Pacín, o decreto socialista... Xa llo expliquei mil veces... Vamos ver, había un borrador do decreto, que era cando Europa aprobou que se podía facer o borrador do decreto, e vostedes chegaron e tivérono no conxelador, e modificárono durante sete ou oito meses. Iso foi así, non é opinable.

Señora Pacín, ¿como ten vostede a cara dura de dicir que teñen que ser as OPL as que velen polo cumprimento dos contratos? Pero, ¿que fixeron vostedes por facer unha OPL, se o único que fixeron foi poñer trabas a aqueles que o quixeron facer? ¿Cantos recursos destinaron vostedes nos catro presupostos que levan feitos para a creación das OPL? Como lle teño dito á conselleira, ¿vostede que pensa, que un día, despois da misa, todos os gandeiros de Galicia chegaron á conclusión de que hai que facer unha OPL? ¿Como se fai isto?; ¿por ciencia infusa?; ¿dicindo aquí a conselleira ao sector que ten que ter sentidiño, con chorradas? Non, señora Pacín.

Contratos obrigatorios... ¿Pero de que me fala de contratos obrigatorios? A conselleira dá os datos aquí cada vez que vén. ¡Se hai gandeiros que aínda a día de hoxe, despois de levar vixente a lei dous anos, nunca viron un contrato!

Señora conselleira, non lles agradeza nada aos de Unións Agrarias, os de Unións Agrarias non queren agradecemento,

voten vostedes o que crean que teñen que votar, porque ademais cren que é así.

E non entendemos cal é o problema da señora conselleira para defender isto. Igual que lle dicíamos na PAC, nin sequera lle teríamos que pedir resultados. O que lle terán que pedir os gandeiros galegos á conselleira, e ao seu presidente –porque da conselleira xa non esperan nada, como lle teño dito noutras ocasións–, é que os defenda.

Polo tanto, se esta é unha postura razoable e boa para os produtores, non logramos entender cales son os intereses polos que vostedes non poden apoiar.

Señora Pacín, mire, a situación é clara, vostedes... O señor Feijóo, cada vez que tivo un discurso durante todos estes meses e durante estes anos pensaba que o leite estaba, daquela, en bo prezo porque el era presidente. Nada máis, non había que facer nada máis ca que el fora presidente, era o que dicía. O sector lácteo ten que servir para moito máis e teñen que lle dedicar moito máis que para reencher, ou para rellenar, discursos de investidura e discursos de debate do estado da Autonomía. Na práctica, vostedes, co sector lácteo, despois de seis anos, aínda non fixeron nin unha soa acción.

A señora PRESIDENTA: Señor García, por favor.

O señor GARCÍA GARCÍA: É verdade que a conselleira sempre di que acompaña. Xa nunca di que vai por diante; ela só está, estará, acompañando aos sectores. Non necesitamos espectadores nin necesitamos agradecementos ao sector, necesitamos gobernantes.

Señor Feijóo, governe e teña en conta o sector lácteo...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor García.

O señor GARCÍA GARCÍA: ...da conselleira xa ninguén espera nada.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

Votación das proposicións non de lei

A señora PRESIDENTA: Pasamos á votación das proposicións non de lei.

Comezamos pola proposición do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de don Antón Sánchez.

Señor Sánchez, ¿non aceptaba a emenda do Bloque Nacionalista Galego? Ben. (*O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Asentimento.*) Entón, votamos a iniciativa coa emenda do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as xestións que debe realizar a Xunta de Galicia diante do Ministerio de Fomento para o emprego do investimento destinado á ampliación da autoestrada do Atlántico (AP-9) en Vigo para educación e sanidade.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 16; votos en contra, 59.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

A señora PRESIDENTA: Votamos a proposición do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Pablo García García, que coído que dixo que non aceptaba a emenda do Grupo Popular e si aceptaba a emenda do Grupo do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Pablo García García e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia ante o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para modificar o decreto que desenvolve o “paquete lácteo” e harmonizar un plan para a xestión dos últimos meses de vixencia do sistema de cota láctea

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

A señora PRESIDENTA: Votación da proposición do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do señor Fernández, á que non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Raúl Fernández Fernández e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación en que se atopa o sector do transporte de mercadorías por estrada.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

A señora PRESIDENTA: Votamos a continuación a proposición do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de don Román Rodríguez, que entendo que non acepta as emendas presentadas. (*Asentimento.*)

Votamos a iniciativa.

Votación da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Román Rodríguez González e sete deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proceso de reforma do mapa de titulacións universitarias.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 34.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta iniciativa.

A señora PRESIDENTA: Votamos a proposición do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da señora Adán Villamarín, que entendo que non acepta a emenda do Grupo Popular.

Polo tanto, votamos a iniciativa.

Votación da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María do Carme Adán Villamarín e tres deputados/as máis, sobre as medidas e actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de loita contra a violencia de xénero.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición.

A señora PRESIDENTA: Votamos a proposición do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa do señor Puy, na que entendo que hai unha transacción coas emendas do Bloque Nacionalista e de Alternativa. ¿Si?

Por favor, déanlle voz ao escano do señor Puy Fraga.

O señor PUY FRAGA: Si, hai unha transacción, de xeito que queda o texto da proposición da seguinte maneira:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que demande da Administración tributaria estatal que teña en conta os pronunciamentos do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en relación coa natureza xurídica da transmisión *mortis causa* dos pactos sucesorios de mellora e apartación realizados ao abeiro da Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia, para os efectos da súa non tributación no imposto sobre a renda das persoas físicas”.

A señora PRESIDENTA: Entón, votamos a transacción á que deu lectura o señor Puy Fraga.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Pedro

Manuel Arias Veira e seis deputados/as máis, sobre a demanda do Goberno galego á Administración Tributaria estatal relativa á consideración do pronunciamento do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia respecto dos pactos sucesorios de mellora e apartación no IRPF.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73; abstencións, 1.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta iniciativa.

A señora PRESIDENTA: Votamos a proposición do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, á que hai unha emenda do Bloque Nacionalista Galego. ¿Aceptan a emenda do Bloque Nacionalista Galego? (*Asentimento.*)

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e D^a María Consuelo Martínez García, sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa Resolución pola que se autoriza o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal correspondente á liña de alta tensión entre O Irixo e Lalín.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición.

A señora PRESIDENTA: Votamos a proposición do Grupo Parlamentario Mixto, por iniciativa da señora Iglesias Sueiro, á que non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G.P. Mixto, por iniciativa de D^a Carmen Iglesias Sueiro, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa implantación de plans de ensino coeducativo nos centros escolares.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición.

A señora PRESIDENTA: E votamos, por último, a proposición do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do señor Rodas Chapela, á que non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Daniel Rodas Chapela e D^a María Montserrat Prado Cores, sobre a demanda polo Goberno galego a RTVE de reposición das emisións en onda curta de Radio Exterior de España.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 75.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta iniciativa por unanimidade.

A señora PRESIDENTA: Continuamos co desenvolvemento da orde do día co punto 6, de interpelacións.

Interpelación de D^a María Soledad Soneira Tajés e dous deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o coñecemento e a actuación da Xunta de Galicia en relación con feitos obxecto de investigación xudicial

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra a señora Soneira para formular a súa interpelación.

A señora SONEIRA TAJES: Señora presidenta, señoras deputadas e señores deputados.

Señor conselleiro, vou empezar por dicir que, desgraciadamente, a corrupción non é patrimonio de ninguén. Historicamente témolo visto en todos os sitios e hoxe estámolo vendo e está nos grupos políticos, está na Igrexa católica,

está en organizacións empresariais, está en todo e está en casos particulares. Polo tanto, iso non é patrimonio de ningún.

Pero ultimamente, señor conselleiro, o que está causando bochorno é que dá a sensación de que os casos de corrupción asociados coa súa formación política teñen un carácter transversal, case sistémico. Todos os casos de corrupción que se están dando en España teñen ao Partido Popular de Galicia como un dos seus focos principais, e en todos eles hai unha vertente, polo menos nas denuncias públicas, de financiamento irregular do Partido Popular.

E vostedes non axudan porque non comparecen; vostedes hoxe veñen aquí porque o traemos a través dunha interpelación, porque se negaron vostedes a que o señor presidente viñera. Por certo, vostede tamén parece que é refractario a vir aquí porque xa no pleno pasado, cando tivo que vir substituír a unha compañeira, incluso trouxo un argumento peregrino, case acusándonos a nós de non respectar os dereitos da señora conselleira despois... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

A señora SONEIRA TAJES: ¿Vostede está seguro, señor conselleiro, de que a señora conselleira de Obras Públicas, Medio Ambiente e demais non estaba en Sogama? Porque a señora conselleira aquí non dixo que non estaba. A señora conselleira dixo que ten unha irmá xemelga e que é funcionaria da Xunta. *(Murmurios.)* Non dixo de ningunha maneira que ela non estaba alí, *(O señor Gómez Alonso pronuncia palabras que non se perciben.)* e comendo co seu presidente.

A señora PRESIDENTA: ¡Señor Gómez Alonso!

A señora SONEIRA TAJES: Polo tanto, señor Rueda, que non os informen a vostedes como informan ao señor presidente, para que despois veña aquí columpiarse como se columpiou hoxe pola mañá.

Miren vostedes, imos facer a secuencia e ademais de maneira sucinta.

Gürtel, trama corrupta con ramificacións en Madrid, Valencia e en Galicia, onde un dos principais implicados foi

secretario de organización do Partido Popular de Galicia. ¿E que di este señor que se supón que ten información e ademais era de confianza? Porque este señor, despois de deixar o seu cargo orgánico, estivo en Portos de Galicia. Polo tanto, algunha confianza había e algunha credibilidade tería.

E este señor dinos: en anos electorais o Partido Popular de Galicia era capaz de recadar ata 2 millóns de euros en negro. Está publicado, vostedes nin o denunciaron nin o desmentiron. E di máis, di que en exercicios normais ata 200.000 euros en diñeiro negro anuais. Iso é o que di. Di máis: di que ten pagado a cargos do Partido Popular en Galicia con diñeiro negro sobrees de sobreesoldos. Nin o desmentiron nin o denunciaron.

Na contabilidade do caso Bárcenas aparecen ingresos en negro, segundo os datos que aparecen alí, do Partido Popular de Galicia: 2006 –datos publicados–, 2.598.738,89 céntimos. Sen embargo, vostedes declaran oficialmente 208.300; é dicir, só un 8 % do total.

Nesa relación de donantes hai un montón de empresas, e algunhas delas saíron onte no debate, porque algunha delas é, teoricamente –nestes papeis que vostedes non denunciaron nin desmentiron–, a maior doadora –permítanme a licenza–. E, claro, despois atopámonos con cousas un pouco estrañas.

A Unidade de Delitos Económicos e Fiscais di que vostedes pagaron a súa sede en Pontevedra con diñeiro negro; informe que pasou ao xuíz e que vostedes nin desmentiron nin denunciaron por falso. E aínda está por aclarar, señor Rueda –supoño que isto sairá algún día– como financiaron vostedes a súa sede en Santiago de Compostela. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Evidentemente, todos temos unha hipoteca, pero a de Pontevedra rescatouse con diñeiro negro. Iso dío a UDEF, non o digo eu. Está nos papeis, ¡eh! Non lle dea á cabeza, iso é o que di a Policía, a Unidade de Delitos Económicos e Fiscais. E vostedes, pois, non sei...

Claro, agora aparece a Operación Zeta; a Operación Zeta que vostedes queren converter nun salpique para todos. Non, non, xa o dixen onte, adxudicar subvencións para cursos de formación non é ilegal, o que é ilegal é que se dea a subven-

ción, non se fagan os cursos e ademais o que recibe a subvención diga que entre outras cousas son para financiar o Partido Popular. Está publicado. E ademais di: “*Y teníamos a la persona, a un seguidor*”, que é amigo do presidente da Xunta, incluso pernocta en Monte Pío, e ademais páganlle por iso. Está publicado. Vostedes non denunciaron a quen di esas cousas. E, polo tanto, eu ¿que quere que lle diga?

Aquí hai unha cousa curiosa. Empeñáronse vostedes onte e hoxe, e o presidente, en dicir que foi a Consellería de Traballo quen denunciou as irregularidades. E ademais din: é que nós xa o fixemos en 2012. A ver se mo explica vostede, porque eu, como di un amigo meu, moi intelixente non son, pero a media douna, asegúrolllo; a media de intelixencia, ata aí chego.

Se vostedes denuncian en 2012 as irregularidades porque van vostedes por diante de todo, ¿como é que o señor Odilo Martiñá non dimite ata outubro de 2014? ¿Como mantiveron vostedes o raposo no galiñeiro dous anos máis?

E, ademais, o señor presidente, cando dimite o señor director de Traballo e Economía Social e se lle pregunta polo tema, di que son “asuntos persoais”. Só lle faltou dicir aquilo que dicía a miña avoa cando se quería librar de algo: “Que Deus o vexa ir”. Iso dicíao a miña avoa.

Hoxe o presidente xa dixo que detectara a persoa que cometía as irregularidades e que cobraba –parece ser que cobraba–; iso díxoo o presidente hoxe. Pois, ¿que quere que lle conte? E van cinco persoas. E este señor director xeral dimite como hoxe e mañá ten que pasar por comisaría. Eu non sei se lle parece normal, pero a min moito non. E o presidente non dá explicacións, e a conselleira tampouco.

Por certo, hoxe o presidente sacou o tema do señor alcalde de Ferrol. Créame, eu, ademais, téño publicado nas contatas que teño nas redes sociais. E o que digo é: ¿quen resarce o señor alcalde de Ferrol e o seu partido do dano ocasionado? E o señor presidente díxoo hoxe. E agora preguntolle, preguntolle a vostede para que llo diga a el: ¿e o señor presidente pediu perdón polo que ten dito e as exixencias de dimisión do señor Pepe Blanco no caso Campián, que sacou el hoxe e que aínda non lle escoitamos nada? Por certo, e nese caso mantense a imputación, por exemplo, a un ex deputado do Partido Popular e a cargos do Igape que foron

nomeados polo señor presidente. É que o señor presidente retorce estas cousas de tal maneira que parece que el nunca estivo en nada. Está no Igape, está Cobián. E, por certo, este señor que está no cárcere recibiu cuantiosas subvencións do Igape dous meses despois de ser recibido polo señor presidente.

E logo temos a Operación Púnica, que veremos o que dá de si, porque hai adxudicacións aquí tamén cuantiosas.

Como eu teño pouco tempo, vou ao gran, señor vicepresidente: ¿pagou o Partido Popular a súa sede en Pontevedra con cartos negros, como di a UDEF? E agradeceríalle que nos contestara. Se é así, ¿de onde saen os cartos negros, señor vicepresidente? ¿A Xunta de Galicia ten aberta unha investigación sobre isto? Porque se dá por suposto que aquí, en todo caso, hai un delito contra a facenda pública. ¿Hai aberta algunha investigación para ver se iso é certo ou non é certo? Porque todos nós cando imos facer unha transacción dese tipo temos que pagar.

¿Por que non dá explicacións o señor presidente?, porque mire que temos pedido a comparecencia, e da señora conselleira de Traballo. ¿Por que non denuncia o Partido Popular e o Goberno todas as persoas que fan acusacións tan graves contra o presidente da Xunta sobre financiamento irregular...,

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

A señora SONEIRA TAJES: ...sobre a comisión de delitos; porque se ten dito que o presidente da Xunta informaba das escoitas telefónicas? ¿Quen informa en todo caso o presidente da Xunta ou a un digno familiar da señora Paula Prado, que tamén está investigado polas filtracións? ¿Quen o fai? ¿Faino algún policía? ¿Faino o fiscal? ¿Quen o fai? ¿Por que non veñen vostedes contalo? ¿Por que vostedes a teñen bloqueada de facto? E non vale que agora nos veña presumir o presidente porque meteron un documento á Comisión de Prevención da Corrupción. ¿Están dispostos a que veñan a esta comisión todas estas persoas que fan estas acusacións ou non están dispostos por un “se acaso”?

¿Por que a Xunta de Galicia non apartou as persoas, os funcionarios, que dimitiron ou foron cesados dous anos despois na Operación Zeta, cando teoricamente sospeitaban que había irregularidades e que foi a Policía?

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Soneira.

A señora SONEIRA TAJES: Eu creo, señor Rueda, que é momento de que este goberno dea explicacións, porque xa o dixen onte: vostedes non son calquera, son a Xunta de Galicia, e o seu partido o primeiro partido de Galicia, e a...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Soneira.

A señora SONEIRA TAJES: ...sombra da corrupción é transversal neste momento sobre o Partido Popular. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra o vicepresidente da Xunta.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías, bos días.

Señora Soneira, empezo dicindo unha cousa por se se me olvida despois. Vostede fala de pedir desculpas e de acusacións. Ao señor Agustín Hernández denunciárono vostedes. A causa de Agustín Hernández arquivouse. Aínda está esperando a que o primeiro lle pida a primeira desculpa. Dígo para que tome vostede nota.

Dito isto, mire, alguén dixo que a insistencia é o último refuxio daqueles que ou non teñen imaxinación ou non teñen propostas ou teñen algo que agochar. Nós, desde logo, non temos nada que agochar; temos imaxinación, temos propostas e, polo tanto, aquí estou eu, como podería estar calquera compañeiro do meu goberno, respondendo a esta interpelación e ás que faga falta, señora Soneira.

En setembro de 2013 dei resposta a unha interpelación do seu grupo, do Grupo Parlamentario Socialista, plantexada en termos moi similares a esta. Despois, en decembro –se non recordo mal–, o Grupo Parlamentario do BNG fixo unha iniciativa –creo que tamén era unha interpelación– tamén nos mesmos termos, cos mesmos argumentos, as mesmas referencias e as mesmas citas. Só hai unha novidade aquí, estou de acordo en que hai unha novidade: que vostedes, como dese ser que o estamos facendo moi ben en emerxencias, que o estamos facendo moi ben en xustiza, que o esta-

mos facendo –falo da miña consellería, que é a que está aquí– ben en Administración local, na Unión Europea, pois me chaman outra vez para insistir no de sempre, cuns argumentos, no aí, aí –que iso vostedes o saben facer moi ben–, a ver se algo cae, e resulta que sobre estes dous asuntos –financiamento irregular e vinculación co narcotráfico– temos nas últimas datas dado resposta dende o Goberno a intervencións orais, por escrito, remisións de información, ¿sabe a canto, señora Soneira? A 41 iniciativas tramitadas, e respondidas dun xeito ou outro polo Goberno.

Polo tanto, xa digo, moi ben debemos estar a facelo nas áreas ou moi ben teño que estar a facelo eu e o meu equipo nas áreas que me corresponden porque polo que me preguntan é por isto e non por outras cousas.

Volven, iso si, utilizar o Parlamento para interpelar o Goberno, para preguntar por investigacións, por declaracións, por insinuacións. Volven vostedes facer de xuíces. Xa teñen os acusados, que somos nós, xa teñen a sentenza; o que teñen que facer é de xuíces, que é o que lles gusta facer e que é o que fan continuamente. E ao final están pedindo..., non sei se piden que nós suplantemos os xuíces. Nós, dende logo, non o imos facer. Decía a señora Gallego esta mañá que era unha casualidade, que cómo algunhas resolucións xudiciais... Esas insinuacións que lles gusta facer sempre sobre a actuación do poder xudicial non as imos facer nunca; vostedes fanas continuamente, non sei por que, non sei se porque nalgún momento caeron na tentación de intentar ese tipo de prácticas.

Mire, nós cremos na separación de poderes, por iso non imos facer nunca o que vostedes insinúan continuamente. Respectamos as decisións xudiciais, respectamos as investigacións en todos os casos de corrupción. Vostede di que é transversal, pero vostede despois di –que ten unhas orelleiras– que a súa sensación é que só afecta a un determinado partido político. Ten unhas orelleiras, de verdade, moi ben apertadas para non ver o que lles está tocando a vostedes tamén. *(Aplausos.)* ¡Unhas orelleiras moi ben apertadas!

E, polo tanto, imos dicir que se investiguen todos os casos de corrupción, afecten a quen afecten, sexan cargos políticos, que os hai, ou sexan outro tipo de cargos, que tamén os hai.

Colaboración coa xustiza, por suposto, sen insinuación, sen intentar manchar o seu nome, aportando a documentación que nos pidan, como estamos facendo, e acatamento tamén, por suposto, das sentenzas e tamén en defensa da restitución de fondos públicos, cando así o decida a xustiza. Niso consiste crer na xustiza e non en facer insinuacións, como fan vostedes continuamente sobre a actuación de membros do poder xudicial.

E, por suposto, tamén á marxe das investigacións que haxa en curso, seguiremos facendo o que facemos sempre, o que anunciamos aquí e o que tanto os alporiza, que é que, cando queiramos que haxa unha irregularidade, a poñeremos en coñecemento do ministerio fiscal, como fixemos respecto da Operación Zeta, por moito que a vostedes lles fastidie e por moito que lles fastidie que se diga e que se demostre con datos que así foi.

Este truco que teñen vostedes de interpelar o Goberno para acusar o partido é moi vello. ¡Pero se levan así todo o tempo! ¡Pero se ao final non cren na separación de nada! Iso, ao final, é dicir non á corrupción en vez, despois, desas proclamas de dicir que afecta a todo o mundo e que, polo tanto, todos debemos loitar unidos. Ao final, fan iso das oreilleiras e de dicir vou falar dos demais para non ter que falar de min. Non queren reflexionar, non queren debater, queren simplemente –e iso fano moi ben– acusar co dedo.

Miren, isto creo que é un asunto –cremos, no Goberno da Xunta de Galicia, e estou falando aquí como membro do Goberno da Xunta de Galicia– moi serio, que exige máxima seriedade, e vou intentar enfocalo así, a ver se vostede me deixa. Mire, primeiro, a corrupción non ten patria, señora Soneira, creo que estaremos de acordo con iso. Os procedementos abertos neste momento afectan, por desgraza, a todos os partidos políticos, afectan a organizacións sindicais, afectan a organizacións empresariais, a organizacións profesionais, afectan a cargos públicos e a cidadáns particulares. Eu creo que se algo demostra a situación actual que estamos vivindo é que agora, cando menos, o Estado de dereito está funcionando; agora, cando menos, os resortes, os sistemas de control, están activados e están funcionando a pleno rendemento. Creo que hai exemplos de sobra: demóstrase a independencia, polo menos neste momento, e quero pensar que noutros momentos tamén, e non vou facer ningunha acusación directa, como, insisto, vostedes fan continuamente

te amosando, como mínimo, unha gran temeridade, unha gran falta de respecto á independencia e á separación de poderes.

Segundo datos de marzo de 2013 –que se ofreceron na Comisión de Interior do Congreso– o 65 % das investigacións da Policía e da Garda civil que estaban en curso nese momento foran abertas baixo o actual Goberno de España, baixo a actual Administración central, en 2014, señorías. Polo tanto, están funcionando os resortes, e eu alégrome de que sexa así, de que se visibilice, ademais, este combate.

E, mire, estará tamén de acordo comigo en que a corrupción non é só un asunto de ética –por suposto que tamén é un asunto de ética–, é un asunto de apego á lei, de conduta cívica; afrenta a convivencia, incide no sistema económico, dende logo que produce malestar, dende logo que produce desconfianza, que produce indignación e, polo tanto, é un labor de todos os cidadáns e tamén de todos os representantes políticos combatelas.

Eu non creo que sexa inevitable e creo que é unha lección que todos temos que extraer e, polo tanto, dende logo, dende o Goberno galego estamos facendo, estamos tomando, medidas que nunca se aplicaran –e hai que dicilo– ata o de agora, quizais porque o contexto non era o actual ou, polo tanto, non sentiamos esa demanda, como dende logo estamos sentindo todos agora, e probablemente houbera que sentilo moito antes. Queremos incrementar a transparencia, queremos incrementar os mecanismos de control e reducir a arbitrariedade. ¿Como estamos facendo? Pois arbitrando medidas dende o Goberno e pedindo a súa colaboración, que, por certo, non temos nunca. A súa postura foi sempre a do non fronte a estas medidas, e pónolle exemplos. Hai un ano debatemos no Parlamento a Lei de racionalización do sector público. ¿Que propoñiamos? A obrigatoriedade de publicar o patrimonio dos membros da Xunta, no nomeamento e no cesamento, e de facer comparación entre o que había ao entrar e o que había ao saír, e dixeron que non; a rebaixa á metade do límite que a lexislación básica pon xa para os contratos menores, para aqueles que non requiren expediente ou requiren un expediente mínimo, e dixeron que non; o control para consolidar a centralización de contratos, para impedir o non acceso de calquera tipo de empresa que cumpra os requisitos de tramitación, e dixeron que non a todo isto. Señora Soneira, vostede, ao mellor, non era cons-

ciente cando votou que non a esa lei, pero dicíamos todo iso e dixeron que non.

Nós dixemos que si á súa Lei de transparencia no ano 2007, e despois, cando o actual Goberno de España levou unha lei de transparencia ao Congreso dos Deputados, vostedes tamén, os seus compañeiros en Madrid, dixeron que non. Este mesmo ano entrou en vigor un novo código ético institucional dende a Xunta de Galicia. ¿Que dixeron vostedes diso? Dixeron que era papel mollado, que non aportaba nada, que era innecesario. Supoño que vostede tamén estaría de acordo con iso. Despois, por certo, o seu líder, o señor Pedro Sánchez, dixo –e teño que lelo porque o presentou, despois de vostedes dicir que era papel mollado no seu código ético–, presentou, un código socialista, que dicía que se ocupaba cargo público *“promoveré, en el ejercicio del Gobierno, la aprobación y la aplicación de códigos éticos que garanticen ejemplaridad, austeridad y el cumplimiento de elevados principios éticos”*. Eu xa sei a opinión que lle merecen a vostede as manifestacións do señor Pedro Sánchez pero nisto, polo menos, deberían dicir que si. Polo tanto, cando nós fixemos o noso código ético, probablemente terían tamén que ter dito que si porque seguro que coinciden moito co que vostedes poden propugnar, porque, ao final, o que se defende defendémolo todos, e estamos de acordo.

Mire, hai poucos días o señor presidente da Xunta de Galicia presentoulle ao señor Besteiro unha serie de medidas. Despois de tres horas e media de conversación, a conclusión do seu líder, do líder do Partido Socialista, foi pasapalabra: eu non quero falar nin sequera das medidas anticorrupción que o mesmo Partido Socialista propuxo porque moitas delas eran as que vostedes propuxeron. Dixo que había que vir aquí falar ao Parlamento, por suposto non do de todos, só do duns, porque, volvo dicir, mentres falemos do duns, non falamos dos demais, e nós queremos falar do dos demais porque non temos orelleiras. Hai que falar de todos para entre todos arbitrar medidas que vexan os cidadáns. Vostedes seguen nesta política de querer sempre o dedo acusador, de falar duns e non falar de todos. E, se temos un problema, teno a sociedade, e teremos que resolvelo entre todos.

Como teño poucas esperanzas de que vostedes entendan esta mensaxe, que é a mensaxe que nos dan os cidadáns, sigan como durante todo este tempo...

Por certo, fala da sede. Hai cinco anos estiven falando da sede do Partido Popular autonómico, da sede rexional. Naquel momento dixeron todo o que dixeron, dixeron que iamos ir ao fiscal, díxoo o señor Lage –que vostedes despois xubilaron sen honores–. ¿Sabem en que queda todo o que hai aquí, as bravuconadas, as cousas que din, ao non entender que isto é unha cousa de todos, que isto é un compromiso ético e ao non entender que os cidadáns están mirando?

Eu non teño orelleiras, nós non temos orelleiras, falemos disto en serio, que, de verdade, vistos os antecedentes, poucas esperanzas temos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Réplica da señora Soneira Tajés.

A señora SONEIRA TAJES: Señor Rueda, isto vai de que a oposición pregunta e o Goberno contesta, e vostede saberá que a última enquisa importante que se fai habitualmente neste país situaba a corrupción como unha das preocupacións principais dos cidadáns, facendo referencia a isto último que dixo vostede. E como a oposición pregunta e o Goberno ten que contestar, eu volvo preguntar: ¿pagou o Partido Popular a súa sede en Pontevedra con diñeiro negro? Vostede non me contestou.

Porque eu llo dixen antes: a corrupción individual non é patrimonio de ninguén, pero cando todos estes casos de corrupción levan asociados o financiamento irregular dunha formación política isto xa non é un asunto particular que pode caer en calquera casa, na nosa, na do veciño ou na de calquera, e non o di esta deputada nin este grupo, é que llo dixo onte a Audiencia Nacional, que pasaron vostedes de estar personados a ser posibles acusados dun delito por beneficiarse da trama Gürtel. E non llo estou dicindo eu, díxollo a Audiencia Nacional. ¿Tampouco lle merece ningunha credibilidade?

A UDEF non ten credibilidade ningunha. ¡Home!, eu non o sei, pero deberíamos darlle unha volta a isto. ¿E como tratan vostedes todo isto, señor Rueda? Vostede, cando fala aquí da separación de poderes, eu quero lembrarlle unha ocasión na que vostede un día se vestiu de responsable orgánico do seu partido, inventou unha trama agraria e, ao día seguinte, como vicepresidente da Xunta, vista a alarma

social creada por vostede mesmo o día anterior, resulta que puxo a traballar a todo o aparato da Xunta de Galicia para detectar as irregularidades. E mantiveron unha organización no dique seco ata que non se aclarara aquilo. Bueno, os tribunais dixeron o que dixeron. ¿Vostedes por que non fixeron isto na Operación Z? ¿Por que vostedes non iniciaron unha investigación diante do que di a UDEF? ¿A vostedes non lles preocupa que neste país se compren, se vendan, se rescaten hipotecas con cartos negros? Porque incluso é bo para vostedes, porque se a investigación demostra que non hai nada, acábase con isto, e non se dá pé a que se siga esta bóla continuamente que acaba danando todo o sistema. Non vivamos equivocados, señor Rueda. Cando as acusacións son tan graves e de tal calibre e implican ata o presidente da Xunta, o seu partido e as institucións, ao final o que acaba danado é o seu propio sistema. E non vivan vostedes –díxeno onte–, non pensen que por aparcar a porquería nun lado iso non vai desprender mal olor, porque, ao final, acaba saíndo absolutamente todo.

E nin sequera se arregla, señor Rueda, tendo a colaboración necesaria dos medios de comunicación públicos. Mire, eu o outro día é que non daba crédito: Operación Púnica, todos os medios de comunicación de Galicia sacaban os contratos que tiña a Xunta de Galicia coa principal empresa implicada. Non se dicía que foran ilegais nin que houbera nada raro. ¿Como se tratou a noticia no telexornal da nosa televisión, que pagamos todos, que é de todos e que teoricamente tiña que ser plural? Fondo: un cartel enorme roxo, anagrama do PSOE; titular por debaixo: 50 militantes da Federación Socialista madrileña piden a dimisión de Tomás Gómez. Esa foi a noticia que deu a Televisión de Galicia. E, ¿por que?...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, señora Soneira.

A señora SONEIRA TAJES: Pero esa non é a cuestión; esa non é a cuestión, porque se tres ou catro militantes piden a dimisión dunha persoa concreta, neste Goberno non sei cantas persoas quedarían, ¡eh!. ¿Entenden?

Polo tanto, vostedes teñen dúas opcións aquí: ou seguir mirando para outro lado, pensar que isto vai acabar morrendo, ou abordar o problema. E o problema, señor Rueda, é que en todos os casos de corrupción que hai en España está o Partido Popular de Galicia. E en todos os casos de corrup-

ción, unha parte da mordida din todos que vai para financiar o Partido Popular. Quen levaba as contas do Partido Popular nun momento determinado di que recadaban vostedes máis de 2 millóns en diñeiro negro en ano electoral, e 200.000 euros de promedio anual, e que, ademais, esas contas da caixa B se lle entregaron ao señor Fraga Iribarne e ao señor Cuiña Crespo.

Iso está aí, en declaracións. ¿Que van facer vostedes con todo iso? ¿Ou menten todos? Denúncienos vostedes. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Soneira.

Ten a palabra o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, don Alfonso Rueda.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señora presidenta.

Señora Soneira, é que dixo vostede tantas cousas agora, e dixéronas outros compañeiros seus, insisto, nas interpelacións que tiveron a ben facer sobre este tema, e nas preguntas que lles contestamos, por oral e por escrito, que é imposible rebatelas todas, e é imposible rebatelas todas porque todas teñen o mesmo patrón, que é a absoluta falta de seriedade e de rigor, dicir o primeiro que cren que hai que dicir cando un ten oreilleiras e cando non entende o problema.

Claro, eu escóitolle dicir agora aquí que o PP de Galicia está implicado en todos os casos de corrupción que están aparecendo en España. Agora estamos nos ERE tamén, por exemplo. É que vostede acaba de dicilo aquí agora mesmo. Resulta que estaríamos tamén na época... Vostede di o que dixeron hai moitísimos anos os que eran responsables do Partido Popular sobre o financiamento. ¿E que dixeron sobre Filesa os que estaban no Partido Socialista? ¿Queren que falemos tamén diso?, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) que falaban de como se financiaba o Partido Socialista hai moitísimos anos. ¿Quere que lle deamos ese ton de seriedade ao debate?

Falábame do tema de Unións Agrarias. Resulta que o problema é que nos din que non investigamos o suficiente e a tempo. Vostedes, cando se investigou esa denuncia que se

fixo, o primeiro que fixeron foi denunciar os que estaban investigando. Por certo, arquivouse; por certo, non fixeron ningunha desculpa. Pero vostedes denunciaron os que estaban investigando porque estaban investigando precisamente.

¿Pero dáse conta vostede da incoherencia absoluta na que incorren? ¿Dáse conta vostede de que mentres non tomen este tema en serio e mentres veña aquí co dedo acusador a dicir “a ver se tapo o meu acusando os demais” vai ser imposible? (*Murmurios.*)

Fala dunha serie de empresas. Démoslle o ano pasado na comparecencia datos de contratación e resulta que moitas desas empresas contrataron con vostedes o triplo do que contrataron con nós. Claro, a teoría é que con vostedes... Eu estou convencido de que contrataban libremente con todo o mundo, polo menos, con nós. Pero, claro, escoitándoos a vostedes e vendo que era o triplo, xa non sei que pensar de vostedes, non dos que contrataban con eles. ¿Dáse conta da seriedade que perden absolutamente con todo isto? ¿Dáse conta, señora Soneira, de que, se empezamos a responder a todas estas cousas, caeríamos nunha incoherencia absoluta?, e os cidadáns o que están vendo ao final é iso do “ti máis”. Eu, de verdade, creo que hai que combatalo dicindo que aquí falamos con seriedade, con rigor e coa verdade, e non collendo o primeiro argumento que pasa por aí para intentar desgastar o adversario, que é o que fai vostede.

Xa se foi por un montón de cousas. É verdade que vostede fai unhas preguntas concretas sobre un tema concreto. Pero, despois, como evidentemente non lle dá o argumento nin para cinco ou dez minutos, pois xa me falou dun montón de cousas máis.

Fálame vostede dunhas afirmacións da UDEF respecto da compra da sede do PP de Pontevedra. ¡Pero se a sede do PP de Pontevedra está alquilada, señora Soneira! ¡Pero que me está vostede dicindo! (*Risos.*) E vén aquí e afirmao coma se fora unha verdade absoluta, pídemme explicacións, e di que o PP de Galicia está en todos os casos de corrupción de España.

Mire, a min non me gusta que o meu partido estea en ningún caso de corrupción, quero loitar decididamente para que iso non sexa así. Pero alégrome de verdade de que non estea nalgún dos casos de corrupción nos que si está o Partido

Socialista e que vostede aquí interesadamente, supoño que por vergoña, non quere nin nomear.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Interpelación do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Tereixa Paz Franco, sobre a política do Goberno galego en relación coas débedas das comunidades de montes con consorcio e/ou convenio

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra a señora Paz para formular a súa interpelación.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señora presidenta.

Bos días novamente, señoras e señores deputados.

Señora conselleira do Medio Rural, esta interpelación que hoxe traemos a este pleno en nome do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten moito que ver co modelo forestal que queremos, ou que preconizamos, para o noso país. Podemos escoller, tendo en conta que Galiza ten practicamente dúas terceiras partes do seu territorio, case 2 millóns de hectáreas, conformadas por terreos de natureza forestal, temos que partir de que ese é un gran potencial para o noso país. E daquela temos que escoller qué tipo de modelo forestal queremos para o futuro de Galiza, se queremos un modelo forestal que se siga sustentando como veu sendo ata agora, practicamente sobre a premisa da desorde, do caos e da non ordenación, un modelo forestal que, con independencia de especies –non estou falando de especies senón de calidade dos produtos resultantes dese modelo forestal–, só produce madeira de baixa calidade, ou en xeral de baixa calidade, e con poucas aptitudes para constituír a partir diso unha industria de transformación da madeira, ou se, pola contra, optamos por un modelo baseado na ordenación, na ordenación preventiva, no aproveitamento multifuncional do monte e na orientación cara a unha produción de calidade dos nosos montes.

Mire, hai un par de meses o seu colega de goberno, o señor conselleiro de Industria, desde esta mesma tribuna nunha interpelación digamos que avogou por manter o actual modelo, do que el dixo literalmente que producíamos

unha gran cantidade de coníferas de escasísimo valor e escasísima calidade e que, polo tanto, era perfectamente apta para desenvolver o que el vén defendendo coma o sector da biomasa.

Nós, desde logo, xa lle digo que non compartimos en absoluto ese modelo forestal. Pero temo que, á vista das noticias que teñen aparecido nos últimos días, tampouco o conxunto do sector parece compartir esa aposta por ese modelo forestal que se traduce da Lei de montes e das políticas que vostedes implementan dentro dese ámbito.

Hai que recordar que hai un mes, aproximadamente, gran parte do sector forestal se dirixiu a vostede para facer o que poderíamos chamar unha emenda á totalidade á política forestal impulsada polo seu secretario xeral de Montes, que o sector no seu conxunto –e aí nesas firmantes había desde comunidades de montes e serradoiros ata produtores forestais– cuestiona por ser un modelo no que se destinan cada vez menos recursos aos investimentos para esa mudanza do modelo forestal. Mesmo denuncian que se van utilizar os fondos Feader para seguir financiando as cuadrillas municipais de extinción de incendios en lugar de facer unha aposta polo desenvolvemento forestal, ademais de falar dunha mala xestión por parte da Secretaría Xeral de Montes.

Nós cremos que, se en Galiza realmente temos intención de poñer en marcha unha política forestal que se basee na produción de madeira de calidade, se basee na posta en valor desde o punto de vista multifuncional dos nosos montes, orientada cara á creación de emprego e riqueza no medio rural, temos un elemento de partida imprescindible ao que por parte da Administración non se lle debería dar as costas, deberíase contar con el. Estou a falar dos montes veciñais en man común. Tendo en conta que un dos principais problemas que temos no noso territorio forestal, nos montes particulares de propiedade privada, é o gran fraccionamento das propiedades, a escasa dimensión que fai difícil unha xestión que sexa economicamente rendíbel, desde logo temos os montes veciñais en man común que poderíamos definir como os grandes latifundios do monte galego, que ocupan practicamente 700.000 hectáreas de territorio forestal no noso país. Máis dun terzo dos montes está ocupado por montes veciñais en man común. Montes que, ademais, teñen unha función social, xa que teñen unha vocación claramente de conservar os seus montes, de poñelos en valor e de rein-

vestir aqueles ingresos que proceden desa xestión en accións comunitarias e tamén –porque ademais así llelo impón a propia Lei de montes– no propio monte, e que, como dicía con anterioridade, son os auténticos latifundios das nosas terras forestais. Como media, o 42,7 % dos montes veciñais en man común teñen entre 100 e 500 hectáreas, que xa son unidades desde o punto de vista produtivo máis que considerables. Pero é que hai un 49,1 % dos montes veciñais en man común que teñen máis de 500 hectáreas.

Polo tanto, insisto en que un goberno que quixera darlle unha volta de verdade a este modelo forestal que temos, ir cara a un modelo no que non teñamos que gastar todos os anos máis de 100 millóns de euros en apagar incendios, senón que poidamos sacar produtos dese monte que ademais beneficien a poboación, non só aforrando cartos en extinción de incendios facendo unha política de ordenación que ademais inflúa na prevención de incendios, tería en conta as comunidades de montes.

E, pola contra, o que está facendo o Goberno da Xunta de Galiza, señora conselleira, se me permite que llo diga, é unha auténtica persecución ás comunidades de montes veciñais en man común. Ademais, así é como se senten os propietarios comuneiros deste país, séntense perseguidos; eles, que xa tiveron que padecer que no franquismo lles roubaran as súas terras para entregarllelas a distintas administracións e, como consecuencia dese roubo, tiveron que padecer durante moitos anos a tutela a través de convenios e de consorcios, vén como agora a Xunta de Galiza, a través dunha disposición absolutamente inxusta –contida na Lei de montes e na que nós xa nos manifestamos en contra naquel momento–, os obrigan, no caso de que non paguen unhas supostas débedas que, como digo, naceron no franquismo, cando se lles roubaron aos seus lexítimos propietarios a xestión das súas terras, e que veñen como consecuencia deses consorcios e convenios, a facer o que se chaman contratos de xestión forestal pública; o que quere dicir, nin máis nin menos, que entregarlles a xestión dos montes veciñais en man común a empresas que operan no ámbito da xestión forestal, e o que significa, nin máis nin menos, que entregalas ao negocio para que se beneficien uns poucos en lugar de que poidan seguir beneficiándose as persoas que viven no medio rural, as persoas que viven nas aldeas, as propietarias deses montes. E, desde logo, provocando que os beneficios que se tiran desa explotación forestal non sigan revertendo en accións comunitarias nesas parroquias.

Mire, señora conselleira, na páxina web da súa conselleira non hai datos actualizados a día de hoxe en relación coa cantidade de superficie forestal no noso país que está afectada por montes conveniados ou consorciados. Pero se temos en conta os datos que figuraban na memoria económica do proxecto de lei de montes do ano 2008... –que hai que dicir que o proxecto de lei que vostedes presentaron no ano 2012 non tiña esa memoria económica, non daba ningún tipo de explicacións de canto supostamente gastara a Administración en realizar actuacións nos montes conveniados e consorciados, canta superficie había baixo esa figura e, sobre todo, canto se ingresara como consecuencia da venda de madeira deses montes conveniados e consorciados–. Pero digo que os últimos datos oficiais dos que dispomos eran os que figuraban naquela memoria. E a teor diso, poderíamos dicir que estamos falando, tendo en conta que seguramente desde entón se extinguiron algúns convenios e contratos, pois ao arredor de entre 250.000 e 300.000 hectáreas de montes veciñais que están afectados por esta situación que lle acabo de describir, situación que está sendo denunciada por parte dos comuneiros.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

A señora PAZ FRANCO: Nós o que queremos saber con esta interpelación é realmente até onde teñen pensado vostedes chegar niso que os comuneiros consideran a usurpación das súas terras, das terras que lexitimamente lles corresponden, xa que eles consideran que, se se verifica o que está disposto na transitoria novena da Lei de montes, volverían ser vítimas dun roubo, igual que foron no franquismo.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra a conselleira do Medio Rural e do Mar, dona Rosa Quintana.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL E DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señora presidenta.

Señorías.

Señora Paz, creo que o primeiro que debo de facer hoxe aquí, ao dar resposta a esta interpelación, é clarificar unha cousa: o Goberno de Galicia non vai expropiar nada, non vai deixar os comuneiros e comuneiras sen monte, nin vai dar-

lles nada ás empresas privadas, nin vai facer un espolio ao conxunto da poboación do rural nin nada que se lle pareza. O que vai facer o Goberno de Galicia, a Xunta de Galicia, é aplicar a lei e defender os intereses xerais dos galegos e das galegas e, por suposto, tamén –como non podía ser doutra maneira– dos comuneiros e comuneiras.

Digo isto porque creo que non cómpre ser leguleio para ver que non se lles pode sacar a propiedade aos veciños, porque a propia Lei de montes veciñais establece no seu artigo 2 que os montes veciñais en man común son bens indivisibles, inalienables, imprescritibles e inembargables. Xa que logo, en resposta á súa primeira pregunta, direille que temos previsto facer a aplicación da disposición transitoria novena da Lei de montes de Galicia xustamente en estrita aplicación da lei, como non podería ser doutra forma.

No que ten que ver coa condonación das supostas débedas, creo que antes de falar disto hai que poñer enriba da mesa unha cuestión fundamental. Do que se está a falar é de contratos administrativos de carácter voluntario. Os convenios posúen como finalidade única o fomento da produción madeireira, tal e como sinala o artigo 49 do Regulamento para a aplicación da Lei 5/1977, do 4 de xaneiro, de fomento da produción forestal. Para tal fin, a Administración, con cargo ao seu orzamento, proveniente de diñeiro público e recadado dos impostos de todas as galegas e galegos, realizou un anticipo de carácter reintegrable para a plantación e o seu mantemento e mellora silvícola. Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado plantado, a Consellería recibirá un tanto por cento –entre o 30 % e o 40 %– en concepto de anticipo reintegrable ata que se cubra o saldo debedor. E isto non o digo eu senón que figuraba como cláusula literal do contrato asinado entre as partes, das que unha era a propia comunidade de montes.

Por tanto, a función dos convenios era, por lei, principalmente produtiva: plantación de árbores para o seu aproveitamento comercial. E agora está alguén a sinalar a posibilidade de propor unha condonación de débedas a determinadas comunidades de montes que posúen un arborado produtivo froito dunhas plantacións non financiadas por eles senón polo diñeiro de todas as galegas e de todos os galegos. En todo caso, cómpre lembrar que consonte a disposición adicional segunda da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, xa se fixo unha condonación de

débedas a aquelas comunidades que foron clasificadas e os seus terreos se atopaban baixo consorcio ou convenio, evitándolles cargas pasadas que non decidiran, xa que os terreos lles pertencían naquel momento aos concellos e ás deputacións. Por tanto, foron as comunidades as que de forma voluntaria quixeron subrogarse ao convenio xa existente, asumindo o clausulado que rexía o dito contrato administrativo ou asinando un novo. Estase a aplicar, por tanto, o clausulado asinado voluntariamente por ambas as dúas partes.

Por último, cabe lembrar tamén que o artigo 49 do Regulamento para a aplicación da Lei 5/1977 declara a natureza administrativa dos contratos formalizados. Polo tanto, calquera persoa –como non podía ser doutra forma– que entenda que se están vulnerando as cláusulas descritas no mesmo ou que existen –como vostede afirma– falsas débedas ten o pleno dereito de acudir á vía contencioso-administrativa para que se dirima a nulidade dos ditos contratos de carácter administrativo.

Creo que temos que facer unha aplicación igualitaria da lei, parécenos inxusto pedir e conceder isto cando hai moitas comunidades de montes que aboaron a súa débeda e cando hai moitas comunidades de montes que xestionan correctamente e teñen ingresos sen necesidade de apoio da Administración e que aboan os seus impostos polos ingresos obtidos. Parécenos cando menos inxusto para con esas comunidades e para con moitas empresas e sociedades galegas que recibiron cartos e terán que devolvelos, cando neste suposto que abordamos hoxe se tiveron cando menos dúas oportunidades de condonar a débeda, coa Lei de montes do Estado do ano 2003 e coa Lei de montes veciñais do ano 1989. Amais, tamén nos parece inxusto por canto teñen facilidades de aboar a débeda, e non se lles expropia nin arrebatada a propiedade senón que só se priva de recibir axudas e subvencións a aqueles que non devolvan as súas débedas.

Visto o anterior, o que nos parece é que este é un momento de non seguir coa consolidación dunha relación que vostedes consideran supostamente irregular e desigual. Permítanme dicirlles que o que considera este Goberno está plasmado na Lei 7/2012, de montes de Galicia, polo que só tratamos de actualizar fórmulas contractuais que polo paso do tempo veñen a quedar obsoletas. Polo tanto, o que debemos afrontar é esta necesidade a través do proceso legal establecido na dita disposición transitoria, onde nun prazo

máximo de catro anos todas estas figuras finalizarán. O que, por tanto, non desexa o actual Goberno da Xunta de Galicia é perpetuar esta situación no tempo.

En canto a unha aplicación que faga prevalecer a función social, ambiental e económica do monte, o que se ten previsto é aplicar a Lei 7/2012, de montes de Galicia. É o eixo vertebral de todo o texto: a xestión forestal sustentable, nas súas tres variantes, medioambiental, social e económica. Como consecuencia concreta deste principio, o artigo 123 da Lei 7/2012 especifica a exigencia para os novos contratos de xestión forestal que terán por piares a voluntariedade –mantendo a situación actual–; a ordenación forestal, para que dispoñan dun proxecto de ordenación rexistrado onde se inclúan os criterios de xestión forestal sostible; a xestión forestal sostible certificada por un terceiro independente e na que a xestión estará avaliada polo menos por un sistema de certificación forestal recoñecido internacionalmente; a información continua da propiedade, por canto se manterá informada a entidade propietaria da execución das actuacións recollidas no proxecto de ordenación así como das incidencias que poidan xurdir na xestión das súas propiedades; e a comunicación da contabilidade detallada, onde as contas do contrato de xestión pública se actualizarán anualmente de acordo cos xuros que regulamentariamente se establezan –e serán comunicados nos tres primeiros meses de cada exercicio por escrito e en detalle á propiedade–.

Creo que agora o que cómpre é preguntarse de novo por que o Bloque Nacionalista Galego non quere aplicar esta fórmula actualizada, igualitaria e que avanza na xestión ordenada e sostible dos nosos montes.

En relación á súa cuarta pregunta, parécenos que a función social dos montes é un pilar fundamental do desenvolvemento forestal, recalcada ao longo de todo o texto lexislativo da Lei 7/2012, que afecta a todas as superficies forestais, e conxuntamente coa función económica e ambiental conforma a xestión forestal sustentable. O que si entendemos como prexudicial é crear desigualdades entre comunidades de montes, entre empresas e cidadáns desta comunidade autónoma. E iso este Goberno xa lle pode garantir que non o vai facer.

Creo que para dar resposta á falacia da usurpación e entrega a mans privadas deberíamos ir directamente á dispo-

sición transitoria novena, á que aluden, para ver que é falso que teñan que contratar a xestión cunha empresa privada. Digo isto en canto a que non é certo que vaia ser entregada a mans privadas, xa que o punto 1.b) fala da finalización nun prazo máximo de catro anos, contados a partir da entrada en vigor desta lei, “prazo en que deberá asinarse un contrato temporal de xestión pública”. Pero o importante é sinalar alto e claro que a xestión do monte, unha vez resolto o convenio previo, se pode facer con quen estimen os comuneiros, xa sexa directamente ou encomendándolla a un xestor. Pero quero que quede claro que a comunidade propietaria ten a capacidade de decidir como xestiona o seu monte. Xa que logo, creo que todo isto que lles acabo de citar e sinalar ao longo destes minutos proba e referenda o que dicía ao principio: o Goberno de Galicia non vai expropiar nada nin vai deixar os comuneiros e comuneiras sen montes. Reitero, o que vai facer a Xunta de Galicia é a aplicación estrita da lei, igual para todas as galegas e todos os galegos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Réplica da señora Paz Franco, polo Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señora presidenta.

Señora conselleira, podemos xogar coas palabras e coa neolingua todo o que vostede queira. Efectivamente, na disposición transitoria novena da Lei de montes establécese que as comunidades de montes teñen, no prazo de catro anos, que pagar o que a Administración lles reclama –que, por certo, cando as comunidades de montes van á Administración preguntar de onde saen esas débedas teóricas, que lles dean as contas, as facturas, de por que supostamente deben eses cartos, vostedes non lles dan nin sequera o que a Lei de procedemento administrativo establece en canto aos dereitos dos administrados; e pon que se non pagan no prazo de catro anos teñen que facer un contrato temporal de xestión pública–. Señorías, aínda que efectivamente se chama “contrato temporal de xestión pública”, se van aos artigos 120, 121, 122, 123 da Lei de montes –onde se desenvolven este tipo de contratos–, queda claro que aínda que se chamen de xestión

pública son con empresas privadas. E, efectivamente, non se embargan as comunidades de montes nin se expropián, pero quítaselles a posibilidade de xestionar esas comunidades de montes. Non se quita a propiedade, efectivamente, porque non poden; pero quítaselles a xestión e, polo tanto, os eventuais beneficios que se deriven desa xestión das comunidades de montes.

Mire, señora conselleira, efectivamente, os convenios e os consorcios son relacións contractuais de carácter voluntario. Pero é que resulta que aquí quen está decidindo unilateralmente romper esa relación contractual é a Administración. E, sen embargo, a quen penalizan economicamente é ás comunidades de montes veciñais en man común. Ao contrario, por certo, do que fan coa autovía da Costa da Morte, que aí deciden cambiar as condicións pero non penalizan a empresa senón que aínda encima lle damos un premio polos servizos prestados.

Mire, nós non estamos pedindo ningún trato de favor para as comunidades de montes. E aínda que o estiveramos pedindo seguramente acabaría sendo en beneficio do conxunto da cidadanía galega. Porque se temos 600 ou 700 hectáreas forestais do noso territorio debidamente xestionadas, debidamente articuladas desde o punto de vista preventivo, seguramente iso redundaría no beneficio do conxunto da cidadanía porque poderíamos ir reducindo progresivamente dunha maneira moi cuantiosa e moi substancial os cartos que cada ano queimamos no dispositivo de loita contra incendios forestais, señora conselleira. E, polo tanto, desde o Bloque Nacionalista Galego consideramos que iso sería máis ben un investimento de futuro, sería investir nas comunidades de montes veciñais.

En todo caso, nós, acolléndonos ao que dispón a lexislación básica, que é a disposición adicional primeira da Lei 43/2003, na que digamos que ten a súa orixe a desaparición desa figura de convenios e consorcios coa Administración, o que dicimos é que duren mentres teñan vixencia, e, se non, que se poidan condonar, tal e como establece esta disposición adicional, sempre que se cumpran determinadas condicións que teñen que ver cos beneficios indirectos ou directos de interese social –que se comprometa a conservar axeitadamente a masa forestal– e criterios de carácter ambiental e que garantan a utilidade social desa condonación. Desde logo, non estamos dicindo que se premie –como vostede dixo na

súa intervención— as comunidades que non xestionan ou que xestionan mal os seus montes. Precisamente o que estamos dicindo é que se promova desde a Administración e que se apoie a aquelas que o fan correctamente, porque ese é un elemento clave para un desenvolvemento forestal.

Mire, señora conselleira, nós xa sabemos que a ideóloga desta política non é vostede, o ideólogo desta política é o señor Fernández Couto, que leva sendo o ideólogo desta política desde que existe a Xunta de Galiza practicamente; vostede en todo caso é cómplice. E, mire, o que hai detrás de todo isto é que o proxecto estrela do señor Fernández Couto, que eran as Sofor, son un auténtico fracaso. E desde o ano 2010 en que están en vigor non foi capaz de montar nin unha soa en toda Galiza, a pesar de que ten chequeira libre para montar Sofor, e aínda así non é capaz. E o que pasa é que, efectivamente, se consegue a través desta disposición transitoria quitarlles a xestión dalgún monte veciñal ou de varios montes veciñais aos seus lexítimos propietarios, ao mellor, a partir de aí pode montar algunha sociedade de fomento forestal...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: ...e de paso fabricar biomasa para...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

A señora PAZ FRANCO: ...o proxecto do señor conselleiro de Industria.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Réplica da señora Quintana Carballo.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL E DO MAR (Quintana Carballo): Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías.

Señora Paz, eu, se ten algunha denuncia que facer, dende logo ánimoa a que a faga, pero non creo que aquí se trate de que o señor secretario xeral de Montes teña ningún interese en expropiar nada a ninguén, xa o digo, xa o dixeran. E eu só lle vou facer unha reflexión:

Vostedes, cando estiveron no Goberno, deixaron un borrador de Lei de montes, e no artigo 124.5 da Lei de montes de Galicia que vostedes deixaron elaborada dicía: “Novos contratos de xestión forestal. A xestión dos posibles novos contratos poderá ser realizada pola consellería competente en materia forestal ben directamente ou por medio dos seus entes instrumentais, e tamén poderá contratarse a terceiras persoas físicas ou xurídicas que teñan actividade no sector forestal mediante calquera negocio xurídico admitido en dereito”. Este artigo foi incluído integramente no artigo 123 da Lei 7/2012, de montes de Galicia, non cambiou en absoluto. Non estamos intentando privatizar nada, non lle queremos quitar nada a ninguén. Nós, simplemente imos aplicar o que establece a norma, e a norma fala sempre dun contrato temporal de xestión pública, a vontade dos comuneiros. Se eles queren ter un contrato coa Administración, pódeno facer. Se eles queren xestionar por eles mesmos, pódeno facer. Se eles queren contratar cun terceiro, pódeno facer.

E, claro, na súa exposición primeira, na súa exposición por escrito, nas noticias que estamos vendo nos medios de comunicación fálase de débedas falsas, fálase de condonar a débeda, fálase de moitas cousas, que eu digo: ¿por que non condonaron a débeda vostedes cando gobernaban? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Ah!, non aprobaron a lei, pero vostedes no ano 2008 rescindiron sesenta e catro consorcios e convenios, e cobraron as débedas pendentes. E ¿que criterios estableceron? Os que se recollían nunha circular do ano 2008, onde di: “sobre criterios a aplicar na contabilidade de gastos por investimentos nos convenios e consorcios coa Administración forestal”. Circular que segue estando en vigor no día de hoxe, ou sexa, que as contas son claras. Se facían exactamente igual no período 2005-2009 que se fai no ano 2009, 2012, 2013, 2014 e se seguirán a facer.

¿Que é o único que pretendemos nós? Darlles máis claridade aínda aos contratos; non queremos que as comunidades de montes deixen de seguir aplicando, se así o consideran oportuno, partes do seus beneficios a obras sociais, e así se recolle na propia lei. O único que lles pedimos a maiores é que dos beneficios que obteñan, como mínimo, o 40 % o poidan reinvestir de novo na produción forestal dese monte. Co resto dos cartos poden ben: destinalo a obras sociais, poden destinalo a repartir os cartos entre os veciños propie-

tarios dese monte veciñal en man común, é dicir, liberdade, pero con claridade e con transparencia. Non temos ánimo ningún máis que de ordenar o noso monte, e así nos comprometemos, que antes de volver ao monte este ten que contar cun proxecto de ordenación.

Buscamos, vostedes e mais nós, polo que dicimos aquí, os mesmos fins: que o noso monte estea ordenado, que o noso monte teña unha posibilidade multifuncional de aplicación de aproveitamentos, e, polo tanto, poñámonos todos de acordo en dicir que o monte de todos os galegos e de todas as galegas, o único que pretende é buscar máis riqueza para a nosa comunidade.

Máis nada e moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Interpelación de D. Ramón Vázquez Díaz e D. José Javier Ron Fernández, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre a política do Goberno galego en relación coa pobreza infantil

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra para formular a súa interpelación o señor Vázquez Díaz.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: Ben, boa tarde a todos e a todas. Boa tarde, señora conselleira.

A verdade é que leva vostede semanas ocupada nunha especie de *tournee* para explicar o inexplicable, con glamourosas aparicións en sets e platós, tratando de dar contas sobre o financiamento irregular do seu partido a partir do emprego de fondos para formación, o desvalixamento de millóns de euros públicos investidos na cadea de favores do Partido Popular; a asistencia, tamén glamourosa, a inauguracións de empresas de amizades perigosas imputadas en delitos na que está implicada a súa consellería, e un longo etcétera. Comparece, ademais, vostede neste pleno de xeito reiterado, para dar vaporosas explicacións, bordadas, iso si, en fio de ouro, que non convencen a ninguén.

Pero eu quixera dicirille algo hoxe aquí. Sendo grave o seu papel na famosa trama de AZNet, contendo os acontecementos coñecidos ata o de agora, razóns máis que suficientes para o seu fulminante cese, hai algo que aínda é, se cabe,

máis grave por increíble que pareza. E ten que ver coa súa inacción, coa súa ausente xestión na loita contra a pobreza infantil. Permítame que lle recorde algo:

O Pleno do Parlamento aprobou antes deste verán unha iniciativa, por unanimidade, que se baseaba, fundamentalmente, no establecemento dun programa para paliar as carencias nutricionais da poboación infantil. O PP, nunha actuación –recoñézo– sen precedentes, apoiaba unha iniciativa da Alternativa Galega de Esquerda para loitar contra a pobreza infantil, diante, iso si, das alarmantes cifras da pobreza infantil no noso país. Un país, Galicia, no que un de cada cinco nenos e nenas é pobre. Un país no que un de cada catro menores sofre carencias nutricionais. Un país, Galicia, no que o 26 % dos fogares con nenos a cargo está en risco de exclusión social.

Pois diante desa situación, desa grave situación, e despois de ter negado esa situación de xeito reiterado, decidiron facer o habitual lavado de cara. Pero decidiron saír á palestra mediática dicindo que abrir os comedores escolares estigmatizaba os nenos e as nenas que non tiñan recursos. Porque para vostedes acceder a un servizo público, acceder a un dereito básico, como o dereito á alimentación da infancia, é algo que estigmatiza. Ir ao Banco de Alimentos non estigmatiza, para iso non hai ningún problema, é algo habitual dos países desenrolados. Agochar a pobreza, iso non estigmatiza, polo menos non estigmatiza o Goberno, que debe ser o que a vostedes lles preocupa.

Pero para colmo da negligencia, a Consellería de Benestar anunciou á volta de verán, para dar contas dese programa, que tiñan axudado a 163 familias a través dun protocolo co Banco de Alimentos, e en cumprimento dese acordo plenario. 163 familias, eu tíveno que ler varias veces porque pensei que me estaba a comer algún cero, pero non, eran 163 familias. A verdade é que a vostede lle tiña que caer a cara de vergoña ao recoñecer que o seu protocolo para combater as carencias nutricionais da infancia nos períodos vacacionais alcanzou a 163 familias de Galicia.

¿Sabe vostede que en Galicia hai 80.000 nenos e nenas en risco de pobreza? ¿Sabe vostede que hai familias enteiras que non son quen de proporcionar unha dieta equilibrada de carne, de peixe ou de alimentos frescos aos seus fillos? ¿Sabe vostede que só no concello de Vigo hai 45.000 fami-

lias con dificultades para chegar a final de mes? ¿Sabe a cantas familias da provincia de Pontevedra alcanzou o seu protocolo para o verán para prever as carencias nutricionais? A 10 familias de toda a provincia de Pontevedra, e hai 45.000 familias con dificultades para chegar a fin de mes. Hai 27.000 fogares na provincia de Pontevedra con carencias materiais severas, e vostede axudou a 10 familias. É, desde logo, inaudito.

¿Sabe vostede que o 26 % –díxenllo antes– das familias de Galicia con nenos a cargo teñen risco evidente de exclusión social? ¿Como se pode presentar diante da opinión pública galega dicindo que axudou a 163 familias? A vostedes non lles preocupa a pobreza, iso si, preocúpalles a estigmatización. Iso quédanos moi claro.

O seu Goberno é un Goberno ausente en política social, é un Goberno ausente en intervención social e é un Goberno ausente na loita contra a pobreza. E vostede, señora conselleira, á fronte da Consellería de Benestar, é unha auténtica dama da caridade, é a dama da caridade. Vostede non ten ningún reparo, non se avergoña en ter delegado na beneficencia as súas obrigas á fronte da Consellería de Benestar. Vostede delegou na Fundación Amancio Ortega a rede de escolas infantís; temos o exemplo de Ferrol, da Coruña, previsiblemente Arteixo, Cambre, Lugo, Melide, Ourense... Vai e, ademais, asina os convenios e as inauguracións como se fose un gran logro seu. É algo auténticamente alucinante.

Vostede delega no Banco de Alimentos a loita contra a malnutrición infantil, co grande éxito de ter alcanzado a 163 familias. A situación é tan degradante agora mesmo en Galicia que temos que contemplar como no noso país, na provincia de Lugo, as familias que non poden pagar o comedor escolar reciben axudas do Banco de Tapóns. Eu non sei se de verdade un se pode presentar neste Parlamento e, de verdade, dar a entender que polo menos se está facendo un mínimo por resolver o problema.

Son vostedes o Goberno dos bancos. Iso non me queda dúbida, porque danlle o diñeiro da xente do común aos bancos para sanear as súas contas. Pero son tamén o Goberno dos bancos de libros, dos bancos de alimentos, dos bancos de tapóns e dos bancos do parque onde dorme a xente que queda sen vivenda.

Señora conselleira, eu pediríalle, por favor: ¿cre vostede que a súa actuación para combater a pobreza infantil está a ser suficiente?, ¿está a ser eficaz? ¿Non cre que hai que mudar algo en relación co que vostede está a facer? Porque o problema que temos agora en Galicia, o maior problema que temos en Galicia, xa non é a pobreza; o maior problema é a cronificación da pobreza, precisamente por causa da súa inacción. Cáritas recoñecía no seu informe que do 40 % das persoas que solicitan axuda –solicitan a súa axuda e solicitan a axuda de Cáritas porque non teñen a axuda do Goberno– levan máis de tres anos, tres anos ou máis, acudindo no seu socorro. Polo tanto, temos o problema da cronificación, que se ten instalado no noso país a cronificación da pobreza.

Sexa, por favor, honesta. Teña en conta que no noso país hai 80.000 parados que levan dous anos ou máis sen ter ningunha prestación. ¿Pode imaxinarse como fai unha persoa que leva máis de dous anos sen ter ningunha prestación para darlles de comer aos seus fillos?, ¿pódeo imaxinar? Ten este Goberno a cifra récord de parados sen ningún tipo de prestación: máis de 147.000. E, mentres tanto, ¿que temos que facer? ¿Confiar en que vostede se vaia iluminar algún día e decidirse a dar algún paso?

Nós dixémoslle –somos moi claros– como evitar a estigmatización na loita contra as carencias nutricionais na poboación escolar, na poboación infantil; é moi fácil: utilice vostede os comedores escolares, ábraos cun enfoque socioeducativo, aberto a toda a poboación escolar, onde poidan realizar actividades de lecer e tempo libre, combater mesmo o fracaso escolar, recibir apoio, ter tempo para o lecer e tamén para comer; aberto a toda a poboación, non hai ningún problema. A nós parécenos que todo o que sexa completar e mellorar as nosas propostas, cando ademais as nosas propostas van precisamente nesa liña, porque os servizos de comedor escolar son precisamente os que nos parecen máis eficaces para atender unha poboación que está ao 100 % escolarizada entre os 3 e os 16 anos, as idades máis complicadas, as idades máis difíciles.

Díganos, por favor, teña polo menos hoxe a delicadeza de dicirnos que ten pensado facer. Porque se o que nos vai dicir é que vai seguir facendo máis do mesmo, delegando nos bancos de alimentos, delegando nas ONGD, que están a realizar un traballo, dende logo, impresionante, e que encima son elas as que realizan os informes, que poñen en evi-

dencia a súa xestión. Porque os seus datos seguimos agardando por eles, os seus datos, evidentemente, oficiais.

Polo tanto, explíqueme, pídolle, por favor –esta é unha interpelación–, pídolle, por favor, que nos diga que ten pensado facer e se vostede cre que o que está a facer é suficiente nesta materia. Porque na cidadanía galega, nestes intres, hoxe e agora mesmo, hai moitas familias que non saben moi ben que lles van poder dar de cear aos seus fillos esta noite. E son familias que saben que no colexio é precisamente onde os nenos, os seus fillos, poden facer a única e a comida máis equilibrada do día. Por favor, ¿que ten pensado facer? (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra a conselleira de Traballo e Benestar, dona Beatriz Mato.

A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero): Moi boa tarde. Moitas grazas, presidenta.

Boa tarde, señorías.

Señor Vázquez, temos mudado xa, polo menos xa non falamos de cámaras de gas e agora xa estamos falando de glamour e de platós; imos cambiando xa os escenarios por parte dos insignes deputados de AGE. O que si lle podo garantir, señoría, é que esta conselleira nin delega nin, evidentemente, participa en ningunha trama. No único que participa esta conselleira é nas decisións do Goberno, que, evidentemente, elas están vencelladas a mellorar a empregabilidade dos galegos e das galegas e, por suposto tamén, a mellorar a calidade de vida, e, entre iso, loitar contra a pobreza infantil.

Fai vostede na súa intervención unha serie de aseveracións que chaman poderosamente a atención, porque dicir que a Fundación Amancio Ortega está a manter a rede de escolas infantís de Galicia, ¡manda truco! Pode que esta fundación sexa xenerosa e, evidentemente, faga algunhas escolas infantís, pero de aí a manter máis de 8.000 prazas de escolas infantís da nosa comunidade, que son públicas, e son públicas non porque as financie unha fundación, senón porque as financia o Goberno da Xunta de Galicia a través do diñeiro de todos os galegos e galegas, pois, evidentemente, son aseveracións que constatan o estilo de todas as súas informacións e de todas as súas afirmacións.

Hoxe vostede trae aquí un tema importante para este Goberno, co que está a loitar con todos os seus medios e con todas as súas ferramentas, que é falar de algo moi serio, que é da pobreza, e sobre todo da pobreza vinculada neste caso aos menores.

E aquí, aínda que sexa o Parlamento, non se pode vir falar por falar, non se pode vir dicir as cousas sen ter unha constatación e unha diagnose real da situación na que se atopan os cidadáns galegos, neste caso no caso da pobreza infantil. E por iso por primeira vez, e para non falar por falar, este Goberno fixo un estudo de pobreza infantil para, primeiro, coñecelo, diagnosticalo e, sobre todo, atallalo e poñer medidas enriba delas. Esa diagnose real faise tendo en conta todas as estatísticas, que supoño que as señorías coñecen ben, publicadas no Instituto Galego de Estatística, no INE ou mesmo tamén no Eurostat, evidentemente, tendo en conta o incremento das solicitudes da renda de integración social que temos na nosa Administración, mesmo tamén os datos que arrojan todos os traballadores sociais dos concellos a través dun sistema de información creado por este Goberno, sistema de información de servizos sociais, e, evidentemente, tamén a través de entrevistas con 40 profesionais nesta materia. É dicir, con entidades, con oenegués... Resulta chamativo escoitar a un membro desta formación política falar de Cáritas, pero, bueno, efectivamente tamén con oenegués como Cáritas, con universidades, con colexios profesionais, coa Cruz Vermella, con Juan Soñador, bueno, con distintas entidades, con Unicef, con EAPN, con todas as que día a día seguen a facer a súa laboura, unha laboura que é sempre encomiable, pero máis se cabe nos momentos tan difíciles que estamos a vivir, e que, evidentemente, non suple o labor do Goberno da Xunta de Galicia, senón que o Goberno da Xunta de Galicia colabora con todos eles.

E tendo en conta todas estas fontes de información, colla vostede a que colla, colla a estatística que colla, e non estamos a falar de estatística, estamos a falar de persoas, a que queira, o máis importante é significar que ningunha cifra de pobreza poderá ser valorada nin vai ser valorada por este Goberno como positiva, ningunha cifra de pobreza pode ser positiva. Pero tamén é verdade que Galicia está mellor que o conxunto de España en canto á taxa de pobreza. (*Murmurios.*) É dicir, Galicia, colla vostede as estatísticas que queira, colla a que queira, as que fai Unicef, a que fai IGE, a que fai o INE, a que queira, está entre as cinco primeiras comu-

nidades cunha taxa de pobreza máis baixa de España. Non ocorre así en comunidades gobernadas pola esquerda, non ocorre así en comunidades onde a súa formación política, por exemplo, está a apoiar como pode ser Andalucía ou mesmo tamén Estremadura.

Os expertos que traballan neste eido, relacionados con menores neste informe e publicado por eles e presentados por eles, coinciden en que a desnutrición –ollo: a desnutrición, non a malnutrición– en Galicia é un fenómeno absolutamente minoritario. Isto non é que o diga o Goberno da Xunta de Galicia, dino os profesionais que participaron activamente neste estudo sobre a pobreza. Nesta liña, en canto á pobreza, non só isto, senón en carencia material en fogares con nenos na nosa comunidade, tamén o índice é dos máis baixos de España.

Con este estudo o que temos xa é un diagnóstico certo que permite poñer en marcha máis medidas para atallar esta situación. Medidas que se fan a través dunha estratexia de inclusión que levaremos mañá mesmo ao Consello da Xunta e que a partir de aí colgaremos nunha web. Non é a primeira estratexia de inclusión que existe, se alguén tivera analizado os gobernos anteriores, incluso o bipartito, coñecería que esta estratexia tamén existía no Goberno bipartito e tamén existía nos gobernos anteriores, e agora hai que volvera refacer para facela nos anos 2014-2020. Unha estratexia que terá un apartado especial para a loita contra a pobreza infantil, que vai marcada por oito prioridades estratéxicas de carácter transversal e por cincuenta obxectivos que son específicos.

De xeito paralelo, estamos traballando tamén por facer unha estratexia vencellada pero neste caso xa á infancia e á adolescencia. Unha estratexia esta última que ten entre os seus principios orientadores a protección e a promoción dos dereitos e o benestar dos nenos e dos adolescentes.

Consideramos que a mellor solución que se pode dar aos nenos que teñen problemas para a alimentación pasa por axudar as súas familias. Cumprimos estritamente o mandato da proposición non de lei feita e aprobada por este Parlamento, estritamente. E para iso melloramos os recursos económicos e alimenticios destas familias con dúas medidas que puxemos a raíz da aprobación desta PNL, que foi o convenio asinado coa Federación Galega de Bancos de Alimentos e mesmo

tamén da Fegamp, a través da cal fixemos chegar directamente os alimentos ás familias que teñen problemas.

Falaba vostede, e falábo dalgún xeito desprezativo ou despectivo, de que foron 163 as familias que foron beneficiadas a través deste convenio; a totalidade das que o pediron, a totalidade das familias que solicitaron a participación neste convenio. Todas elas recibiron, as que o solicitaron. E mesmo tamén incrementamos a partida destinada a axudas de inclusión social: 723.000 euros para axudas de emerxencia social. E este fondo foi destinado a aquelas solicitudes desenvolvidas a partir dese acordo, que foi en concreto entre os meses de xullo e de agosto onde preto de 69 familias solicitaron participar desta axuda de emerxencia social. Ben é certo que son 686 familias as que teñen solicitado a axuda de emerxencia social.

E, evidentemente, seguiremos fomentando todas as nosas medidas. Mesmo onte asinabamos un convenio con La Caixa, un convenio innovador, onde tentaremos chegar tamén a 166 familias desta comunidade, que poidan ter acceso a alimentos e produtos de primeira necesidade. Unha medida que, sen dúbida, tamén vai repercutir nos nenos, porque, evidentemente, vai destinado a familias con menores a cargo. E que vai destinar unha novidosa tarxeta, coa que poderán comprar produtos básicos, e cada tarxeta terá 300 euros de aquí ao remate deste ano. Nesta medida a conselleira será a encargada en coordinar os servizos sociais e facilitar a información das familias que reúnen os requisitos para poder ser beneficiaria desta tarxeta, e é unha experiencia piloto que queremos incrementar.

E tamén queremos mellorar a nosa actuación non só apostando polo incremento na renda de integración social en todas as políticas de inclusión social, senón tamén no marco legislativo. E xa estamos traballando nunha carteira, nese novo modelo de prestación de servizos sociais, que é a carteira de inclusión e mesmo tamén a carteira (*Murmurios*) de servizos para a familia e infancia. Carteira de servizos de inclusión coa que queremos dar a resposta máis axeitada a quen máis o necesite. E vai recoller esta carteira todos os servizos que prestan os albergues, os centros de acollida, os comedores e os centros de atención social.

E, evidentemente, tamén é unha decisión importante deste Goberno o incremento do desconto fiscal e mesmo

tamén da cobertura que lles daremos dende esta consellería ás familias que teñan nenos menores de 3 anos, incrementando a axuda equivalente para aquelas familias que non teñen que presentar a renda de integración social, se é un segundo fillo, de 1.200 euros de desgravación e, se é un terceiro fillo, de 2.400 euros de desgravación ao ano. (*Murmurios.*)

Evidentemente, señoría, señor Vázquez, estamos a poñer o máis importante que ten o Goberno da Xunta de Galicia, que non é só as decisións, senón os presupostos. E este ano para o ano 2015, unha vez máis, os presupostos vencellados á inclusión incrementáanse nun 17,7 %, ata chegar aos 70 millóns de euros, para precisamente loitar contra esa pobreza da que vostede falaba.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora conselleira.

Réplica, señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: Di, señora conselleira: falar por falar. Ben, de verdade, é curioso que vostede faga mención a isto, ¿non?

Nós non temos nada contra Cáritas, é evidente; non podemos telo, está a facer un traballo moi importante para loitar contra a pobreza, o traballo que vostede non fai. E ademais está a realizar informes que deixan moi en evidencia cal é a situación.

Todos os datos que eu mencionei neste atril fan referencia precisamente ao traballo das ONGD e tamén de institutos oficiais de estatística, o Instituto Galego e o Instituto Nacional de Estatística. Nós non desprezamos o traballo de ninguén, cousa que vostede si fai.

Eu non dixen tampouco que Amancio Ortega sosteña a Consellería de Benestar, nin tampouco que sosteña a rede de escolas infantís; o que si dixen é que vostede delega na Fundación Amancio Ortega a apertura de escolas oficiais que son necesarias para o país. E é a fundación quen as financia, evidentemente, como vostede moi ben dixo. Vostede chámalle escola infantil pública a unha escola que paga unha fundación. Nós, dende logo, non, non lle chamamos así.

Vostede non realizou o traballo que nós lle pedimos, non só naquela proposición non de lei que vostedes incumpriron, porque hai que recordar que vostedes apoiaron aquela proposición non de lei que contemplaba a apertura dos comedores escolares, e vostedes emendáronse a si mesmos dicindo que non o ían facer. Pero non só iso, nós propuxémoslle a principios do curso pasado o establecemento dun plan para a detección de carencias nutricionais. Era moi simple, moi básico, bastaba con contar coa colaboración dos departamentos de orientación e dos centros educativos, que son os que están en primeira liña cos nenos. E decidiron non facelo, tiveron medios para ter os seus propios datos.

Falar por falar, di vostede. Di que fixeron un informe. Señora conselleira, mentir é pecado. O informe fíxoo a Fundación Meniños; por encargo seu, si, pero non o fixeron vostedes, porque vostedes se negaron a facer o seu propio informe, podían facer.

Presume vostede de ser a quinta no ránking da pobreza. Moi ben, concédollo. Vale, ¡estupendo! ¡Medalla de ouro!, de bronce, bueno, nin tan sequera, o quinto diploma. ¡Vale! Pero temos un problema moi importante: 80.000 nenos e nenas galegas que están en exclusión social, ¿que vai facer? Parabéns, a quinta, vale. ¿Pero que vai facer con eles para resolvelo? A esas familias non lles consola que Galicia sexa a quinta no ránking de pobreza do país, do país que é líder xunto con Romanía en toda Europa en pobreza infantil. Ser os quintos non lles serve de nada; non lles poden dar de comer o seu diploma, non lles vai resolver nada.

Sabemos que para resolver o problema da pobreza hai que mudar o modelo de goberno deste país, hai que cambiar as políticas fiscais, hai que cambiar os servizos públicos, hai que cambiar absolutamente todas as súas actuacións. Pero mentres iso non sucede, e temo que lles queda case dous anos, hai que facer algo, algo urxente, e iso é o que eu lle pedín aquí hoxe. Pregunteille: ¿parécenlle suficientes as súas actuacións? Non contestou. ¿Que fixo durante o verán?, ¿que é o que fixo vostede durante o verán? Acordou asinar un protocolo coa Fegamp, co Banco de Alimentos, pero ¿en que se traduciu?, ¿en axudar a 163 familias? Di vostede: axudamos a quen o solicitou. Claro, esa é a proba evidente do fracaso dese protocolo. Se hai 80.000 nenos que están en risco de exclusión social, que viven na pobreza, e só 163 o solicitan aos concellos, é que fallou estrepitosamente o seu

protocolo, porque non chegou a ningún dos que o necesitaban, practicamente a ningún.

Mire, vostede. Di vostede que empregaron os 723.000 euros do ministerio, é dicir, encima vostedes non empregaron os fondos do Goberno, senón que foi un programa do ministerio, en axudar a 163 familias. ¡Carai!, ¿que lles deu 4.000 euros a cada un? Bueno, estaría ben e gustaríame poder entrevistar algunha desas familias, porque se investiron todo ese montante en axudar a 163 familias ten tela.

Di vostede que aumentou as súas políticas para axuda á emerxencia social. Nestes orzamentos, catro millóns e medio, exactamente, están contemplados de axuda á emerxencia social. Pero é que vostedes deixaron de executar o 50 % da partida do ano pasado. Pregúntome eu que debuxar, pintar un orzamento é fácil, o difícil é executalo e levar a cabo políticas reais, que é o que vostede ten que facer, e é polo que eu lle preguntei aquí, non por retórica baleira.

E hai outra cuestión: eu dígolle que vostede é a dama da caridade porque delega na beneficencia as súas obrigas como Goberno. E vostede na súa defensa dime que asina un convenio con La Caixa para darlles unha tarxeta ás familias, unha tarxeta de consumo, e que a esa tarxeta pode acceder calquera familia que non teña ningunha outra axuda, é dicir, todas aquelas que non acceden a ningún tipo de axuda nin á risga nin á axuda de emerxencias nin nada...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: ...poden acceder a esa tarxeta. ¿Quen son?

A señora PRESIDENTA: Por favor.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: ¿As que non o necesitan poden acceder a esa tarxeta?

Para vostedes as tarxetas *black*, para as familias as tarxetas da beneficencia, que é o que lles dan. Por favor, señora conselleira, faga algo. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Ten a palabra a conselleira de Traballo e Benestar.

A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero): Moitas grazas.

Pois despois de escoitalo, señoría, a verdade é que non sei como pregunta quen son. Se vostede di que hai 80.000 persoas, non temos 80.000 persoas na renda de integración social, supoño que algún máis haberá que poida ser beneficiario desa tarxeta da que estabamos a falar.

Con respecto á elaboración deste estudo, agora parece que non se pode colaborar con ningunha outra entidade para darlle, se cabe, máis credibilidade a este estudo, porque ¿quere dicir vostede que se fago eu o estudo sobre a pobreza infantil o cre?, ¿e se o fai Meniños non o cre?, ¿é o que está tentando dicir dalgunha maneira? (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*)

Vostede chama delegar ao que os que teñan responsabilidade ou algunha vez tiveron responsabilidade de gobernar lle chaman colaborar, porque cando se chega a un goberno e se ten unha responsabilidade, sexa nun concello ou nunha deputación ou na Xunta de Galicia ou onde sexa, unha das fórmulas que permiten achegar recursos aos cidadáns para mellorar a súa calidade de vida ou para calquera outra función é facer convenios de colaboración. Polo tanto, iso non é unha delegación, senón que é aproveitar os mesmos obxectivos para cubrir unhas necesidades, que é o que fixemos a través das distintas colaboracións coas distintas entidades sociais que existen na nosa comunidade. E facémolo, señoría.

Cando vostede me pregunta: ¿que vai facer?, ¿vai mudar as súas políticas? Pois, mire, non, non as vou mudar, vounas incrementar, pero non as vou mudar.

Evidentemente, imos dar resposta ás necesidades daqueles que máis o precisan neste momento, que son as persoas que están no borde da exclusión social...

A señora PRESIDENTA: Señor Ron, ten unha chamada á orde.

A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero): ...e que recoñecen, evidentemente, así a súa situación. Para iso contamos coa colaboración de todas as entidades sociais coas que traballamos cóbado con cóbado, coas que mantemos reunións constantes para coñecer a súa situación e a

situación das persoas, mesmo incluso para tomar unha decisión que foi deste Goberno, que é a de efectivamente non abrir os comedores escolares. Esa decisión tomámola, primeiro, por criterio propio e, segundo, porque ese criterio era totalmente respaldado por todas as entidades, non as agrupacións políticas, senón por todas as entidades que traballan coa pobreza. Todas dicían que non era bo abrir os comedores escolares, todas. De feito, aínda así nos interesamos pola información arroxada a través das ANPA; de feito, unhas ANPA denunciaron que había nenos que podían ter problemas, chamamos a esas ANPA, pedímoslles a información. E, efectivamente, pasounos a información, e chegaron a dicir que podería haber segundo os seus criterios 200 nenos con problemas. Evidentemente, se fora así o que denunciaban as ANPA, eses 200 nenos están máis que atendidos a través das axudas que puxemos en marcha este verán co convenio coa Fegamp e mesmo tamén co Banco de Alimentos e as axudas de emerxencia social.

E é falso, rotundamente falso, pode dicilo cantas veces queira, que non se ten executado o presuposto das axudas de emerxencia social. Téñense executado non o cen por cento, senón mesmo incluso máis, porque cada ano, señoría, e isto ten evidentemente unha dobre lectura, temos que incrementar o presuposto da renda de integración social que cada xaneiro presentamos na lei para darlles resposta ás persoas que solicitan a renda de integración social. E ese é o noso compromiso, o primeiro de todo: non deixar a ningunha das persoas que teñen dereito desatendidas. E por iso este ano medramos na partida do presuposto do ano 2015 un 17 % o total das medidas para a inclusión social, onde hai 47,7 millóns vencellados directamente á renda de integración social, que medra unha vez máis un 20 %, onde medran unha vez máis as axudas para esas entidades das que vostede agora fala moito, pero que non sei se traballa con elas, como pode ser Cáritas e as demais, onde volvemos medrar as axudas destinadas directamente a todas estas entidades e onde volvemos medrar tamén as axudas de emerxencia social.

E facemos algo que ningún Goberno tiña feito ata o de agora, que é axudar ás familias, porque para axudar aos nenos hai que axudar a seu pai e a súa nai, e queremos facelo da mellor maneira, que non é beneficencia, señoría; non é beneficencia, é ofrecéndolles a oportunidade de ter un posto de traballo. Un posto de traballo que este ano será para máis de 1.200 persoas beneficiarias da renda de integración social a través dos concellos, onde investiremos 10 millóns de

euros para que teñan non só a beneficencia, senón evidentemente tamén a súa atención.

Señoría, non imos mudar nada, imos incrementar o presuposto que faga falla...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero): ...da Xunta de Galicia para atender os máis necesitados.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Suspendemos a sesión ata esta tarde ás dezaseis horas, catro da tarde.

Moitas grazas.

Suspéndese a sesión ás dúas e un minuto da tarde e retómase ás tres e cincuenta e tres minutos.

A señora PRESIDENTA: Boas tardes.

Retomamos a sesión co punto 8, de preguntas ao Goberno.

Pregunta de D^a Patricia Vilán Lorenzo e dous deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego respecto do cumprimento do acordo parlamentario adoptado na VIII lexislatura en relación co asentamento de Ence na ría de Pontevedra

A señora VILÁN LORENZO: Boa tarde. Grazas, presidenta.

Boa tarde, conselleira.

Advertido pola deusa Circe do perigoso que era o canto das sereas, Ulises ordenou tapar con cera os oídos dos seus remeiros e fíxose atar ao mástil da nave. Se polo feitozo musical pedía que o liberasen, debían premer aínda máis forte as súas amarras. Grazas a esta estratexema, Ulises foi o único ser humano que escoitou o canto e sobreviviu ás sereas que devoraban os infelices que se deixaban seducir. Estas criaturas monstruosas precipitáronse entón no abismo, ao verse derrotadas.

No tema de Ence, conselleira, vostedes e o seu Goberno son as sereas, Rajoy e o seu Goberno son Ulises e, por desgraza, os cidadáns de Pontevedra, infelices, somos os seducidos.

A primeira concesión a Ence é do ano 1959. A concesión remata no ano 2018. Na pasada lexislatura todos os partidos –tamén o seu– votaban a favor dunha transacción, instando a Xunta a impulsar unha solución concertada que levase Ence fóra da ría de Pontevedra antes do ano 2018, e ao pechamento do ciclo produtivo do papel en Galicia, cun plan industrial concertado para diminuír os efectos económicos e laborais do traslado en Pontevedra e na súa ría; cunha nova localización da factoría respectuosa co medio ambiente, en Galicia pero fóra da ría de Pontevedra; co impedimento de calquera tipo de instalación complementaria vinculada ao complexo; e, por último, coa modificación do Plan de ordenación do litoral e a integración na área de protección costeira que lle corresponde.

Dende entón, vostedes, como as sereas da *Ilíada*, cantan. O PP en Madrid decidía modificar a Lei de costas: os concesionarios poden solicitar a prórroga outros 75 anos máis, dependendo dun informe de cada Goberno autonómico non preceptivo, determinante pero non vinculante. Tan pouco vinculante que, por razóns de interese xeral como aquel do fútbol de Álvarez Cascos, Madrid podería prescindir dese informe autonómico.

Mentres, Galicia, Feijóo, o seu Goberno, a súa conselleira, seguen a cantar como as sereas, facendo política contraria a aquela transacción. E por iso a pregunta é moi sinxela: ¿Van vostedes cumprir a transacción acordada de maneira unánime neste Parlamento na pasada lexislatura para trasladar Ence fóra da ría de Pontevedra?

Grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Vilán.

Ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, dona Ethel Vázquez.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (Vázquez Mourelle): Señora presidenta, señora Vilán, o Goberno galego comparte a preocu-

pación sobre o futuro da actividade de Ence na ría de Pontevedra a partir do ano 2018. E para a súa tranquilidade quixera engadir que, en relación con este asunto, a Xunta de Galicia é consciente dos seus compromisos, coñece as súas obrigas e segue con atención a evolución do contexto xurídico e legal no que debe enmarcar a súa actuación. Polo tanto, que a ninguén lle quede ningunha dúbida de que o Goberno galego coñece o seu deber e cumprirá con el.

O que me chama a atención é o descoñecemento legal neste tema, e que os leva a presentar con urxencia esta pregunta. Interpretan a lei ao dicir que está correndo o prazo para o informe autonómico, cando isto non é certo. Para iso poño no seu coñecemento os seguintes feitos:

En virtude da solicitude de prórroga presentada por Ence ante o Goberno de España, este requiríulle, en decembro de 2013, á Xunta de Galicia o correspondente informe autonómico; aí están no certo. Pero a Consellería de Medio Ambiente indicou que o adecuado para a elaboración do seu informe era agardar a aprobación definitiva do regulamento da Lei de costas, e así llo trasladou ao Executivo central. E o ministerio emitiu un oficio, o 20 de febreiro deste ano, no que atendía a consideración da Xunta e daba por non realizada a solicitude de informe autonómico. Así mesmo, apuntaba que, unha vez que se publicase e entrase en vigor o regulamento da Lei de costas, se lle volvería requirir ao Goberno galego o informe sobre a solicitude de prórroga de Ence.

Señoría, eu quero aclararlle que tal requirimento non se ten realizado a día de hoxe. E, polo tanto, descoiden porque o prazo non está correndo.

Quero recordarlle que a ordenación do territorio é un eixe de actuación prioritario para este Goberno. E nesta materia hai que poñer de relevo a aprobación no 2001 das Directrices de ordenación do territorio de Galicia e do Plan de ordenación do litoral. En ambos os documentos hai referencias explícitas sobre a factoría Ence, e, por exemplo, o POL –o Plan de ordenación do litoral– establece un ámbito de mellora ambiental e paisaxística para a recuperación do espazo actualmente ocupado polas instalacións da empresa Ence en Lourizán, baixo a premisa de que dito espazo quedaría vacante no horizonte do ano 2018, data na que expiraría a concesión de ocupación do dominio público marítimo-

terrestre outorgada a finais dos anos sesenta. Unha postura, por certo, plenamente coherente coa incluída no programa do Partido Popular das eleccións autonómicas do ano 2012.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Réplica da señora Vilán Lorenzo.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, conselleira.

Ademais de ler deberían escoitar. Eu non dixen en ningún momento que o prazo para emitir o informe estea a correr, isto non vai nas miñas palabras. Outra cousa é o que se lea, e a verdade é que me congratulo de que vostede, ademais dos periódicos, lea tamén as preguntas que lle facemos os deputados. Pero, ademais diso, podía escoitar o que lles preguntamos; non vir coa tarxeta paralela senón escoitar tamén o que lles preguntamos aquí.

Dende que vostedes cantan ocorren cousas. A primeira que ocorre é que Ence pediu a súa prórroga de concesión en decembro do ano pasado. A propia Lei de costas –que tamén hai que ler de vez en canto– di, que cando –no prazo– non fose emitido en tres meses, poderán ser continuadas as actuacións e que, sendo emitido fóra de prazo, xa poderá non ser considerado o informe. Iso é o que pon a propia Lei de costas.

E ademais hai unha sentenza do Tribunal Supremo, de xullo deste ano, dicindo que é necesario iniciar un expediente de caducidade por parte do Goberno de Madrid respecto da empresa Ence.

E ademais hai un regulamento de desenvolvemento, dende outubro do ano pasado, é dicir, hai un mes, porque foi do día 11 –un mes e un día ten ese regulamento–, e di expresamente que o prazo da prórroga se computará dende a data da súa solicitude –decembro de 2013– e que as prórrogas solicitadas se concederán sempre que non existan causas de caducidade ou se teña iniciado un expediente de caducidade. Lembremos, entón, a sentenza do Tribunal Supremo de xullo deste ano.

Eu pídollle que responde á miña pregunta, é unha soa, é moi sinxela. E se eu pregunto “¿van vostedes a...?” a res-

posta ten que ser “si” ou “non”, e continuación. Pero non me conte películas, e non fale en hipóteses, nin utilice “debería irse”, “caducaría”. Porque “caduca” non é condicional, non é hipótese, “caduca”.

Polo tanto, respóstemme e non fagan como as sereas... (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Vilán.

Réplica da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (Vázquez Mourelle): Señoría, vostedes coñecen o noso compromiso e deberían coñecer tamén o papel que lle corresponde á Xunta de Galicia no procedemento sobre a prórroga da actividade da empresa. Explicouno perfectamente o conselleiro de Industria no anterior Pleno. (*Murmurios.*)

Consiste na emisión dun informe previo e determinante, un informe que a Lei de costas caracteriza como non preceptivo. Porén, os termos da súa pregunta, así como a súa tramitación pola vía urxente, evidencian a confusión en relación con este asunto, que estou encantada en despegar.

E vólvolle explicar onde residen os seus erros. A Xunta non pode decidir ao seu antollo sobre o dominio público marítimo-terrestre, porque non é da súa competencia. E o prazo do informe da Xunta de Galicia non comezou a correr porque o Ministerio nos informou que daba por non solicitado o informe, mediante oficio do 20 de febreiro deste ano. E se quere fágollo chegar con moito gusto.

Pero é que ademais existe outro condicionante no escenario actual que debe ser tido en conta, e é que o Goberno de España está actualmente dando cumprimento ao mandato xudicial de incoar un expediente de caducidade sobre Ence. E o Regulamento da Lei de costas establece que, cando se está a tramitar un expediente de caducidade, o procedemento de prórroga queda en suspenso.

Esta é a situación do procedemento de prórroga e esta é a situación na que nos atopamos.

Señoría, como dicía, a Xunta ten claro cal é o seu compromiso e cal é o seu criterio en relación coa actividade de Ence na ría de Pontevedra. E para defender ese criterio e ese compromiso viñemos traballando dende o ano 2009. Froito dese traballo contamos co Plan de ordenación do litoral, aprobado no 2011, onde hai referencias explícitas a Ence.

A Xunta de Galicia ten a obriga de respectar as competencias do Estado e de cumprir coa lei, pero ten tamén o deber de participar no procedemento de prórroga, contribuíndo a acadar a mellor solución ambiental e social para a comarca de Pontevedra e para o interese xeral de Galicia.

Así o faremos –que ninguén o dubide– pero cando chegue o momento. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Pregunta de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o cumprimento da lexislación vixente en materia de contratos do sector público na execución da autovía da Costa da Morte

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra a señora Pontón para formular a súa pregunta.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señora presidenta.

Señora conselleira, a autovía da Costa da Morte foi unha promesa do señor Fraga despois da catástrofe do *Prestige*. Once anos após o *Prestige* só quedan promesas, mentiras e intereses corruptos.

A situación e o proceso vivido con esta autovía é toda unha metáfora do desprezo do PP cara aos veciños e veciñas da Costa da Morte, mais tamén é unha metáfora de como vulneran a legalidade vixente para beneficiar a empresas construtoras. Porque poden vostedes facer todos os informes *ad hoc* que queiran, tanto os membros do Goberno do Partido Popular como quen vostede queira, pero é evidente que todo o proceso que están seguindo coa modificación do contrato desta autovía é un dislate e unha mostra de como utilizar o Consello da Xunta e o DOG para saquear os fondos públicos.

Fixense: tres adjudicacións en seis anos; unhas obras que en teoría ían estar finalizadas hai un ano e que na actualidade só teñen en torno a un 20 % realizado; unha aposta por un modelo privatizador que fracasou e que fai que paguemos tres veces máis do custo real das obras.

Neste momento ten vostede sobre a mesa, pola porta de atrás, unha modificación da concesión que claramente o que quere é impedir que se cumpra o contrato e que se cumpra o que di a Lei de contratos do sector público. Unha lei, por certo, tramitada con escurantismo, pola porta de atrás, que chegou a este Parlamento sen os informes requiridos, que logo cargos de libre designación do Partido Popular din que son legais, pero, como comprenderá vostede, nós a iso non lle damos ningún tipo de lexitimidade.

Porque vostede non está defendendo o interese xeral, conselleira, vostede está claramente defendendo o interese privado dunha empresa, e priorizando este sobre o interese dos galegos e das galegas, e dos veciños e veciñas da Costa da Morte, a ter as infraestruturas ás que teñen dereito.

E, ¡que casualidade!, a empresa que aparece como maioritaria nesta UTE, citada no financiamento ilegal do Partido Popular da trama Gürtel.

Vostedes teiman en que defenden o interese público, mais sabe que non é así. Vanlle perdoar a penalización, e non só isto, senón que imos ter que pagarlle unha indemnización. Promoven unha modificación substancial dun contrato, que é unha das prácticas que se está en toda a Unión Europea dicindo que é un dos ámbitos onde pode darse corrupción. E non nos tomen o pelo, porque saben que isto o fan só para beneficiar a esta empresa.

Preguntámoslle, señora conselleira, que nos explique por que o que valía antes non vale agora; por que no mes de xullo a súa consellería dicía que, se en agosto non empezaban estas obras, que ían rescindirilles o contrato. ¿Que pasou de agosto a xullo para que haxa este cambio? ¿Por que fan unha modificación legal para incumprir a legalidade? Porque, señora conselleira, se seguen adiante, todo o Consello da Xunta e os deputados e deputadas que o avalen seguramente están prevaricando.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (Vázquez Mourelle): Señora Pontón, véxome na obriga de comezar a miña resposta desmentindo o plantexamento totalmente da súa pregunta. Porque, señoría, en relación coa autovía da Costa da Morte, como no resto dos asuntos, a Xunta de Galicia cumpre escrupulosamente a Lei de contratos do sector público e o conxunto do ordenamento xurídico que rexe na nosa comunidade.

A Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria, establece a necesidade de acadar o saneamento orzamentario ao longo prazo como estratexia necesaria para impulsar a superación de crise. E a entrada en vigor desta lei tivo entre as súas consecuencias a necesidade de reducir os considerables compromisos de gasto da Axencia Galega de Infraestruturas, compromisos de gasto plurianuais.

Con este obxecto, comunicámoslle á sociedade adxudicataria da construción e explotación da autovía da Costa da Morte a nosa vontade de realizar unha revisión dos termos contractuais. Con este obxectivo –e reitero– de reducir os compromisos plurianuais de gasto e darlle cumprimento, deste xeito, á lei.

E concorren –é evidente– neste caso as razóns de interese xeral referidas na Lei de contratos do sector público, como causas que fan necesario o reequilibrio económico nos contratos de concesión por actuacións da Administración.

Son, efectivamente, as razóns de interese xeral as que determinaron a necesidade de adaptar ás novas circunstancias o contrato e avaliar os axustes precisos que garantan a continuidade da prestación do servizo público. Actuamos para facer exactamente o que imos poder pagar. Loxicamente, esta revisión do contrato conta cos informes que avalan a súa legalidade e acreditan a redución dos compromisos plurianuais para a Administración, que é o obxectivo principal desta actuación.

Neste sentido, quero deixar ben claro que a nosa xestión conta co informe favorable da Intervención Xeral do Estado, que acredita que se trata do reequilibrio económico e financeiro beneficioso para a Administración, que é este. E este

informe acredita tamén que a solución recollida na disposición adicional quinta do Proxecto de lei de medidas económicas e financeiras supón reducir as porcentaxes proporcionais ao investimento que se realizará á empresa e os compromisos de gasto da Administración. É dicir, que a concesionaria cobrará polos traballos realizados, nin un euro máis e sen ningún tipo de indemnización. É tan transparente e correcta esta actuación que a Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia considerou innecesario incluír observación ou aclaración algunha no informe que acompaña a Lei de medidas urxentes. E sábeo vostede porque así llo comunicou nun escrito á Cámara o director xeral da Asesoría Xurídica, con data 30 do mes de outubro, no que di –leo textualmente– que “considera adecuada a técnica xurídica e normativa”. Trátase, polo tanto, dunha acción xuridicamente correcta e tecnicamente eficiente e que permite...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (Vázquez Mourelle): ...o equilibrio futuro das contas públicas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Réplica da señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Señora conselleira, vostede coñece as cláusulas que estaban no contrato que se asinou para a autovía da Costa da Morte. Cláusula número 78. Asunción de riscos: a sociedade concesionaria asume os riscos e as responsabilidades que se deriven da redacción dos proxectos e o financiamento, construción, explotación e conservación da autovía obxecto de concesión. Cláusula número 74. Obrigacións da sociedade concesionaria: executar as obras de construción de acordo co especificado nos proxectos de construción aprobados pola Administración, e explotar a autovía obxecto de concesión asumindo o risco económico da súa xestión.

O que vostedes están facendo é incumplir esta concesión. Nós levamos dous anos denunciando e reclamando que vostedes lle aplicaran as penalidades que estaban previstas e que rescindiran este contrato. Vostede nos dirá por que non cumpriu, durante estes dous últimos anos e como lle pediu o Bloque Nacionalista Galego, o que estaba previsto neste

contrato e na Lei de administración pública. A Lei de administración pública di que a modificación dos contratos só se pode producir por razóns de interese xeral, e aquí non hai ningunha razón de interese xeral.

Porque vostede o que aínda non nos explicou nin nos remitiu a esta Cámara é cales son eses informes económico-financeiros, porque non están no noso poder. E sabe, ademais, que hai unha falacia. Porque o que non pode vostede dicirnos é que, xusto un ano no que a Xunta de Galiza ten maior capacidade de gasto –ou iso é o que nos está vendendo o Goberno galego–, é cando deciden rescindir este contrato, cunha modificación feita á medida da empresa. Unha empresa, señora conselleira, que no ano pasado, segundo se ten publicado, e no ano anterior estaba en quebra técnica; e, polo tanto, vostedes xa sabían que non ía poder seguir adiante con este proxecto. Se non o sabe debería de sabelo, porque até saíu publicado nos xornais.

Polo tanto, señora conselleira, vostede claramente está prevaricando porque non defende o interese... *(Murmurios.)* *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Pontón.

Señora Pontón, eu o que pediría é que... xa lle dixen que non ía tolerar acusacións directas, que pode vostede falar da xestión e de todo o que queira pero, polo menos, cando fale non vou tolerar acusación directa de ningún tipo. E non ten a palabra. *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* Non ten a palabra, non vou discutir con vostede. *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Señora Pontón! *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)*

¡Señora Pontón!, chámooa á orde. E séntese porque non ten a palabra. *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)*

¡Señora Pontón! *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* Non vou discutir con vostede, e non ten a palabra. *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)*

Segunda chamada á orde, señora Pontón. *(Aplausos.)* *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)*

Ten a palabra, conselleira, para responder.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (Vázquez Mourelle): Presidenta.

(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.) *(Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Que xa estou eu para falar, se falamos todos entón malamente podemos entendernos. *(Murmurios.)*

Señora Pontón, vostede agora tampouco ten a palabra; ten a palabra a conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (Vázquez Mourelle): Grazas, presidenta.

Señora Pontón, vexo que pon en dúbida o rigor da Intervención Xeral do Estado. E véxome na obriga de recordarlle e repetirlle que a Xunta de Galicia cumpre escrupulosamente o marco legal, a Lei de contratos do sector público e toda a normativa. E a disposición adicional xa referenciada protexe o interese xeral ao permitir o aforro futuro, a continuidade das obras e a limitación de pagos á concesionaria. Actuamos, polo tanto, pensando nos cidadáns: nos cidadáns de Galicia, porque reducimos o diñeiro de todos e que debería estar destinado a pagar esta infraestrutura; e nos cidadáns da Costa da Morte, que poderán disfrutar do treito un da agardada autovía.

Rescindir agora a concesión suporía ter que aboar, no actual momento económico e nun único pago, 40 millóns dos xa invertidos. Quizais iso é o que vostedes entenden por interese xeral, pagarlle 40 millóns de euros á concesionaria nun único pago, que implicaría reducir o 16 % do orzamento da Consellería para o ano que vén. E quizais vostedes o que queren é que os veciños da Costa da Morte vexan retrasada a súa autovía *sine die*. Fronte a iso nós plantexamos que as obras se retomen en cuestión de semanas, antes de que remate o ano, e que o principal treito da autovía da Costa da Morte se poña en servizo nesta lexislatura. O esforzos, como saben, centraranse no treito un, entre Carballo e Baio, cunha lonxitude de 27 quilómetros, o que se traduce nun 60 % do recorrido.

Isto é o que faremos, cunha actuación –remato xa– que busca, como sempre, salvagardar o interese xeral cun escrupuloso cumprimento da legalidade, a Lei de contratos do sector público e a Lei de disciplina orzamentaria. E, ademais, con aforros futuros para os cidadáns facendo posible a continuidade das obras e reducindo os pagos á concesionaria. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Pregunta de D. Abel Fermín Losada Álvarez e tres deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a opinión do Goberno galego en relación coa viabilidade económica da Fábrica de Armas da Coruña

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra, señor Méndez Romeu.

O señor MÉNDEZ ROMEU: Quero comezar saudando os traballadores da Fábrica de Armas que nos acompañan e que manteñen viva a necesidade da industrialización do noso país.

Señor conselleiro, o concurso para a concesión da Fábrica de Armas foi convocado o pasado 15 de maio. A empresa seleccionada foi constituída poucos meses antes cun capital social de 3.000 euros. Unha vez iniciado o concurso ampliou capital aportando 100.000 euros en efectivo e medio millón máis de euros en préstamos compensados procedentes de empresas sen actividade nin persoal nin beneficios. Esas empresas eran administradas polos cónxuxes dos socios –datos do Rexistro Mercantil–. Os antigos traballadores denunciaron estas operacións diante da Axencia Tributaria por se puideran constituír irregularidade contable, delito fiscal ou falsificación documental.

Con ese exíguo capital, un mecanismo de financiamento tan peculiar e sen antecedentes industriais, a empresa foi adxudicataria dunha instalación pública de 130.000 metros cadrados construídos, con maquinaria de precisión singular. A oferta gañadora non garante nin os postos de traballo exixidos no prego de condicións; os compromisos financeiros non son firmes. Aínda así, o Ministerio de Defensa na valoración outorgoulle a puntuación máis alta á empresa que menos investimento comprometía, e non considerou necesario comprobar a solvencia financeira da empresa, como hoxe mesmo o Ministerio reconece nunha nota oficial.

Señor conselleiro, vostede, que está tan comprometido co emprendemento e a competitividade e coa empresa 4.0 e outros paradigmas de futuro, ten responsabilidades neste proxecto, por acción e tamén por omisión.

¿Coñece o proxecto empresarial e o plan de negocio da empresa adxudicataria? ¿Estase facendo seguimento do mesmo? ¿Foi comprobada a solvencia da sociedade adxudicataria? ¿Ou acaso o novo paradigma empresarial de Galicia é constituír empresas *ad hoc* para recibir concesións ou subvencións? ¿Considera que o resultado do concurso garante a viabilidade económica da empresa? ¿Como van garantir que se cumpran os obxectivos de postos de traballo comprometidos na oferta e que neste momento nin sequera están garantidos na documentación que obra no Ministerio de Defensa? ¿Coñece vostede que ese concurso, ademais –por se faltaban poucos problemas–, está recorrido en vía contenciosa dende hoxe?

Máis nada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Méndez Romeu.

Ten a palabra o conselleiro de Economía e Industria, señor Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señora presidenta.

Señor Méndez Romeu, a verdade é que eu creo que para tratar estes temas hai que actuar cun pouco de rigor. A verdade é que vostede xa está sentenciando, está incluso opinando sobre os proxectos, entendo que perfectamente coñece todos os proxectos que se presentaron. En calquera caso, loxicamente, dende o Goberno falaremos de feitos e non de opinións. Porque a súa intervención achégase máis ás opinións que aos propios feitos.

En calquera caso, como vostede sabe, efectivamente, dende a Xunta de Galicia estamos a traballar de forma moi intensa nos procesos de industrialización, efectivamente, de fixar tecido industrial en Galicia. E para iso, efectivamente, desenvolvemos todas as ferramentas que temos tanto para impulsar os novos proxectos como para axudar a aqueles proxectos que precisan da axuda pertinente para continuar a

súa actividade. Ese é o caso da Fábrica de Armas, que, como vostede ben coñece, no seu momento e coa presenza de General Dynamics, non se puido manter a continuidade de General Dynamics e non houbo un acordo para que continuara cun novo socio industrial. E ante esa imposibilidade –como vostede tamén sabe– esta Xunta de Galicia non se deu por vencida, puxémonos a traballar xunto co Concello e xunto cos traballadores para conseguir que, efectivamente, o Ministerio de Defensa convocara a unha licitación as instalacións da Fábrica de Armas en favor dun novo proxecto industrial.

E, como vostede sabe perfectamente, esa licitación é un proceso de concorrència competitiva que ten unhas bases, que ten uns condicionamentos que teñen que cumprir todas as empresas que se queiran presentar. Efectivamente, presentáronse dúas empresas. O que houbera querido este Goberno é que foran moitas máis empresas porque, efectivamente, nun proceso de concorrència competitiva cantas máis empresas haxa loxicamente máis oportunidades haberá para a continuidade de actividade.

Polo tanto, este Goberno implicouse dende o primeiro momento na busca de alternativas que permitisen e que permitan a continuidade da Fábrica de Armas e que poidan garantir o mantemento do emprego. A partir de aí, señor Méndez Romeu, máximo respecto pola adxudicación e o resultado do concurso e a decisión que poidan tomar neste caso as dúas empresas, tanto a adxudicataria como a non adxudicataria. E confianza, loxicamente, en que o Ministerio poida resolver todos os concursos que se poidan presentar conforme a legalidade vixente. E, dende logo, nós seguiremos moi especialmente velando por que o proceso permita dar continuidade á actividade industrial da Fábrica de Armas a través dun proxecto que sexa solvente e que teña futuro. Aí é onde nós seguiremos traballando, xunto co Concello, xunto cos traballadores, para garantir esa viabilidade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Réplica do señor Méndez Romeu.

O señor MÉNDEZ ROMEU: Señor conselleiro, ¿como me pode falar de opinións? Teño aquí un amplísimo dossier de

datos do Rexistro Mercantil e de datos da documentación que obra no expediente de Defensa, está aquí documentado o que veño de dicir.

Señor conselleiro, a distancia entre os seus discursos e a xestión da súa consellería é abismal: moita loa á innovación, á internacionalización e, paralelamente, apoio e financiamento a proxectos dubidosos. Trámites eternos e disuasorios no Igape para empresas altamente competitivas e vía rápida para as empresas amigas. Este proxecto está cheo de sombras e dúbidas e non lle vou dar opinións, voulle dar algúns feitos. No entorno da empresa adxudicataria aparece un antigo directivo do Igape que desviou en beneficio propio 5 millóns e medio de euros e que, xunto con outros dous directivos do Igape, está hoxe imputado formalmente na Operación Campeón, operación que todavía a día de hoxe vostedes non explicaron, e eran os seus subordinados. E agora aparece este home neste entorno empresarial.

Señor conselleiro, atopamos neste proceso tamén ao conseqüidor por antonomasia, o amigo do presidente, compañeiro de espectáculos, empresario, provedor do PP e tamén comisionista recoñecido no sumario Zeta. ¿Pasaba por alí? ¿Chamouno vostede? ¿Chamouno o presidente? ¿Estaba a comisión, a parte ou como mordida?

Señor conselleiro, estamos a falar do “abreportas” e vostedes incorporárono neste procedemento, non parece que fora para aportar capital nin solvencia.

¿A Xunta considera viable o proxecto adxudicatario da Fábrica de Armas? ¿Vai garantir que funcione nos termos que estaba previsto? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Méndez Romeu. Señor Méndez Romeu, xa non ten a palabra. Grazas.

Réplica do conselleiro de Economía e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López): Señor Méndez Romeu, eu entendo que vostede conviva permanentemente coa confusión. O que eu lle pediría (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) é que non intentara trasladar ningún tipo de confusión á cidadanía galega, porque se empeza a mesturar todos

os temas na súa coctelera particular... (*O señor García pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA: Señor García.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López): ...e pretende levantar insidias permanentes, eu, a verdade, é que non o comprendo. Eu o que lle suxiro é que, se ve algún tipo de actividade delitiva, pois xa sabe o que ten que facer con ela, levala á Fiscalía, e loxicamente que se poidan seguir todos os trámites.

Como vostede sabe, neste proxecto... Se quere podemos falar da operación Blanco, incluso de antigos ministros correspondentes ao seu partido e da operación Campeón. Como vostede sabe perfectamente, señor Méndez Romeu, neste proxecto a licitación correspóndelle ao Ministerio de Defensa. Non se trata de que vostede veña inxuriar aquí ao Igape e falar de empresas amigas, porque aquí non hai (*A señora Gallego Calvar pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) ningún tipo de...

A señora PRESIDENTA: Señora Gallego, ten dúas chamadas á orde, recórdollo.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López): ...vía rápida para ningunha empresa amiga, o que hai é unha licitación en concorrencia competitiva, por parte do Ministerio de Defensa, na que as empresas presentan as súas ofertas, e sobre uns baremos, sobre unha selectividade, e con total transparencia, resólvense os concursos. A partir de aí as empresas teñen tamén o dereito, loxicamente, de non estar de acordo e presentar os recursos que correspondan.

En calquera caso, señor Méndez Romeu, nós cremos perfectamente na rigorosidade e na transparencia da xestión do Ministerio de Defensa, vostede parece que non. Nós mantemos un total respecto polo transcurso dos acontecementos e pola presentación dos diferentes recursos, e vostede parece que non. E nós, señor Méndez Romeu, confiamos plenamente en que a actividade industrial volva á Fábrica de Armas o antes posible, e parece que ese non é o seu obxectivo.

De feito, o que si lle podo afirmar, Méndez Romeu, é que este Goberno non deixará en ningún momento de prestar o

seu apoio a aquel proxecto gañador que garanta un futuro sólido e estable á Fábrica de Armas porque diso se trata, de garantir os postos de traballo, de garantir a viabilidade deste proxecto. Este Goberno non deixará en ningún momento de estar ao lado dos traballadores, especialmente dos 61 traballadores despedidos por General Dynamics que renunciaron ás súas indemnizacións, co fin de que poidan ter continuidade de nos seus postos de traballo.

Este Goberno, señor Méndez Romeu, non deixará en ningún momento de velar polo cumprimento dos compromisos adquiridos, e seguirá xunto co Ministerio de Defensa, a través desa comisión de seguimento, a velar porque se cumpran as condicións de adxudicación dos diferentes pregos.

Polo tanto, Méndez Romeu, estamos falando dun proxecto moi claro de concorrencia competitiva. Se vostede ten algunha información dalgún delito que entenda que se está cometendo, ten a Fiscalía, e eu pregaríalle que enviase toda a documentación.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Pregunta de D. Xosé Manuel Beiras Torrado e sete deputados/as máis, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para evitar a privatización dos estaleiros públicos da ría de Ferrol

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra a señora Díaz para formular a súa pregunta.

A señora DÍAZ PÉREZ: Grazas, presidenta. Boas tardes.

Señor conselleiro, dende a Alternativa Galega de Esquerda temos unha única cousa clara, e é que vostedes incumpriron a súa palabra no sector naval no que atinxe á construción do dique flotante ou ben do dique seco. Pero a cuestión agora, señor Conde, é dilucidar se vostedes van cumprir a súa palabra respecto da construción civil, agora que xa temos levantado o veto a partir de decembro en Europa, ou se, unha vez máis, van traizoar unha comarca que –como sabe– vive practicamente do monocultivo do sector naval.

Pregúntolle isto porque, dende logo, dende Alternativa Galega de Esquerda, igual que dende os sindicatos de clase, non compartimos esa decisión que se ten esbozado dende a Xunta de Galicia de pretender alugar os terreos que novamente se volven chamar ociosos da antiga Astano, a actual Navantia Fene, para desenvolver alí un proxecto nesa empresa que se denomina Gestamp. E non estamos de acordo, señor conselleiro, por razóns bastante evidentes. A primeira é porque faría incompatible a práctica da construción civil, a compatibilidade con esa empresa, que, por certo, subcontrata para outra empresa. E non é compatible, señor conselleiro –eu de verdade que o convido a que veña visitar as instalacións de Astano, de Navantia Fene, para que o poda ver–, porque, como ben sabe vostede –e se non o sabe vou-llo dicir eu–, os jacks pesan cada un nada máis e nada menos que 700.000 quilos, o que quere dicir que necesitan do emprego da grúa pórtico e necesitan tamén da grada para o seu desenvolvemento. Polo tanto, ese paso *per se* é xa incompatible coa construción civil, como era pretendido por parte da comarca de Ferrolterra.

Pero o máis grave, señor conselleiro –supoño que o sabe– é que para facer esa operación de alugar os terreos chamados ociosos, nesa herdanza maldita –que foi como lle denominou o anterior Goberno dos que vostedes abominan–, como saben xustamente vostedes, non hai ningún plan industrial na nosa comarca que coñezamos, pero o máis grave é que alugar eses terreos supoñen desafectar os terreos de Navantia, e, por tanto, suporía tamén unha privatización dos mesmos.

Tamén coñece, como coñezo eu, que a única supervivencia posible dos estaleiros é permanecer na rede pública. Podería darlle unha ringleira exhaustiva de estaleiros que nesta chamada crise foron, con carácter privado, pechando.

Por tanto, señor conselleiro, estannos a ver os traballadores e traballadoras de Navantia... (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas. Grazas, señora Díaz.

Resposta do conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Díaz, pregúntame vostede, efectivamente, polas actuacións que a Xunta de Galicia vai levar a cabo para impedir, na súa indefinición, o afogo e privatización do estaleiro da ría de Ferrol e o seu impacto, ao que eu lle debo responder, loxicamente, que nós xa estamos a facer todo o que está nas nosas mans.

En primeiro lugar, fáleme de compromiso con Navantia e con Ferrol. Como vostede sabe perfectamente, ese compromiso estase executando, estase desenvolvendo, a través de Navantia con catro contratos que xa están en funcionamento, con preto de 500 millóns de euros e con 3 millóns de horas de traballo.

Se me fala de privatización, vostede sabe tan ben coma min, señora Díaz –sábeo perfectamente–, que os terreos de Astano son de titularidade pública e que seguirán a ser de titularidade pública, todo o demais é intentar confundir. Aclarar estes puntos eu creo que é verdadeiramente importante, porque, efectivamente, as ambigüidades neste eido creo que non axudan a ninguén, tan só a confundir.

Polo tanto, se quere falar con rigorosidade do futuro de Ferrol e do futuro do sector naval en Ferrol, efectivamente, este Goberno ten, en primeiro lugar, un compromiso claro con Navantia xa demostrado. En segundo lugar, este Goberno está aberto, efectivamente, a estudar e a impulsar calquera proxecto serio, calquera proxecto real, que, sendo compatible coa actividade de Navantia e, por suposto, tamén coa construción civil, poida constituír unha oportunidade de novos postos de traballo e de novos investimentos de carácter industrial para Ferrol, porque ese é o compromiso deste Goberno: postos de traballo e investimento para Ferrol.

A partir de aí, efectivamente, hai unha proposta que entendemos dende o Goberno que debe ser analizada, que debe ser, efectivamente, avaliada, e que, no caso de ser compatible coa actividade de Navantia, entendemos que non debemos deixar escapar, e, dende logo, dende este Goberno trataremos de impulsar este tipo de proxecto; un proxecto que –como sabe– suporía un investimento de máis de 100 millóns de euros, coa creación de 500 a 700 postos de traballo, e, dende logo, esa é a dirección na que estamos a traballar.

Eu, sinceramente, señora Díaz, non comparto o seu continuo rexeitamento ao futuro do naval, ao futuro de

Ferrol, e incluso ao futuro de todo, porque esa é a postura do seu grupo. Agora tamén queren negar a posibilidade dun novo proxecto industrial para Ferrol, e, desde logo, este Goberno por responsabilidade vai avaliar, efectivamente, calquera proxecto, e particularmente este proxecto que se ten presentado, que permita maior creación de emprego en Ferrol, maior crecemento, maiores investimentos, e, polo tanto, un futuro para o sector naval, un futuro para o sector e a diversificación industrial de Ferrol, e, polo tanto, un futuro para toda a comarca de Ferrolterra. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, conselleiro.

Réplica, señora Díaz.

A señora DÍAZ PÉREZ: Bueno, señor conselleiro, o único que hai de certo respecto do Partido Popular e a comarca de Ferrolterra son as súas mentiras. Non as súas persoais, senón as do Partido Popular. Contaron tantas trolas respecto do sector naval, que agora non son quen de poñer os pés na nosa comarca. Eu convidoo novamente a que veña a Astano para que poida comprobar *in situ* e se reúna cos comités de empresa... Por certo, pregúntanme se van atender a petición que lle fixeron novamente respecto deste proxecto agochado de Gestamp. Dinme que lle pregunte a vostede se vostede vai atender esta petición, e vir xustamente a ese magnífico estaleiro, que se chamaba antigamente Astano, para que comprobe *in situ* que esa tarefa que vostede pretende non é compatible, señor conselleiro, non é compatible, porque esixe da ocupación da grúa pórtico, unha das mellores do mundo, e tamén da grada, señor conselleiro. Insístolle. Veña alí e compróbeo *in situ*.

Segundo, señor conselleiro. ¿Vai permitir que agora que se levanta o veto nos dediquemos ao que sabemos facer, que é construír en termos civís buques ou plataformas ou o que sexa ou non? ¿Ou imos agasallar o estaleiro –tan pretendido, por certo– a eses amigos da Xunta de Galicia? Por certo, unha empresa, Gestamp, que teño que lembrarlle, porque o coñece, que hai escasamente 15 días aínda tiña un ERE de extinción para 80 traballadores na comarca de Vigo, e que rapidamente, cando xurdiu esta operación, vostedes esixiron que ese ERE fora sacado de enriba da mesa, señor conselleiro. Esta é a verdade.

Entón, por unha banda esa empresa despide traballadores e traballadoras na comarca de Vigo, e vostedes queren regalalle o estaleiro de Astano, de Navantia Fene, da nosa comarca.

Contéstenos: ¿vai haber plan industrial para Astano, si ou non? ¿Vai permitir o Goberno do Partido Popular que nos dediquemos á construción civil, si ou non? ¿Vai regalar ese estaleiro, si ou non?... (*A señora Díaz Pérez pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Díaz.

Réplica. Turno de peche, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas.

Señora Díaz, eu agradézolle as continuas referencias a invitarme a visitar Navantia pero eu coñezo perfectamente esas instalacións, tiven ocasión de coñecelas polo miúdo en diferentes visitas. Polo tanto, eu agradézollo, e en calquera caso seguiremos traballando.

Fala vostede das mentiras do Partido Popular. Eu, con respecto ao sector naval e con respecto a Navantia, do que lle podo falar é de feitos, de feitos constatables con respecto a Navantia. Como sabe, xa se está construíndo o flotel de Pemex e a transformación do *Monforte de Lemos*, contratos por valor de 175 millóns de euros e que implican 1.150.000 horas de traballo. Como sabe perfectamente, o próximo 28 de novembro está previsto o corte de chapa dos primeiros bloques do Buque de Acción Marítima, que suporá 1.100.000 horas de traballo e 167 millóns de euros de facturación. Sabe que pronto se unirán a estes tres proxectos o deseño do LHD xa adxudicado, con 800.000 horas de traballo, que ocupará todo o departamento de enxeñería de Navantia e 140 millóns de euros. Sabe que está tamén a ampliación do contrato de mantemento das cinco fragatas F310 ata decembro de 2015 coa Armada de Noruega, e a sinatura –que tamén coñecen– do contrato con Australia para realizar o deseño da fragata F50.

Estamos falando, polo tanto, de realidades, señora Díaz. Realidades con preto de 500 millóns de euros en contratos que xa se están executando e máis de 3 millóns de horas.

En relación co futuro, seguimos con contratos. En concreto, do deseño e construción da primeira fragata F110 para a Armada española en 2016, e sabe que o Ministerio de Defensa xa comprometeu orzamentos no 2016, igual que, efectivamente, ese contrato da eólica mariña.

Polo tanto, estamos falando de realidades. Vir aquí a dicir que o Partido Popular mente... Pois mire, estas son realidades, se as quere constatar, perfecto.

Con respecto a que de novo falan dos amigos. É curioso, sempre se refiren ás amizades. Miren, o proxecto de Gestamp é unha realidade, está aí plantexado, pero, en calquera caso, o que si podo trasladar desde o Goberno é que calquera proxecto que permita abrir novos espazos, crear novos empregos, sen que leve, efectivamente, consigo privatización ningunha, que sexa compatible co traballo do estaleiro público no sector naval, dende logo contará co apoio deste Goberno. E este Goberno está aberto a que efectivamente a SEPI poida valorar e estudar en detalle o que pode ser unha oportunidade clave para Ferrol, do que entendemos que non debemos escapar polo que significa de maior diversificación e polo que significa de creación de maior emprego e maiores investimentos en Ferrol.

Dende logo, ante a súa postura permanente de non a Galicia, señoría, o que encontrará neste Goberno é un si a Galicia e un si a Ferrol.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, conselleiro.

Pregunta de D. Agustín Baamonde Díaz e sete deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego respecto do desenvolvemento da World Music Expo 2014 en Santiago de Compostela

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Para formular a pregunta ten a palabra o señor Baamonde.

O señor BAAMONDE DÍAZ: Moitas grazas, señor presidente.

Moi boa tarde a todos e a todas.

Señor conselleiro, desde que comezara a celebrarse hai xa dúas décadas, a Womex veuse convertendo na máis importante, ou nunha das máis importantes, feiras profesionais das músicas mundiais, contribuíndo de maneira notoria á difusión e á internacionalización e globalización das músicas e tamén de todo tipo de culturas.

Desde que se celebrara a primeira edición en 1994, en Berlín, cúmprense agora vinte destas edicións. E a última foi a que tivo lugar en Santiago de Compostela entre os días 22 e 26 de outubro pasado, que loxicamente é a que centra o obxecto da nosa pregunta e que non é insistir sobre a transcendencia da Womex senón fundamentalmente coñecer cal é a valoración do Goberno da Xunta de Galicia respecto do seu desenvolvemento, do seu alcance, e moi especialmente a valoración que a vostede, como conselleiro, lle compete respecto do esforzo conxunto das industrias musicais e das administracións públicas galegas e da súa aposta respecto da celebración deste importante evento en Santiago de Compostela.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Baamonde.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Vázquez Abad): Moitísimas grazas, señor presidente.

Señor deputado, boa tarde a todas e a todos.

Se Galicia acolleu unha das edicións máis concorridas da historia da Womex, segundo os propios organizadores, foi grazas ao gran esforzo de colaboración público-privada realizada nestes anos. Por iso valoramos como moi positivo o seu paso pola nosa terra, e nomeadamente polo que é xa a cidade de todas e todos os galegos, a Cidade da Cultura, que vén de amosar durante estes días o seu inmenso potencial como plataforma para a proxección cultural de Galicia no exterior, e como vehículo de conexión da nosa cultura coas principais canles culturais internacionais; un potencial no que agardamos seguir aprofundando no futuro por medio dou-

tros eventos de semellantes características que se están a negociar.

Esta importante cita coa que o Gaiás reforza o papel para o que foi concibido foi acompañada, ademais, doutras iniciativas complementarias, como o propio Focus Galicia, que involucrou a unha dúzia de formacións galegas e a 29 dos principais programadores de eventos musicais de 17 países. Pero, como dicía, a elección de Santiago como sede desta vixésima edición do Womex non foi casual, senón froito de anos de intenso traballo conxunto co noso sector musical. Esta candidatura contou co noso apoio decidido dende o seu inicio, baixo a firme convicción do gran pulo que suporía para as nosas industrias culturais.

Neste sentido, sabedores da calidade da nosa música e do bo facer das nosas empresas, apostamos con decisión por traer a Galicia este evento, tanto polo recoñecemento implícito que suporía para a nosa industria musical a nivel mundial como polo seu potencial como catalizador para a proxección exterior do vizoso talento creativo que agroma na nosa terra.

Cómpre recordar que o Womex é, dende hai anos, unha cita ineludible para o Goberno galego e para as nosas principais firmas musicais, na que promovemos non só a súa presenza, senón a súa participación activa baixo a marca “galician tunes”, acadando cotas históricas nos últimos anos por parte dos nosos máis recoñecidos artistas. Eu mesmo fun testemuña directa o pasado ano do excelente labor que nesta feira desenvolven os nosos profesionais, así como das moitas oportunidades e vantaxes estratéxicas que para eles supón a asistencia a este tipo de eventos. Unhas oportunidades e vantaxes que, coa súa celebración neste caso en Galicia, veñen de supoñer un paso de xigante para a proxección exterior da nosa música, da nosa cultura e da nosa lingua, grazas á gran aposta realizada polo Goberno galego. Pero, sobre todo, grazas ao talento e ao labor dos expertos creadores, intérpretes e profesionais da música galega, así como das empresas que nela participaron.

Nada máis e moitas grazas polo de agora. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor conselleiro.

Réplica do señor Baamonde.

O señor BAAMONDE DÍAZ: Moitas grazas, señor presidente.

Intervirei moi brevemente para agradecerlle ao señor conselleiro a información que nos acaba de trasladar e abrir-lle a quenda para que poida concretala, e moi especialmente inquirir en relación cos datos concretos de desenvolvemento desta edición de Santiago, se pode confirmar o carácter exitoso desta edición na nosa cidade e se confirma o carácter ascendente e tamén transcendente ao longo de todas esas vinte edicións que xa leva completadas.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Baamonde.

Turno de peche, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Vázquez Abad): Señor presidente, señores deputados, efectivamente, en moitos aspectos este Womex foi un Womex de réconds respecto das pasadas edicións, e sobre todo un punto de inflexión para a nosa música. Tivo unha amplísima repercusión mediática, con máis de douscentos xornalistas acreditados de todo o mundo, co que isto supón tamén de proxección para a nosa cultura e para Galicia en xeral. Batéronse réconds na asistencia de delegados, un 6,6 % máis, así como na de empresas internacionais –neste caso máis dun 16 %–, involucrándose a unhas tres mil persoas entre profesionais e artistas, e contando cun amplo espazo feiral, con 668 exhibidores de 47 países.

Supuxo tamén un récord histórico absoluto de stands en funcionamento, un 12 % máis, entre os que tivo un especial protagonismo, como antes sinalaba, o “galician tunes”, que serviu de paraugas á máis nutrida representación galega da historia deste evento, composta polas tres principais asociacións do sector e por 21 compañías profesionais, que representaban a medio cento das nosas formacións e celebraron máis de catrocentas reunións.

Tamén iniciativas paralelas como “Focus Galicia” foron moi aplaudidas polo seu carácter pioneiro, como xeito ideal de mergullar os programadores na realidade musical galega, que permitiu iniciar o peche de actuacións dalgúns dos nosos

artistas en países como Xapón, India, Brasil, Canadá, Marrocos, Irlanda ou Portugal. E, sobre todo, continuaremos a facer un seguimento dos proxectos que se poidan xerar, ofrecéndolles o noso asesoramento e, por suposto, o acompañamento.

Tampouco somos alleos á ampla repercusión que o Womex tivo nos moitos sectores implicados, directa ou indirectamente, na súa celebración. Alén do impacto que para a propia marca Galicia supuxo a boa imaxe que dela levaron os participantes nesta feira, diversos representantes dos nosos sectores culturais, turísticos e empresariais trasladáronnos valoracións moi positivas e mesmo os seus parabéns respecto dos resultados.

Hai que recordar que a súa organización, realizada case totalmente con empresas locais, mobilizou neses días catrocentos postos de traballo na nosa terra, beneficiando, nove e cada dez euros investidos nela, directamente as nosas empresas e profesionais. Por non falar do seu efecto dinamizador en sectores como o hostaleiro, o da restauración ou o comercial, moi satisfeitos cos resultados obtidos en termos de negocio e coas oportunidades de promoción exterior que supuxo un incremento medio na ocupación hoteleira en Santiago, que nalgúns casos superou o 40 %.

En definitiva, a celebración do Womex supuxo un impacto, estimado pola organización, de preto de 3 millóns de euros, e tamén darlle a curto e medio prazo un pulo sen precedentes á nosa industrial cultural, porque, como vimos dicindo desde o principio, o gran efecto do Womex que se celebrou será aínda a medio prazo para os nosos artistas e para a nosa cultura.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, conselleiro.

Pregunta de D^a Eva Solla Fernández e D. Juan Manuel Fajardo Recouso, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre a ampliación do Hospital Comarcal do Salnés

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bueno, lamentablemente teño que traer esta pregunta outra vez aquí, porque, como xa é costume, a resposta non foi satisfeita en comisión, como non soen ser satisfeitas ningunha das preguntas ao Goberno. Vimolo esta mañá na sesión de control co señor Feijóo.

Na comisión eu preguntei a xustificación que deberían dar sobre as diferentes datas para a finalización da ampliación do Salnés. Non obtiven ningunha resposta. Preguntei tamén por eses fondos Feder, e a resposta, a risco de ser condescendente, digamos que foi confusa.

As veciñas e veciños do Salnés levan loitando, señora conselleira, pola ampliación do hospital e pola ampliación dos servizos máis dunha década, soportando o ninguneo da propia Administración, manifestándose e, sobre todo, sufrindo persoalmente a ausencia dalgúns servizos.

Catro proxectos ata o de agora, e o último foi precisamente ese que se lle concedeu a Cofely, que ademais carece de UCI e doutros servizos necesarios.

Ao inicio da lexislatura dicían vostedes que a mediados desta mesma lexislatura xa estaría ampliado o hospital; é dicir, que a estas alturas xa tiña que estar feita esa ampliación. O ano pasado falaban xa de finais do 2014. Avanzado o tempo foron mudando para o 2015. O 16 de xuño deste ano anunciaban vostedes a licitación para a contratación da empresa encargada das obras, e no verán deixaron entrever que rematarían en 2017 –isto en agosto–. En setembro advertían en rolda de prensa do perigo de perder os fondos Feder, e inmediatamente vostede saíu dicindo que todo estaría rematando en 2015, para que uns días despois, no debate do estado da nación, o señor Feijóo desdicira as súas palabras dicindo que estaría rematado en 2016. E a posteriori, na Comisión 5^a, hai un par de semanas, a directora xeral de Recursos Económicos voltou mudar, e agora resulta que os Feder en 2015 e o resto non se sabe.

Improvisación, señora conselleira, a súa xestión zumega irresponsabilidade, propaganda e improvisación. O que si temos claro é o que di a licitación: prazo de execución, 27 meses; cofinanciado ao 80 % cos fondos Feder.

Nós expuxemos que o prazo era incongruente co tempo máximo que dispón a Xunta de Galicia para executar estes fondos, e a señora directora xeral dixo literalmente –vouno ler literalmente porque con tamaña elocuencia hai que lelo literalmente–: “O 80 % das cantidades que ti metes en fondos, o 80 % é fondos Feder e o 20 % cofinanciamento, cofinanciamento FCI. Iso é en teoría o que ten que levar o título do proxecto. Se eu poño 5,4 millóns de euros, quere dicir que o 80 % deses 5,4 son Feder; e o 20 %, FCI; 5,4 se cofinancian e o resto dos fondos son fondos propios”.

Señora Mosquera, a ver se vostede ten algo máis de claridade para explicarnos se estes fondos se van executar ou non. O que quedou claro é que, ademais, non saben como van facer para compatibilizar estas obras coa asistencia sanitaria. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Solla.

Resposta da conselleira de Sanidade.

A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Mosquera Álvarez): Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señorías, unha vez máis comparezo para ratificar o compromiso deste Goberno coa ampliación do Hospital do Salnés.

Como ben saben, trátase dunha obra moi complexa, sumada ao feito de ter que realizala coa mínima repercusión na actividade asistencial do centro, que permitirá o funcionamento durante todo o transcurso das mesmas. A ampliación abrangue as áreas que representan unha superficie asistencial de máis de 4.100 metros cadrados, dos cales 2.700 son de nova edificación e 1.400 metros cadrados serán obxecto de reforma.

O proxecto da obra divide esta en varias fases, afectando cada unha delas a diferentes áreas de ampliación.

Na primeira fase haberá unha fase preparatoria da obra, que inclúe a execución dun novo vial de acceso, e o desvío dunha liña media de tensión e de gas, así como outras redes, como a acometida de auga, hidrantes, saneamento, iluminación, urbanización do vial, etc.

A segunda é a execución das novas urxencias, o novo bloque obstétrico e parte do novo bloque cirúrxico –a zona de quirófanos, en concreto–.

A terceira é a execución de todos os locais de apoio do bloque cirúrxico.

A cuarta é a execución dos coidados poscirúrxicos, a adaptación ao medio e o hospital de día.

Unha vez que estean operativas estas novas áreas, procederase ao traslado dos servizos afectados, que, a súa vez, deixarán espazos libres dentro da actual superficie do centro hospitalario. Estes espazos serán reformados para a instalación das outras áreas hospitalarias, e estariamos xa na quinta fase.

Falamos agora do proceso técnico-administrativo, que tamén foi moi complexo.

O primeiro paso neste proceso foi a licitación do contrato para os servizos de redacción do proxecto, dirección facultativa de obras e coordinación de seguridade e saúde, subministración enerxética prestacional, mantemento e conservación de edificios e instalación de centros sanitarios. A licitación deste proceso foi o 10 de agosto do 2012. Nesta estaba incluído o Hospital do Salnés xunto cos quinze centros de saúde. Neste contrato contemplábanse as seguintes prestacións a realizar polo contratista: prestacións básicas, que era a redacción do proxecto e a execución dos centros afectados; prestacións opcionais, a dirección facultativa, se se realizaban os centros, a subministración enerxética prestacional dos centros sanitarios construídos durante oito anos e o mantemento destes mesmos centros durante oito anos.

De conformidade coa puntuación obtida polas empresas, a mesa de contratación, o 10 de xuño de 2013, acorda levar ao órgano de contratación a proposta de adxudicación da oferta economicamente máis vantaxosa. Por resolución do 16 de xuño procédese á dita adxudicación e o 6 de agosto de 2013 asínase o contrato.

Segundo este propio contrato, a empresa ten seis meses para elaborar o proxecto arquitectónico de ampliación do Hospital do Salnés. A realización deste proxecto tamén...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Mosquera Álvarez): Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Réplica, señora Solla.

A señora Solla Fernández: Bueno, señora conselleira, non sei se vostede sabe ler correctamente, pero na pregunta creo que vén ben explicitado o que preguntamos sobre eses fondos Feder, porque coa elocuencia da señora directora xeral pois comprenderá vostede que non nos quedou nin medianamente claro. Non lle preguntaba polas fases, nin lle preguntaba polas adxudicacións, porque ademais son públicas e eu mesma as vin, e por iso lle estou preguntando por elas.

Xa sabemos que ademais non saben qué van facer para compatibilizar a asistencia con esas obras, que xa dixeron vostedes que van eliminar todo o páking, o cento por cento das prazas, mentres as fagan, e que ademais as propias empresas que concursan, unha delas, xa lles advertiu nesas preguntas que lle fixeron que non sería posible compatibilizar as urxencias e o resto da asistencia coa obra na súa totalidade. A súa xestión é desastrosa.

E de paso, xa que vostede fala do que lle dá a gana, pois eu tamén o vou facer, e podería aclarar tamén hoxe aquí pois cando nos van proporcionar esa información de Cofely que vostedes dixeron no anterior pleno que ían trasladar. Lémbrolle que a esta empresa involucrada na “operación Púnica” vostedes lle cederon esta subministración enerxética prestacional e de mantemento e conservación de edificios e instalacións do Salnés, e tamén a redacción dos proxectos deses quince centros de saúde. Lémbrolle que a unidade central operativa da Garda Civil está traballando e investigando xa na segunda fase desta operación, a conexión sanidade, os organismos e institucións públicas que contrataron con Cofely, e a Xunta de Galicia non é allea a isto. Entón, como vostede di e fala do que lle dá gana e nos conta as fases —eu non sei xa se é o “encontro na terceira fase” do hospital—, pois eu tamén falo do que quero. E voulle preguntar que nos aclare cando nos van trasladar esa información e que ademais nos aclare, se ten vostede a ben ou se lle apetece hoxe,

cando nos van aclarar esa incongruencia entre os prazos que hai para licitar a totalidade do proxecto e os prazos que temos para execución dos fondos Feder. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Solla.

Turno de peche da señora conselleira de Sanidade.

A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Mosquera Álvarez): Señora Solla, non hai ningunha incongruencia.

Mire, o que lle estaba intentando explicar é que, unha vez licitado, adxudicado e realizado o proxecto pola empresa á que vostede fai referencia, gañado nun concurso público por ser a oferta máis barata, unha vez entregado ese proxecto houbo que supervisalo. E a licitación da obra realizouse o 22 de xuño, no DOG do 22 de xuño do 2014, por un importe —a licitación— de 9.752.000. Pero como lle explicaba, hai varias fases. E, dentro destas fases, o que está moi claro é que o que hai que executar no ano 2015 son as fases suficientes para cubrir a aportación dos fondos Feder. E isto é o que se vai facer. O Fondo Feder, para licitalo durante o ano 2014, tiña que estar nos presupostos do 2014, porque é imperativo que estea nos presupostos do 2014. Como non se vai executar, van transferirse eses fondos para o ano 2015 e vanse executar no ano 2015, e isto é así. E as fases seguintes adxudicáranse a continuación... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Señora Acuña, que non está vostede... *(Risos.)*

Reitero, señorías, non hai ningunha incongruencia no prazo de execución. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Os fondos Feder van ser executados todos no ano 2015, e a continuación executarase o cofinanciamento e os prazos que se executan. E si é verdade que xa hai un plan que xa foi presentado aos traballadores, un plan de traballo para poder compatibilizar as obras e ao mesmo tempo seguir coa asistencia sanitaria. É certo que é moi complexa a obra, porque tiñamos unha parcela moi complexa e porque é necesario manter a asistencia sanitaria durante o tempo que dure a obra, porque non se pode parar a asistencia sanitaria durante ese tempo. Está o proxecto perfectamente feito. A empresa Cofely o que vai facer é a dirección de obra, como está recollido no contrato que se firmou no ano 2013, e a cons-

trución da obra realizaraa algunha das empresas das 17 empresas que presentaron ofertas de construción para este proxecto. Para dicir vostede que non... Hai 17 empresas que presentaron ofertas a este proxecto. Evidentemente, neste momento estanse avaliando esas ofertas, e antes de que remate o ano estará en construción o Hospital do Salnés, hospital que, desde logo, vai significar unha mellora moi importante para todos os cidadáns do Salnés e tamén para os profesionais.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora conselleira.

Pregunta de D. Vidal Martínez-Sierra López e oito deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre as medidas que está a desenvolver o Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario referido á atención aos pacientes oncolóxicos da Mariña lucense no Hospital da Costa, en Burela

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Para formular a pregunta, ten a palabra o señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señor presidente.

Señora conselleira, segundo varias estimacións, cada ano en torno a un centenar de veciños da Mariña lucense afectados por diversos tipos de enfermidades oncolóxicas, por cancro, vense na obriga de desprazarse ás cidades de Lugo e da Coruña para recibir asistencia médica, para recibir diversos tratamentos de quimioterapia.

Isto implica un trastorno tanto para o paciente como tamén para as persoas que o acompañan, xeralmente familiares, polo desprazamento en si; ata Lugo, unha hora e trinta minutos, e ata a cidade da Coruña, algo menos de dúas horas. Pero tamén polas molestias propias dos efectos secundarios da quimioterapia, combinados coa necesidade de desprazarse en coche ou en ambulancia.

Sabedores desta situación, o Grupo Parlamentario Popular e a Consellería de Sanidade veñen traballando na procura dunha solución. A máis acaída pasa por que os enfermos de cancro poidan recibir o tratamento en Burela sen necesi-

dade de desprazamentos e no propio Hospital da Costa, coa supervisión de persoal sanitario e naqueles procesos oncolóxicos que así o permiten.

Sobre esta petición en particular existe ademais un mandato expreso do propio Parlamento de Galicia. Con data do 10 de outubro de 2013, por instancia do Grupo Parlamentario Popular, esta Cámara pedía á Xunta atender os pacientes oncolóxicos da Mariña no lugar máis próximo ao seu domicilio, e neste caso no Hospital da Costa. Un acordo que prosperaba co voto favorable do grupo autor, do Grupo Popular, e tamén co apoio do Bloque Nacionalista Galego, pero sen o apoio, inexplicable, do Partido Socialista e de AGE, que desprezaban deste modo os enfermos de cancro. (*Murmurios.*)

Temos constancia de que o Goberno galego, o Sergas, vén impulsando as medidas necesarias para cumprir este acordo, para asumir este compromiso, para dar resposta a esta demanda social e tamén dos alcaldes e portavoces do Partido Popular nos concellos da Mariña que así tomaron o acordo. Pero sobre todo, señora conselleira, cumpre o compromiso cos enfermos do cancro, e faino impulsando as obras de adaptación necesarias e organizando os medios técnicos e humanos precisos, e é polo que lle preguntamos, señora conselleira, qué medidas concretas desenvolve o seu departamento para dar cumprimento a este acordo parlamentario.

Nada máis e moitas grazas, señor presidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Balseiro.

Resposta da conselleira de Sanidade.

A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Mosquera Álvarez): Grazas, señor presidente.

Grazas, señoría.

Boa tarde novamente.

O hospital de día oncohematolóxico do Hospital da Mariña será mañá, día 13 de novembro, unha realidade. Para mañá están citadas as tres primeiras consultas de dixestivo e catro novos casos que van pasar a un comité de tumores.

Para implantar este novo servizo, como vostede ben dicía, foi necesario acometer obras de reforma tendentes a adaptar os espazos necesarios para tal fin. O hospital de día oncohematolóxico do hospital de Burela, o Hospital da Mariña, atópase emprazado na planta baixa do hospital. Ocupa unha superficie de 120 metros cadrados nos que se sitúan unha consulta médica, unha sala de espera, os aseos correspondentes, a sala de tratamento oncohematolóxico con doce postos e dúas camas, o control de enfermería e a distribución que facilita a privacidade dos usuarios. Ademais, foi necesario tamén unha reestruturación da plantilla e adaptar o servizo de farmacia, que será o que se encargue de preparar os tratamentos.

A área sanitaria de Cervo-Burela conta con 14 concellos, cunha poboación de 71.353 habitantes a 1 de xaneiro de 2014. Desta área, o Servizo de Oncoloxía do Hospital Lucus Augusti atendeu máis de 50 pacientes no ano 2013, e o Centro Oncolóxico de Galicia, o da Coruña, atendeu máis de 150 pacientes novos. Cos datos estatísticos que hoxe temos, temos a previsión de que pode haber nesta área uns 243 pacientes ao ano. A partir da posta en funcionamento deste novo servizo poderáselle administrar o tratamento e facer o seguimento aos pacientes, evitando así o desprazamento tanto ao Hospital Lucus Augusti como ao oncolóxico da Coruña, de maneira que se permita un mellor acceso dos pacientes a estes tratamentos quimioterápicos.

Polo tanto, segundo as previsións de actividade, o hospital de día oncohematolóxico atenderá, como dicíamos, en torno a douscentos pacientes ao ano, onde se realizarán todas as revisións, os controis e o tratamento que estes precisan.

Comezará a funcionar, como xa digo, a semana que vén e comezará polo servizo de cirurxía. E progresivamente, se se comproba o seu correcto funcionamento –e non ten por que non ser así–, irase aumentando o número de servizos e o número de patoloxías oncolóxicas a tratar no mesmo.

Comezar a administración dos tratamentos de quimioterapia no Hospital da Costa supuxo tamén reestruturar a plantilla de profesionais. A nova área será atendida polos oncólogos adscritos ao Servizo de Oncoloxía do Hospital Lucus Augusti, peza clave que garante non só que se poida levar a cabo a prestación senón tamén que se realizará por oncólogos perfectamente entrenados e con...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, grazas, conselleira.

(Aplausos.)

Réplica, señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Grazas, señor presidente.

Moitas grazas, señora conselleira pola relevancia da súa resposta, pero tamén pola sensibilidade amosada e sobre todo... *(Murmurios.)* ¡Home!, eu creo que estamos a falar dun tema serio, eu diríalles aos deputados e deputadas que estamos a falar dun tema serio.

Sobre todo, conselleira, por buscar unha solución a un problema que existía e que afortunadamente, segundo acaba de dicir vostede, ten unha alternativa. Algo que ata agora era unha posibilidade, nun espazo curto de tempo vai ser un feito.

E por moito que lles doa a algúns, este hospital que aseguraban que iamos pechar, este hospital que aseguraban algúns que o estabamos desmantelando, este hospital que aseguraban algúns que o iamos deixar convertido nun ambulatorio, pois este hospital gaña servizos, este hospital gaña prestacións sanitarias e este hospital gaña en atención aos seus pacientes.

E hai quen non nos apoiou no seu momento cando trouxemos esta iniciativa ao Parlamento de Galicia, e agora dinnos que nos movemos por época electoral. E eu dígolle, señora conselleira: vostede faga o seu traballo e, sexa a fecha que sexa, vostede poña a funcionar este servizo tan necesitado para a nosa comarca. Pero os datos son os datos, señora conselleira, e é certo que na Mariña de Lugo veu mellorando moi notablemente a sanidade, con este hospital de día oncohematolóxico con máis de 2,2 millóns de euros en obras no hospital desde que o señor Feijóo é presidente da Xunta de Galicia, cunha unidade de atención a domicilio, cos novos ecógrafos e vías rápidas contra o cancro, coa nova ala de maternidade e co proceso máis ambicioso de todos, señora conselleira, que esperamos que o Goberno de Galicia vai levar adiante, estamos seguros, que é a futura ampliación do Hospital da Costa.

Por iso, señora conselleira, desde o Grupo Parlamentario Popular, desde o Goberno de Galicia incluído o seu presidente, podemos estar moi orgullosos...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Balseiro.

Grazas señor Balseiro, concluíu o seu tempo.

(Aplausos.)

Turno de peche, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Mosquera Álvarez): Grazas, señor presidente.

Pois si, é verdade, a pesar dos vaticinios agoireiros que se escoitaron, tanto aquí como na Mariña, de que coa estrutura de xestión integrada o que iamos conseguir era pechar o hospital da Mariña, e que iamos a destrozarmos os servizos e empeorar a calidade, a verdade é que nada máis lonxe da realidade. Estase a potenciar o hospital da Mariña, estanse facendo cada vez máis servizos, e moitas son as actuacións que se fixeron nestes últimos anos.

Como vostede dicía algunhas, eu vou referir algunhas máis, como é a sala de endoscopias dixestivas e a renovación da que xa existía. Hoxe o hospital conta con dúas salas de endoscopias, que evitan moitos desprazamentos a Lugo e que melloran significativamente a capacidade resolutiva dos profesionais deste centro.

Tamén a adaptación dos novos espazos de urxencias, que fixeron posible poñer en marcha o Manchester, o que mellorou de maneira significativa a atención aos pacientes en urxencias segundo a súa patoloxía.

A hospitalización a domicilio, que leva atendido xa máis de 110 pacientes; 60 deles, infectocontaxiosos. Isto, evidentemente, mellora moito a atención aos propios pacientes, pero tamén a todo o hospital, evita riscos aos pacientes ingresados.

A reparación da área cirúrxica, que, sen dúbida, mellora a seguridade dos pacientes dunha maneira clara.

Tamén a substitución das caldeiras de biomasa, que suporán un aforro moi importante tanto de consumo enerxético como de emisión do CO₂ á atmosfera.

Todo isto leva máis de 2.200.000 euros nos últimos anos.
(Murmurios.)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): ¡Silencio, por favor!

A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Mosquera Álvarez): E tamén este gran proxecto da oncoloxía, que eu creo que é un dos proxectos máis ambiciosos e do que nos sentimos máis satisfeitos. Porque, ademais, vai permitir manter a calidade do servizo, ao ser os propios oncólogos do hospital Lucus Augusti os que se trasladan. O que sempre dixemos: que na estrutura de xestión integrada son os profesionais os que se trasladan para evitar que se trasladan os pacientes. Isto é unha realidade a partir de mañá.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora conselleira.

Pregunta de D^a María do Carmen Adán Villamarín, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa situación de desprotección en que se atopan as persoas discapacitadas do Centro San Francisco, de Vigo

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Adán.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, presidente.

Boa tarde.

En primeiro lugar, quero saudar as persoas usuarias do Centro San Francisco de Vigo, as persoas familiares que as acompañan e as e os traballadores, que ademais tiveron que quedar a comer hoxe no Parlamento. Agardamos que esta Cámara sufrague esa comida, dado o mal ordenamento ou, desde logo, as malas previsións que tivo a Presidencia desta Cámara, e tamén o que significou para estas persoas.
(Aplausos.)

Pero aquí están, señora conselleira, porque queren escoitala a vostede; a vostede, que dirixe un departamento de Benestar sen corazón, sen ningún tipo de corazón; a vostede, que dirixe un departamento de Benestar vulnerando os dereitos das persoas con discapacidade psíquica e tamén os dereitos dos e das traballadoras; a vostede, que decidiu primar os intereses dunha empresa privada e deixar a estas persoas tiradas.

Mais hoxe temos na man a resolución da adopción de medida provisional, que, segundo o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, di exactamente o seguinte: “...que resolve manter a suspensión do expediente de contratación en relación cos lotes 1 e 2, de forma que, segundo o establecido no artigo 47.4 do texto citado, será a resolución do recurso a que acorde o levantamento. Isto atendendo á última resolución do Valedor do Pobo”.

Polo tanto, con esta resolución na man, señora conselleira, co expediente neste momento paralizado, queremos preguntarlle qué vai facer agora vostede. Nós entendemos que debe rectificar, deber rectificar e asumir as súas responsabilidades políticas, debe rectificar e manter o financiamento deste centro neste momento, debe manter os e as traballadoras que están coidando destas persoas. E sobre todo debe centrarse nos intereses das persoas con discapacidade e non nos intereses dunha empresa privada. Vostede hoxe, ademais, debe desculparse con todas estas persoas, ás que no anterior pleno, dunha forma absolutamente incomprensíbel, insultou. Debe rectificar polas súas palabras no anterior pleno, debe rectificar polo concurso que sacou sabendo que vulneraba os dereitos destas persoas. Debe rectificar e manter as prazas do Centro San Francisco, manter os postos de traballo, e dende logo dar outra visión do que é o benestar e do que son os dereitos das persoas con discapacidade.

Señora Mato, a xestión da súa consellería en Benestar é absolutamente nefasta, e esta é unha imaxe moi gráfica. Rectifique. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Adán.

Resposta da conselleira de Traballo e Benestar, dona Beatriz Mato.

A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero): Moitas grazas, presidente.

Tratarei de ser nesta contestación, se cabe, máis acertada do que fun na pasada semana, para tentar ser clara e clarear cal é a situación na que se atopa esta entidade, cal é a situación dende o punto de vista do Goberno da Xunta de Galicia.

Na nosa comunidade hai 200 centros para a atención ás persoas con discapacidade; deles, con 124 temos dende a Xunta de Galicia prazas concertadas, o que supón 4.000 prazas públicas para a discapacidade en toda Galicia.

En concreto, na zona do concello de Vigo, na zona do contorno de Vigo, hai 10 centros de atención á discapacidade, onde temos concertadas 560 prazas en total. Centros que, evidentemente, todos fixeron moito esforzo, moito traballo, para ter todas as cousas ben feitas para que a Administración puidera firmar con eles un contrato de servizo que precisamos. Todas estas prazas, dende a primeira ata a última, foron outorgadas por concursos –todas, todas as prazas–, por concursos, ademais –maioritariamente, o 80 % delas– abertos; é dicir, abertos, onde se poden presentar todo tipo de entidades sociais, e evidentemente tamén privadas.

De todos estes concursos, máis do 90 % foi gañado por entidades asociativas, por entidades que xa están á fronte de centros. É dicir, este non é o primeiro caso na Xunta de Galicia no que nos atopamos cun concurso público para dar prestación e para dar prazas públicas. E pódolle garantir que fixemos todo o posible, no marco da legalidade, con todas estas prazas, mesmo para que as persoas con discapacidade que xa se atopaban neses centros que agora teñen prazas concertadas puideran quedar neses mesmos centros. E volvo repetir: todo o posible no marco da legalidade para que as persoas que xa estaban neses centros quedaran neses centros baixo prazas públicas.

Sempre foi vontade desta consellería traballar coas entidades sociais que ofrecen recursos á discapacidade. E quero afirmar nesta Cámara, tentando ser o máis clara posible, que esta conselleira, esta conselleira, ten feito todo o posible para chegar ata os límites legais para, durante cinco anos, garantir a atención destas setenta familias, das que hoxe está aquí unha representación. Ano tras ano, dende hai cinco anos, asinei convenios –e, volvo repetir, rozando o límite da legalida-

de-, ata cinco veces, para que Agasfra puidera solucionar e para que estas setenta familias puideran ser atendidas. De feito, e por vontade tamén desta consellería, teñen os tres centros desta entidade vías provisionais, que non definitivas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, conselleira.

Réplica, señora Adán.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Si, grazas.

Vexo, señora conselleira, que moderou as súas palabras, mais as persoas que están nesta tribuna están agardando a que lles pida desculpas, están agardando unha rectificación. Non vale agora con baixar o ton, pídalles desculpas polo que dixo no anterior pleno.

E, segundo, lea o informe do Valedor do Pobo do 23 de outubro dirixido a vostede mesma –ao seu departamento–, no cal di exactamente: “En conclusión, da análise feita dedúcese que existían alternativas legais para manter o sistema de financiamento público das prazas de Agasfra, algo usual con anterioridade e que permanece mediante o chamado concerto social. Ou, polo menos, sería posible que o proceso concorrencial ou competitivo contara coas previsións de discriminación positiva que resultan lóxicas nestes casos; en especial a vontade dos afectados debería terse respectado ou tido en conta de forma relevante. Non debe esquecerse que os usuarios están no centro porque así o queren eles, ou os seus representantes. Ninguén mellor ca eles ou os seus achegados para valorar onde se atopan mellor atendidos, en qué forma desexan desenvolver a súa vida para propiciar e garantir a súa integración e os seus dereitos, e para evitar que non se produzan discriminacións ou prexuízos perfectamente evitables. Entre os principios propios deste tipo de concertos sociais e discriminación positiva, sempre destacan os de [...], elección persoal, continuidade ou estabilidade”.

E vostede iso non o fixo, dío o Valedor do Pobo, e así mesmo o asume esta resolución do 7 de novembro. Agora, señora conselleira, debe rectificar, está paralizado o expediente.

Polo tanto, vostede debe, por unha banda, dar continuidade, porque neste momento quere saber a entidade se vostede vai seguir financiando a entidade durante estes meses, debe dar continuidade a esas prazas, e debe garantir os postos de traballo das persoas formadas...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Adán.

(Aplausos.)

Turno de peche, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero): Aínda que non é a miña función corrixir a unha deputada –estou convencida, ademais, de que o sabe–, sabe perfectamente que ese informe non é o informe definitivo, que é un informe aclaratorio no que solicita información á consellería. O informe definitivo do Valedor aínda non está presentado.

Non en van, de todos os xeitos, o máis importante para min é tentar clarear a situación dende o punto de vista desta consellería para esta institución.

O amparo mellor que eu lles podó dar ás familias e sobre todo ás persoas con discapacidade, como goberno, evidentemente é unha praza pública. Ese é o noso obxectivo dende que chegamos á nosa lexislatura, e por iso medramos en prazas públicas para a discapacidade. Pero por concretar o exemplo, esta entidade da que estamos a falar ten tres centros, e en dous deles temos concertadas 85 prazas. É dicir, seguimos o procedemento de concurso, seguimos facilitando a posibilidade de que teña un PIA, démoslle a oportunidade de que, ao longo deste tempo, ese PIA se convertera de provisional en definitivo. Non ten aínda ningún PIA definitivo, pero evidentemente a vontade é, para garantir o mellor amparo, dar prazas públicas.

Eu non veño aquí a falar do meu corazón, señoría, porque lle podó garantir que, aínda que non o crea, o teño. Pero o que teño que cumprir e o que me pide un xuíz, se algunha vez teño que estar diante del, non é o meu sentimento, senón o cumprimento da legalidade. E gústelle a vostede ou non lle guste, para ter prazas públicas concertadas nun centro teño que facelo por concurso público, e máis cando hoxe en día na cidade

de Vigo hai 25 prazas libres públicas ás que poden optar todas as persoas con discapacidade. É dicir, hai máis centros que prestan o mesmo servizo, e a única garantía que lle podo ofertar de praza pública é facer un concurso público, que opte e, evidentemente, teña a mellor puntuación, como así a tiveron o 90 % das entidades asociativas que se presentaron a concurso público e que conseguiron estas prazas públicas.

E a ver se teño oportunidade agora de ratificar o que a esta entidade xa lle dixen hai máis dun mes: temos a oportunidade de falar cando queiran. Evidentemente, agora as canles legais están paralizadas porque se presentou un recurso. No momento en que este recurso estea resolto, evidentemente volverei falar con esta entidade para ver as liñas de colaboración que podo facer con eles, pero non para concer-

tar prazas. A única maneira de manter unha praza pública é por concurso público. As liñas de colaboración que poidan existir con esta entidade e con calquera outra será unha negociación conveniada de dous. Isto non é a primeira vez que o digo, téño dito moitas veces, a esta entidade e a todas as entidades.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora conselleira.

Esgotados os puntos da orde do día, érguese a sesión.

Remata a sesión ás cinco e vinte e tres minutos da tarde.

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1.- Acuña do Campo, Carmen	(PSdeG-PSOE)
2.- Adán Villamarín, María do Carme	(BNG)
3.- Arias Veira, Pedro	(PP)
4.- Baamonde Díaz, Agustín	(PP)
5.- Balseiro Orol, José Manuel	(PP)
6.- Beiras Torrado, Xosé Manuel	(AGE)
7.- Blanco Paradelo, Moisés	(PP)
8.- Burgo López, Concepción	(PSdeG-PSOE)
9.- Caamaño Domínguez, Francisco	(PSdeG-PSOE)
10.- Camino Copa, Angel	(PP)
11.- Castiñeira Broz, Jaime	(PP)
12.- Díaz Pérez, Yolanda	(AGE)
13.- Docasar Docasar, Vicente	(PSdeG-PSOE)
14.- Dorado Soto, Javier	(PP)
15.- Fajardo Recouso, Juan Manuel	(AGE)
16.- Fariñas Sobrino, Hipólito	(PP)
17.- Fernández Fernández, Raúl	(PSdeG-PSOE)
18.- Freire Abeijón, Santiago	(PP)
19.- Gallego Calvar, Carmen	(PSdeG-PSOE)
20.- Gallego Lomba, José Manuel	(PSdeG-PSOE)
21.- García García, Pablo	(PSdeG-PSOE)
22.- García Pacín, Isabel	(PP)
23.- Gómez Alonso, Alejandro	(PP)
24.- González Santín, Juan Carlos	(PSdeG-PSOE)
25.- Guerra Fernández, Javier	(PP)
28.- Iglesias Sueiro, Carme	(M)
26.- Iñiguez Martínez, Jaime	(PP)
27.- Jorquera Caselas, Francisco	(BNG)
28.- Losada Alvarez, Abel	(PSdeG-PSOE)
30.- Martínez García, María Consuelo	(M)
31.- Martínez-Sierra López, Vidal	(PP)
32.- Méndez Romeu, José Luis	(PSdeGPSOE)
33.- Mourino Villar, Antonio	(PP)
34.- Nóvoa López, Enrique	(PP)
35.- Núñez Centeno, Aurelio	(PP)
36.- Núñez Feijóo, Alberto	(PP)
37.- Oubiña Solla, Rosa	(PP)
38.- Pardo López, Carmen	(PP)
39.- Paz Franco, María Tereixa	(BNG)
40.- Pazos Couñago, José Alberto	(PP)
41.- Pérez Hernández, Berta	(PP)
42.- Piñeiro Martínez, Marisol	(PP)
43.- Pombo Rodríguez, Cosme Eladio	(BNG)
44.- Pontón Mondélo, Ana Belén	(BNG)
45.- Pouso Maneiro, Herminia	(PP)
46.- Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
47.- Prado del Río, Paula	(PP)
48.- Prado Patiño, Miguel	(PP)
49.- Puy Fraga, Pedro	(PP)
50.- Quintas Alvarez, María	(PSdeG-PSOE)
51.- Rodas Chapela, Daniel	(BNG)
52.- Rodríguez Arias, Marta	(PP)
53.- Rodríguez Barreira, Julia	(PP)
54.- Rodríguez González, Román	(PP)
55.- Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta	(PP)
56.- Rojo Noguera, Pilar	(PP)
57.- Romero Fernández, Cristina	(PP)
58.- Ron Fernández, José Javier	(AGE)
59.- Rueda Valenzuela, Alfonso	(PP)
60.- Sánchez Bugallo, José Antonio	(PSdeG-PSOE)
61.- Sánchez García, Antón	(AGE)
62.- Santalices Vieira, Miguel	(PP)
63.- Santos Pérez, Ramón	(PP)
64.- Santos Regueiro, Francisco	(PP)
65.- Sestayo Doce, Beatriz	(PSdeG-PSOE)
66.- Solla Fernández, Eva	(AGE)
67.- Soneira Tajés, María Soledad	(PSdeG-PSOE)
68.- Tellado Filgueira, Miguel	(PP)
69.- Trenor López, Gonzalo	(PP)
70.- Val Alonso, José Ramón	(PSdeG-PSOE)
71.- Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luis	(PP)
72.- Vázquez Abad, Jesús	(PP)
73.- Vázquez Díaz, Ramón	(AGE)
74.- Vázquez Fernández, Manuel	(PSdeG-PSOE)
75.- Vilán Lorenzo, Patricia	(PSdeG-PSOE)



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25